

Axenda Urbana de Santiago

PLAN DE ACCIÓN

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. DOCUMENTO ESTRATÉGICO PROPOSITIVO E DE CONSENSO AXENDA URBANA 2030 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	5
GIS 1. ECONOMÍA	6
GIS 2. DIMENSIÓN CIDADÁ. BENESTAR, SAÚDE, CIDADANÍA	10
GIS 3. CIDADE COMPACTA, TERRITORIO E MOBILIDADE	12
GIS 4. INCLUSIÓN, EQUIDADE, XUSTIZA SOCIAL	15
GIS 5. EDUCACIÓN, ARTE E CULTURA	17
GIS 6. SOSTIBILIDADE E TRANSICIÓN VERDE	21
3. MARCO ESTRATÉGICO AXENDA URBANA 2030 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	24
3.1. Dimensións estratéxicas e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela	24
3.2. Liñas de acción da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela	27
3.3. A Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela como plan de acción local da Axenda Urbana Española	30
4. PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA 2030 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	37
5. MODELO DE GOBERNANZA: PROPOSTA METODOLÓXICA E ORGANIZATIVA DO SEGUIMENTO E IMPULSO DAS ACTUACIÓNS	167
5.1. Introducción	167
5.2. Modelo de gobernanza da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela	167

1. Introducción

Santiago de Compostela, como cidade histórica e referente cultural de España e Europa, conta cunha **ampla experiencia en planificación urbana e conservación do seu patrimonio**, o que lle permitiu obter numerosos **recoñecementos internacionais** como a declaración de **Patrimonio Mundial pola Unesco**, o **premio UN-Hábitat** da ONU ou ser a **Capital Europea da Cultura**. Esta planificación **do seu modelo urbano** e o seu patrimonio histórico fíxose baixo unha **formulación de intervención integradora**, desde unha perspectiva **ambiental, social e económica**, abarcando diferentes ámbitos de interese da cidade e garantindo a súa **habitabilidade e sostibilidade**, o que converteu a Santiago nun referente para outras cidades.

Coa elaboración da súa Axenda Urbana, Santiago de Compostela continua á **vanguardia das cidades españolas**, ao ser unha das **128** seleccionadas polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a realización do **seu Plan de acción local da Axenda Urbana Española** como **proxecto piloto** no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Ao longo do presente documento formúlanse diferentes propostas que xorden do **amplio traballo participativo desenvolvido a través da dirección executiva da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela**. Tomando como punto de partida o diagnóstico previo do municipio, o marco estratéxico e o plan de acción que se presentan a continuación arrincan **cun documento estratéxico propositivo**, referendado no mes de xullo de 2022 no Consello Económico e Social de Santiago de Compostela, erixido como o órgano principal de gobernanza durante o proceso de elaboración da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela e garante futuro do seu impulso e seguimento. No devandito órgano están representados os grupos políticos municipais, ademais da Universidade de Santiago, os principais sindicatos, Compostela Monumental, Área Empresarial do Tambre, Asociación Punto Compostela, Fundación Santiago Centro, Hostalería Compostela, Confederación de Empresarios de Galicia, Cámara de Comercio e Círculo Financeiro.

Este documento **estratéxico propositivo e de consenso** recolle o traballo desenvolvido nos **seis grupos específicos de participación e gobernanza** (denominados GIS-) que se puxeron en marcha durante o proceso de elaboración da Axenda Urbana de Santiago: GIS1 Economía, GIS2 Dimensión cidadá, GIS3 Cidade compacta, territorio e mobilidade, GIS4 Inclusión, equidade, xustiza social, GIS5 Educación, arte e cultura, GIS6 Sostibilidade e transición verde, coa dixitalización, a perspectiva de xénero e **a diversidade lingüística, o coñecemento e os recursos da lingua e da cultura galega de xeito transversal**.

O **marco estratéxico da Axenda Urbana 2030** de Santiago de Compostela (en diante, AUS) estrutúrase en **seis dimensións**, cada unha das cales é o resultado do traballo no seo de cada un dos GIS, **27 obxectivos estratéxicos propios e 44 liñas de acción**, concretados todos eles coa colaboración do persoal técnico municipal a partir da información recollida no **documento estratéxico propositivo e de consenso que se presenta a continuación** e que constitúe a base sobre a que se sustenta todo o **plan de acción da AUS**.

As **44 liñas de acción**, coas súas respectivas actuacións, que conforman o plan de acción da AUS, **contribúen aos 10 obxectivos estratéxicos e 30 obxectivos específicos** da **Axenda Urbana Española (en diante AUE)**, así como aos **obxectivos de**

desenvolvemento sostible da Axenda 2030 de Nacións Unidas, tal e como se evidencia en cada unha das fichas informativas elaboradas por cada liña de acción.

Por último, a **AUS** inclúe tamén a **definición de modelo de gobernanza específico** para a **fase de implementación**, que arrinca unha vez aprobado o plan de acción, na cal os órganos de participación e gobernanza desempeñarán un importante papel para o impulso e o seguimento do desenvolvemento e execución das distintas actuacións.

2. Documento estratéxico propositivo e de consenso Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela

A **dirección executiva da Axenda Urbana 2030** de Santiago de Compostela foi responsable de concibir e reunir as comisións técnicas e organizar diferentes actividades de exploración para recompilar as propostas que configuren o plan de acción da AUS. Desde marzo ata xullo do ano 2022, a dirección executiva organizou seis grupos de impulso e seguimento (GIS), aos que reuniu en múltiples ocasións, de maneira individual e despois conxunta, para elaborar un documento de propostas acordado polas persoas participantes, entre as que se atopaban **todos os grupos e formacións políticas representadas no Concello** e distintas entidades, asociacións e grupos de interese. Ao longo do proceso incluíronse tamén as reflexións e propostas chegadas por diferentes vías habilitadas para o efecto.

O obxectivo xeral desta fase foi concibir, desde o maior consenso posible, a Compostela do 2030 e elaborar un **documento propositivo** que alimente as accións expostas no plan de acción da AUS, dentro do marco de referencia estratéxica da Axenda Urbana Española. Con tal propósito, a partir do diagnóstico da cidade, discutíronse os aspectos fundamentais desta e acordáronse as medidas e accións específicas que deben formar parte do plan de acción local. O **seis grupos de traballo** constituídos abordaron os seguintes temas: base económica, dimensión cidadá, mobilidade e territorio, cohesión social, educación, patrimonio e arte, sostibilidade e transición verde, coa dixitalización, a igualdade de xénero e **a diversidade lingüística, o coñecemento e os recursos da lingua e da cultura galegas de xeito transversal**.

De forma paralela, a dirección executiva da Axenda Urbana 2030 reuniuse con numerosos axentes sociais e outras partes interesadas nos ámbitos temáticos que se ían abordar. Habilitáronse ademais outras vías de participación, a través da páxina web creada para o efecto www.axendaurbana2030santiago.gal, redes sociais (LinkedIn, Twitter, Facebook, Instagram), accións informativas e de recollida de propostas en centros socioculturais e educativos e outro tipo de eventos, como pode ser o Maker Faire Galicia, celebrado na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

A continuación, preséntase o documento estratéxico, propositivo e de consenso, organizado en función das achegas recollidas en cada un dos GIS:

GIS 1. ECONOMÍA

1. A diversificación da economía é un reto importante para a consecución dunha estrutura produtiva máis equilibrada e forte ante choques inesperados que afecten a algún dos actuais motores económicos da cidade. Esa diversificación na estrutura produtiva require, en primeiro lugar, da aposta por condicións excelentes para a atracción e a instalación de novas empresas, e para o crecemento das xa instaladas no territorio municipal e que contan cun notable potencial de expansión futura. O anterior pasa por avances en tres vectores principais:
 - a. O primeiro é o que ten que ver co espazo físico no que se desenvolve a actividade económica. É fundamental garantir a dispoñibilidade a moi curto prazo de parcelas para uso empresarial apropiadas en tamaño e prezo a diferentes proxectos, e que teñan acceso non só aos servizos básicos tradicionais, senón tamén a conexións de fibra de alta capacidade, fontes enerxéticas renovables ou infraestruturas que permitan unha xestión óptima dos residuos. En segundo lugar, hai que referirse aos espazos xa construídos e susceptibles de uso inmediato para oficinas, *hubs* corporativos etcétera. Hai que vixiar e anticiparse ao efecto que pode ter a intensificación de tendencias que reducen a demanda de espazos comerciais (comercio electrónico) ou de oficinas (teletraballo) no centro. É necesario telos identificados e, no seu caso, adaptalos a outros usos, respectando as pautas de convivencia harmónica coa contorna.¹ Con todo, a responsabilidade municipal vai máis alá da identificación e, xunto con outros entes, como pode ser o Consorcio, debe implicarse no desenvolvemento de programas de compra e rehabilitación de baixos e vivendas baleiras, sobre todo na cidade histórica, coa finalidade de aproveitalos para a dinamización de actividade económica de empresas, persoas autónomas, comercio etc.

Ao mesmo tempo, fai falta garantir que os polígonos para actividades económicas reserven o solo necesario para as actividades industriais, co obxectivo de non converterse en polígonos exclusiva ou maioritariamente comerciais, que traen consigo unha tripla problemática: baleirado da actividade comercial no centro, incremento innecesario da mobilidade (que maioritariamente se realiza con automóbil persoal) e efecto expulsión de usos industriais. Cómpre consolidar unha base industrial para Compostela, que achegue resiliencia á base económica, cohesión desde o punto de vista social e sostibilidade desde unha perspectiva económica e ambiental. O cambio debe producirse desde a comprensión das lóxicas e dinámicas coas que operan as persoas usuarias finais dos espazos que acollen as actividades económicas e resolver vellas reivindicacións e carencias para avanzar na dirección correcta.

1

Neste punto hai que referirse ao proceso que afecta a un número crecente de baixos comerciais que son abandonados por peche por xubilación, incluso tratándose de negocios especializados e rendibles. Habería que pensar en solucións de reposición das persoas titulares e evitar así o deserto de tendas e comercios especializados, necesarios para a vida da cidadanía, e non incrementar a oferta de tendas de recordos para atender turistas e visitantes. Complementariamente, o caso de Barcelona é particularmente interesante no referido a iniciativas para combater o monocultivo da restauración e o turismo masivo. En concreto, o programa «Impulsem el que fas» para abrir locais nos baixos que tentan facer máis amplo e diverso o tecido empresarial no centro.

- b. O segundo vector é o da burocracia. A Administración debe desenvolver os mecanismos necesarios e crear os equipos específicos para axilizar os procesos administrativos e implantar a administración dixital local. A experiencia unificada e o impulso á dixitalización da Administración local integrada debe abarcar todo o que supoña autorizacións e permisos municipais, co compromiso real e efectivo de períodos de resolución de expedientes curtos, situados nos mínimos que recolla a lexislación. Este compromiso esixe unha auditoría externa de procesos, para detectar os problemas e realizar os cambios precisos que resulten desta, coa consecuente amoestación ou sanción no caso de incumprimento. Así mesmo, no caso de proxectos que superen un determinado limiar de investimento ou xeración de emprego, debe habilitarse un proceso específico, a través dunha xanela única cunha persoa responsable que se encargue de tramitar, axilizar e supervisar o procedemento en tempo real e servir de interlocutora entre as potenciais actividades investidoras e a Administración. A experiencia dos concellos portugueses na última década é unha referencia particularmente interesante polo seu éxito e pola proximidade xeográfica, cultural e institucional, no espazo das cidades do Eixo Atlántico.
 - c. O terceiro vector ao que hai que referirse é o das infraestruturas pendentes, a potenciación da intermodalidade no transporte e os servizos que aproveitan as devanditas infraestruturas. En particular, o sistema de transporte debe gañar en sostibilidade e dixitalización, pero tamén en eficiencia para as persoas usuarias, o que pasa por potenciar modos de transporte públicos como o tren, tanto para pasaxeiros como para mercadorías, e o autobús.
2. En todo caso, o anterior non é suficiente. Sobre a base do dato de calidade e dunha información en tempo real, é necesaria unha actuación máis proactiva, deseñada e implementada desde o Concello en colaboración con outros axentes públicos e persoais que operan na cidade. Para iso é fundamental contar con recursos humanos co perfil adecuado para dinamizar investimentos e coordinar accións que permitan facer de Santiago de Compostela un lugar atractivo para a actividade empresarial, en xeral, e industrial, en particular. Ferramentas xa existentes, como CERSIA ou UNINOVA, poden dar acubillo a esa nova división de captación de investimentos e industrias con alto valor engadido. Pero cómpre facer un márketing diferente, pór o foco nas súas fortalezas e oportunidades. En definitiva, incluír o empresarial na actual marca-cidade no campo universitario, cultural ou turístico; sen perder de vista que o benestar e a calidade de vida dunha cidade é un elemento importante tamén para atraer o capital humano necesario para a captación de investimentos e a implantación de novas empresas.
3. É particularmente relevante a aposta por iniciativas que teñan un forte compoñente de coñecemento avanzado, tecnoloxía e dixitalización, campos nos que a cidade ten vantaxes comparativas pola presenza da Universidade de Santiago de Compostela (USC), con centros e grupos de investigación innovadores e destacados en ámbitos e sectores industriais de futuro (saúde e novos fármacos, biotecnoloxía...). No mesmo sentido, o complexo hospitalario podería exercer un importante efecto de arrastre sobre novas iniciativas empresariais. A aposta pola nanotecnoloxía, a biotecnoloxía, a intelixencia artificial e outras como o tratamento e a transformación da madeira teñen un percorrido significativo. Non se pode deixar pasar a oportunidade de crear en Compostela un ecosistema bio. Simultaneamente, é fundamental promover e acompañar o emprendemento de base tecnolóxica, ao tempo que se garante un contorno no que as persoas emprendedoras teñan

oportunidades e atractivo para quedar, dar soporte financeiro a proxectos de *start-ups* de diversa natureza; en particular, no campo da biotecnoloxía, a medicina, as TIC e a intelixencia artificial. Hai que romper completamente as barreiras entre a USC, os sectores produtivos da cidade e o seu sector público para impulsar actividades de base tecnolóxica. Así como políticas, servizos e estruturas adaptadas ás demandas da poboación do século XXI, non só para consumo interno senón, sobre todo, para ser referentes neste tipo de ofertas que favorecen a exportación de produtos e a atracción de capital. En todo caso, o impulso desas novas actividades é compatible coa recuperación e a posta en valor dos oficios tradicionais.

4. Tamén cómpre avanzar en modelos económicos de alto valor engadido e creativo, baseados nos novos modelos de negocio e emprendemento e orientalos a cubrir as necesidades e principais fitos sociais. En particular, fai falta mirar á chamada «economía prateada» como unha panca de crecemento económico. Turismo, tecnoloxía, biomedicina, nanotecnoloxía, inmobiliario adaptado, servizos *silver tech*, demótica, outras formas de mobilidade, *connected health*, farmacia, produtos agroalimentarios e de proximidade, biosaudables, abren un campo de posibilidades económicas dentro do cal poden desenvolverse bens e servizos relacionados coa economía prateada nos que Santiago de Compostela ten vantaxes comparativas importantes.
5. A cidade ten ante si a oportunidade de redefinir a dialéctica entre o seu centro urbano e o seu extenso rural, recuperando unha actividade económica hoxe moi menor, pero que no pasado foi relevante. Un proceso que debe facerse ao abeiro de ideas-forza como a de «quilómetro cero» e impulso dos circuítos curtos e desenvolvemento da produción agraria sostible e de calidade e a recuperación de terras abandonadas. Santiago de Compostela podería converterse no espazo piloto en Galicia para unha revitalización da función hortícola, gandeira e, en xeral, de produción de alimentos de proximidade do anel rural que envolve as zonas máis densamente poboadas do municipio. En colaboración cos concellos da comarca, co apoio da Consellería de Medio Rural para aproveitar financiamento europeo e a nova lei de recuperación de terras, e cumprindo co que implica a adhesión de Compostela ao chamado «Pacto de Milán», fai falta reordenar o medio rural coa finalidade de sacar partido del como despensa de referencia en produtos diferenciados e de calidade para a poboación compostelá; para a Praza de Abastos, que podería reforzar o seu rol de mercado de produtos de proximidade de calidade; para o sector hostaleiro e, de aí, todas as persoas que visitan Santiago de Compostela; e para outros mercados. Mención especial merece o papel dos comedores escolares da cidade, que deben avogar por un modelo de alimentación sostible e de proximidade, cun valor pedagóxico engadido, así como de saúde a través da cociña dos hospitais. Esta estratexia de revalorización do contorno rural permitiría, simultaneamente, reequilibrar o territorio; a través do impulso á zona norte do concello, e diversificar o tecido produtivo, co desenvolvemento de novas actividades agroalimentarias en liña co Pacto Verde Europeo e a estratexia “da granxa á mesa” da Unión Europea. Para asegurar a súa viabilidade económica, estas actividades poderían integrarse en estruturas cooperativas e de economía social ou, en todo caso, en estratexias de transformación, comercialización e distribución conxuntas que respondan ás tendencias do mercado. A posta en valor do territorio rural, hoxe en estado de abandono, debe incluír tamén unha ordenación, diversificación e mellora produtiva e ambiental do amplo espazo forestal co que conta o concello. Recoñecendo que se trata dun reto complexo, dada a estrutura da propiedade da terra, Santiago de Compostela debe aspirar a construír no contorno da cidade unha nova paisaxe, con dimensión constitutiva de

- dereito para a cidadanía, sobre todo, para as persoas residentes e, de maneira complementaria, tamén para as visitantes. Unha paisaxe máis acorde cunha cidade Patrimonio da Humanidade, que axudaría ademais á prevención do risco de incendios, alto hoxe nalgunhas zonas do municipio e con tendencia a empeorar polos efectos do cambio climático. Esa nova relación entre a cidade e o seu contorno rural debería ir máis alá dos límites do municipio de Santiago de Compostela e construírse de maneira bidireccional.
6. Os 4-R que cómpre ter en conta fronte aos residuos: (reducir, reutilizar, reciclar e recuperar) deben marcar as políticas urbanas, comezando pola redución na xeración de residuos, así como fomentar a reciclaxe e a reutilización dos que se xeren. Estes poden incorporarse na lóxica da economía circular como elementos de fertilización na que poden colaborar de maneira activa entidades públicas como colexios, universidade e centros de saúde. Poderíase pensar nunha estratexia a escala comarcal ou mesmo galega, aínda por definir. Neste sentido, a Administración local debe servir como referente e lograr cero emisións contaminantes, reducir ao máximo os seus residuos e sensibilizar, á vez que formar, a poboación.
 7. A transformación da economía local e a promoción da produción de proximidade implica a creación de cadeas de valor local, e de oportunidades de investimento a través do fomento de iniciativas ás que a compra pública responsable e o fomento da economía circular poden axudar de maneira singular.
 8. No campo turístico, a cidade debe incidir nos cambios necesarios para a súa xestión sostible. O éxito da cidade levou a algúns problemas e desafíos apuntados no diagnóstico desta Axenda Urbana. Os fluxos turísticos e de visitantes deben ir máis alá do contorno da catedral e do centro histórico, para integrar todos os recursos cos que conta o concello e os seus arredores, con ricos circuitos culturais e patrimoniais, o que permitiría abrir novos vectores e modalidades de turismo especializado (cultural e científico, termal, deportivo, verde, patrimonial...) e a aposta por eventos culturais de prestixio, para contribuír así á súa desestacionalización. Ao mesmo tempo, é urxente atopar un novo equilibrio do desenvolvemento turístico do centro histórico para evitar que transforme a cidade na dirección que non desexa a maioría da cidadanía, condicionando o uso dos espazos públicos e persoais e, por tanto, dificultando a atención a outras necesidades para a poboación residente en Compostela e funcións básicas que garanten a diversificación da base produtiva. Para facer todo o anterior, é necesario reforzar a capacidade de ordenación e planificación turística no organigrama da Administración municipal.
 9. Santiago, capital da economía social no ano 2022, ten constatada a súa aposta por este tipo de modelo, cun peso específico superior á media galega e española. Con pouco menos do 4 % da poboación galega e ao redor do 5 % do PIB, é sede do 7 % das cooperativas e do dobre, ao redor do 15 %, de sociedades laborais. Un modelo económico que é sinónimo de éxito, tradición e modernización, á vez que de participación, horizontal e igualitario. Os actuais desafíos económicos e sociais teñen como fito atender as necesidades deste tipo de actividades, como pode ser o cambio de escala e a internacionalización, ao mesmo tempo que dotar a economía social de visibilidade e prestixio. Crecemento, innovación social e perspectiva de xénero é un trípode polo que Santiago debe apostar para potenciar este tipo de iniciativas, dándolle o lugar que se merece entre o tecido produtivo da cidade.
 10. No terreo da dixitalización, entendida en sentido amplo, Santiago de Compostela ten este fito como un activo e desafío estratéxico, para o que pode apostar por

diferentes liñas nas que conta con elementos clave no campo do coñecemento, pero tamén no empresarial. En particular:

- Aproveitar as fortes capacidades da USC no campo da intelixencia artificial; axudar a crecer e crear un escenario propicio para as spin-off. Simultaneamente, Santiago de Compostela debería ser líder na candidatura de Galicia para a localización fóra de Madrid da sede da futura Axencia española de supervisión da intelixencia artificial, articulando os recursos investigadores nos diferentes campus galegos.
 - Desenvolver un *hub* ou centro de operación en Santiago de Compostela e aproveitar o auxe do sector *fintech* (servizos financeiros en liña), de maneira que se dea impulso a un ecosistema de empresas baseado na atracción de capital, desenvolvemento do talento e colaboración público-privada⁴.
 - Aproveitar o nodo galego de ciberseguridade ao abeiro da Estratexia de Dixitalización de Galicia 2030 para atraer empresas do sector e dar impulso a novas firmas.
11. A sociedade desempeña un papel impulsor do cambio e do avance da cidade cara á dixitalización e ao apoderamento dixital, o que implica recoñecerlle á cidadanía dereitos dixitais e fomentar o coñecemento no uso das tecnoloxías. O Concello ten o deber de apoiar a poboación na dixitalización e de ofrecerlle alternativas para as xestións administrativas a través de, por exemplo, unha oficina única de realización de trámites para atender e garantir os dereitos de todas as persoas, sobre todo. as que teñen menos capacidade de acceso a estes procesos.
 12. O anterior debe ser compatible co equilibrio da economía local nun contexto global, o que require dun plan específico de actuación e acción para a protección dos comercios e locais emblemáticos da cidade histórica por parte do Concello.

GIS 2. DIMENSIÓN CIDADÁ. BENESTAR, SAÚDE, CIDADANÍA

13. A dimensión cidadá é o eixe fundamental ao redor do que xiran as urbes. Promover un concepto integral de benestar individual e colectivo, persoal e social ao longo de todo o ciclo vital das persoas é condición necesaria para o desenvolvemento de Compostela e o seu modelo de cidade, como lugar de traballo, de lecer, de residencia e vida. Activar a cidadanía, favorecer os hábitos de vida saudables, elaborar plans de cidade pensando nos coidados e no benestar, especialmente nas persoas máis vulnerables desde o punto de vista persoal, consolidan o sinal de identidade dunha cidade cosmopolita, aberta e acolledora como Santiago de Compostela. Unha cidade que é sede das institucións autonómicas, universitaria e símbolo de cultura universal debe apostar por un modelo que garanta os dereitos sociais, políticos e económicos da cidadanía, que logre a integración efectiva das persoas na vida comunitaria e a toma decisións corresponsables. En definitiva, o obxectivo debe ser a mellora da cohesión social e da calidade de vida nunha perspectiva de integración laboral, cultural e socioeconómica.
14. A garantía de cohesión social e de construción dunha cidade inclusiva e a práctica de políticas de solidariedade pasan por activar un conxunto de recursos municipais para persoas maiores: o envellecemento saudable, os espazos verdes, a promoción do lecer saudable, a humanización das rúas e demais infraestruturas públicas, a seguridade peonil, a accesibilidade á vivenda atendida, as redes comunitarias de participación cultural e lecer, e a redefinición do servizo de transporte colectivo ou a demanda. Simultaneamente, é fundamental situar as intervencións estratéxicas

no espazo domiciliario como eixe do propio sistema de atención socio-sanitario, primar a proximidade nos servizos de atención e pensar a localización das dotacións públicas acorde coas necesidades, á vez que crear servizos sociosanitarios que acollan as persoas no proceso intermedio entre unha estancia no hospital e a volta aos seus fogares. En paralelo, hai que atender as necesidades e demandas da xente nova, con especial atención ás situacións de risco .

15. Na procura dunha cidade viva e de barrios habitables, o contacto humano e o sentido comunitario definen a calidade urbana e a fortaleza da economía de proximidade. Dinamizar barrios consiste en conectalos, tamén as súas redes de equipamentos, de empresas, de familias, de administracións e do terceiro sector. Recuperar o pulso, apostar pola cohesión e achegar o que é auténtico, require do coidado da forma urbana e do compromiso e a alianza entre a veciñanza e os sectores económicos e culturais comprometidos ao redor dunha cidade sostible. As relacións que se poidan tecer entre a sociedade no seu conxunto axudan a soste-la a identidade, multiplican o talento e a creatividade ata dar corpo á cultura común e ao orgullo de pertenza ao grupo. Compostela debe apostar por ser unha cidade viva, que procure a rexeneración urbana á vez que conteña o baleirado do centro histórico. A través dunha aposta clara pola densificación dos centros poboacionais existentes, Santiago de Compostela aposta pola recuperación e exaltación do orgullo de pertenza.
16. Impulsar a realización de actividades de lecer saudables en conexión coa natureza, a comunicación e as artes, desenvolver prácticas e competencias de intelixencia emocional e benestar á vez que fomentar as habilidades brandas, o pensamento creativo e o benestar emocional, adaptados todos eles para cada grupo de idade.
17. Adaptar e diversificar o parque inmobiliario existente segundo as necesidades poboacionais e sociais. Existe un problema de acceso á vivenda agravado pola insuficiencia de oferta en alugueiro, vivendas baleiras que non están integradas no mercado, ademais doutros usos. Estes defectos nun elemento esencial e vital como é a vivenda expulsan a poboación a outros concellos, o que cambia a vida propia da cidade e altera a dinámica da poboación universitaria, polo que se fai preciso un redeseño e implantación dunha política activa de vivenda que teña como obxectivos:
 - a. Reter a xente nova que se independiza e recuperar parte das persoas que marcharon por falta de vivenda a prezos accesibles, pero que seguen facendo a súa vida diaria en Santiago de Compostela;
 - b. Planificar e controlar as vivendas turísticas, de maneira que sexan compatibles coa oferta de alugueiro común e permitan pautas de convivencia harmoniosa en barrios e edificios.
 - c. Resolver o problema da bolsa de vivenda baleira, non sempre identificada, e dar prioridade a reformas que recuperen condicións de habitabilidade. Mobilización de vivendas baleiras propiedade de particulares e institucións, así como unha aposta clara pola política de apoio á rehabilitación, con especial incidencia na rehabilitación enerxética.
 - d. De maneira paralela, avanzar nas diversas fórmulas de uso e acceso á vivenda, como o *cohousing*, a vivenda colaborativa e outros sistemas que lles permitan ás persoas vivir como desexan, no seu fogar ou, polo menos, no contorno que decidan durante todo o tempo que sexa posible.
 - e. É necesario contar cun programa plurianual e a longo prazo de vivenda para persoas e familias vulnerables, que evite a segregación espacial do territorio para actividades e residentes. Nestas vivendas para colectivos vulnerables, vixiarase que se aproximen no posible a consumo enerxético nulo e que

conten con instalacións de autoconsumo enerxético que faciliten a redución de custo de habitabilidade.

18. O uso, o fomento e a construción de tecidos e actividade innovadora que trasladen as políticas de I+D+i a todos os campos e realidades de ámbito local. Isto implica unha aposta pola incorporación da tecnoloxía urbana concibida como un medio e non como un fin, na que poidan participar todos os actores implicados. Para que isto sexa posible, resulta necesario avanzar en experiencias de traballo interxeracional e, sobre todo, de atención presencial e directa ás persoas menos alfabetizadas nos procesos dixitais, de maneira que ninguén se vexa excluído de actividades ou procesos polo simple feito de ser dixitais. É fundamental o fomento e a participación de distintos axentes sociais, alianzas público-privadas e innovación baseada no desenvolvemento de iniciativas.
19. O Biopolo proxectado na Sionlla é só un exemplo do gran percorrido que ten a participación de distintos axentes públicos e privados para desenvolver novas oportunidades económicas e tamén de benestar para a cidadanía. Santiago ten todas as condicións para reivindicarse na cidade da saúde de Galicia, na que o campus universitario sexa tamén un espazo de convivencia para a poboación, nun intento de achegar e aproximar a universidade e o seu labor á cidadanía.
20. É importante darlles impulso aos instrumentos de gobernanza existentes e contido real dentro e fóra dos límites administrativos do concello. Para apostar por eles dentro cómpre a reactivación dos consellos de participación cidadá, así como a posta en funcionamento doutro tipo de mecanismos participativos, actualizados e reformados para dar sentido á súa finalidade: facer partícipe á cidadanía nas decisións de goberno, avanzar de xeito conxunto no diagnóstico dos problemas, facer seguimento da execución das accións e facilitar a rendición de contas da acción do goberno. Cara a fóra fai falta mellorar a xestión, a axilidade e o uso da planificación urbana, coa activación de mecanismos de xestión e avaliación continua dos resultados, que permitan cambiar ou corrixir as políticas incorrectas.
21. Santiago de Compostela conta co Consorcio da cidade como órgano executor do Real Padroado de Santiago, no que se materializa a cooperación institucional entre o Goberno de España, a Xunta de Galicia e o Concello desde o ano 1992. A entidade de dereito público de carácter interadministrativo é de titularidade municipal, aínda que conta con personalidade xurídica e patrimonio propios, o que lle permitiu durante anos desenvolver políticas de recuperación e revitalización urbana, actuacións en infraestruturas e equipamentos así como de recuperación do espazo público, baixo a convicción de que a conservación e a posta en valor do patrimonio histórico pode ser parte esencial da transformación da cidade. Este labor, a recuperación do seu papel de apoio á rehabilitación, xunto coa xestión e a promoción de produción da acción cultural, de estudo e interpretación da historia da cidade, a ligazón co carácter europeísta do fenómeno Xacobeo, fan deste ente un alicerce fundamental que debe recuperar o seu impulso, o que inevitablemente pasa por reforzar de maneira substancial as súas actividades e o correspondente financiamento.

GIS 3. CIDADE COMPACTA, TERRITORIO E MOBILIDADE

22. A designación de Santiago de Compostela como sede das institucións autonómicas pola Lei 1/1982, de 24 de xuño, engadiulle á tradicional dinámica da cidade a condición de capital de Galicia, o que implica afrontar fitos particularmente importantes en relación coa prestación de servizos públicos, así como coa implantación e dotación de equipamentos directamente determinados polas

institucións autonómicas no termo municipal. Esta realidade foi tida en conta á hora de aprobar o Estatuto da Capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, pola Lei 4/2002. Este recoñecemento explícito por parte da Administración autonómica require un marco estable de actuacións, que deben avaliarse e actualizar o cálculo dos custos de capitalidade en cada mandato municipal, executarse a través dun proceso de fixación de importes que compensen os custos da condición de capital. Para iso cómpre un cálculo obxectivo que realicen profesionais independentes dentro do primeiro trimestre de cada mandato municipal e actualizados conforme á evolución dos prezos.

23. Aínda que a Axenda Urbana 2030 é unha estratexia promovida desde o Concello de Santiago de Compostela, a cidade real vai máis alá dos límites municipais². A realidade funcional desborda eses límites e pon encima da mesa necesidades e oportunidades de xestión compartida a favor do aproveitamento das economías de escala e eficiencia na planificación dos recursos públicos. A relación estreita de Santiago cos concellos do contorno fai aconsellable avanzar no aproveitamento das vantaxes de escala que suporía a fusión selectiva dalgunhas funcións, e unha estratexia cooperativa para compartir servizos e estratexias. Neste sentido, un primeiro paso consiste en avanzar sobre as novas formas de transporte metropolitano dixitalizado. Un transporte planificado de modo supramunicipal, compartido, con plataformas de mobilidade, a demanda, dotado de vehículos limpos con camiños prioritarios e unha consideración especial para as conexións entre o aeroporto e a estación intermodal, que debe avanzar sobre unha medio lanzadeira (tren ou metro lixeiro), complementario ao transporte urbano. Nesta mesma liña de incremento de eficiencia compartida, aparecen servizos como os de saneamento ou abastecemento de auga, con grandes vantaxes de escala e beneficios mutuos derivados da planificación e provisión supramunicipal.
24. A estratexia contra o cambio climático e o avance cara a zonas de baixas emisións dentro da cidade é un obxectivo ambicioso que esixe a implantación gradual de diferentes accións entre as que se atopan as seguintes metas. A humanización da cidade, a retirada paulatina de vehículos e a pacificación do tráfico coa potenciación das modalidades brandas. Fai falta potenciar medios de transporte ecolóxicos, en detrimento dos intensivos no consumo de combustibles fósiles, co fin de deseñar unha estrutura urbana resistente ao cambio climático, coa conexión e a promoción de infraestruturas verdes. Neste sentido é preciso avanzar nun conxunto de accións:
 - a. Reconectar a cidade co seu territorio implica tamén facelo coa súa contorna. Desde o punto de vista territorial, Compostela conta con dous aneis privilexiados sobre os que pode avanzar: o primeiro interior, que ensambla o espazo da antiga muralla, e un segundo anel circundante arredor do núcleo urbano. A súa construción pode avanzar sobre a configuración dunha rehabilitación ambiental e social das zonas máis abandonadas e degradadas, á vez que empate coa ampliación de espazos naturais interconectados a través dun único corredor natural. Parques urbanos e periurbanos enlazados estratexicamente a través de sendas a primeira vista eco-recreativas, pero que sirvan ademais para crear unha grande área natural tamén como un anel económico para a cidade. A través de actuacións de recuperación paisaxística e o acondicionamento do espazo público existente, Santiago pode crear diversidade de ambientes ecolóxicos

² A diario, a poboación de feito é maior que a de dereito, que consegue os 115 000 habitantes de media, segundo a estimación do IGE. Isto fai precisa a planificación e a prestación de bens e servizos cun carácter supramunicipal.

- que aglutinen a súa riqueza natural e económica. Deste xeito, quedaría dobremente dimensionada e sempre interconectada.
- b. Esta reconexión implica tamén unha conexión da cidade consigo mesma, para o que se pode avanzar a través do nexos de máis zonas peonís en forma dun continuo sen rupturas artificiais que impidan vivir a cidade. As hortas, ríos, paseos, xardíns, parques internos e do anel externo antes deseñado conformarán un continuo urbano en paisaxe e actividades que serven para o lecer, a educación, a conservación e a economía. Cómpre romper coa liña divisoria que separa os espazos rurais do centro urbano e mellorar as infraestruturas para permitir a mobilidade branda entre todas as partes da cidade.
25. O anterior require reactivar as ferramentas de planificación e a proxección estratéxica existentes, cun seguimento, dotación de recursos e revisión continua, como órganos de vixilancia e control. O obxectivo é avanzar cara a unha cidade para todos os perfís, na que deterse e non pasar, na que vivir e traballar, na que estudar e vivir durante algún tempo e tamén na que realizar actividades de lecer, compras e turismo.
26. Esta visión da cidade debe contar, á súa vez, cunha mirada supramunicipal da mobilidade, na que ter en conta tamén o deseño e a organización do transporte público. Avanzar en intermodalidade, mellorar o transporte público, dotarse dunha rede de aparcadoiros disuasorios de bordo, unha rede de cargadores para vehículos eléctricos e transporte a demanda para lugares desconectados, especialmente no ámbito rural, son só algunhas das propostas. Xunto con isto é preciso contar cun plan de mobilidade dixitalizado e limpo, que permita axustar a oferta de transporte público á demanda real, que cubra todas as zonas que hoxe están deficientemente atendidas e, sobre todo, que lle outorgue a fiabilidade necesaria para facelo compatible coa substitución do uso do vehículo privado.³ Imponse a progresiva substitución dos autobuses propulsados por combustibles fósiles por outros baseados en enerxías limpas, á vez que o centro histórico e zona monumental deben quedar libres de emisións. Neste sentido, a creación dunha plataforma loxística de ordenación da distribución de “última milla” é o primeiro paso para conquistar zonas libres de emisións.
27. Atención especial merecen as zonas tensionadas no tránsito e aparcadoiro, nomeadamente, o contorno do Hospital Clínico de Santiago. A deshumanización do espazo, a convivencia non pacífica das distintas fórmulas de mobilidade e os problemas de aparcadoiro requiren unha solución ad hoc entre a Administración local e a autonómica para atender un problema latente que desloce o labor do hospital de referencia de Galicia.
28. A política ambiental é tamén un vector económico e de xeración de novas oportunidades de emprego, benestar e saúde, que implica a todos os axentes, públicos e persoais, tecido social e cidadanía. Axustar o modelo produtivo co seu territorio implica unir o tres vértices do triángulo, produción-territorio-consumo, que pode dar o impulso que necesita a grande extensión rural coa que conta o Concello

3

Neste sentido, é fundamental pensar os servizos desde a óptica das persoas usuarias. Só como exemplo, as liñas de autobuses que van ao Milladoiro e Bertamiráns poderían integrarse coa liña 1 en determinados tramos horarios, de maneira que, sen transbordo, houbera acceso ordenado aos grandes centros laborais, desde o CHUS ata o Polígono do Tambre a modo de lanzadeiras. Lanzadeiras axustadas aos horarios de entrada e saída dos traballadores e traballadoras que poderían retirar un número non menor de vehículos privados da circulación diaria; vehículos que ademais necesitan aparcadoiros para estar parados durante moitas horas sucesivas.

de Santiago, como xa se avanzou no GIS1. Deste xeito quedaría cumprida a necesidade de vivir no rural e do rural.

GIS 4. INCLUSIÓN, EQUIDADE, XUSTIZA SOCIAL

29. A diversidade social que caracteriza a Compostela conforma un elemento básico da súa identidade para a próxima década, o que xera unha gran riqueza na que deben ter un papel primordial os factores culturais, de identidade, de orixe, de idade etcétera. O envellecemento da poboación ten unha repercusión inmediata sobre as preferencias e as necesidades das persoas e Compostela ten o compromiso de adaptar as políticas da cidade a un contexto de cambio demográfico que require de eliminación de barreiras para as persoas maiores e as que teñan necesidades especiais, fomento e dotación de espazos para os seus hábitos e necesidades así como un urbanismo que sexa integrador e seguro para as persoas vulnerables, a creación de hábitos de vida saudables para todas as persoas e, en definitiva, a promoción de actividades na procura do benestar individual e social ao longo do ciclo vital das persoas.
30. A promoción dunha visión integral de benestar persoal, xustiza, equidade e inclusión que acompañe a cidadanía de Compostela é un dos fitos fundamentais para o futuro inmediato. A Administración pública local ten un papel de clave para desenvolver servizos e novos modelos económicos adaptados á xente de maior idade, tanto desde o punto de vista da demanda como da oferta. Isto implica facer pivotar as medidas sobre dous eixes:
 - a. Por unha banda, o dos coidados, onde se combinen os servizos de proximidade coa tecnoloxía. A intelixencia artificial, o *big data*, a domótica..., axudan e facilitan as condicións de vida para as persoas e as familias, sempre que se acompañen con servizos de atención presencial e personalizada, entre os que están os centros de día ou os centros de transición entre as estancias hospitalarias e a recuperación total antes de volver á casa.
 - b. O outro eixe debe ter en conta o envellecemento saudable das persoas, activas laboralmente, activas no lecer, activas na cultura, activas no deporte e, en definitiva, en todos os campos da vida.

Para poder combinar ambos os eixes fai falta ter en conta e investir os recursos necesarios para adaptar os servizos ás necesidades das persoas, cunha énfase especial posto nos seus dereitos, tamén nos dixitais, que requiren de atención e asesoramento particular, comezando polos da propia Administración pública. A tecnoloxía ao servizo das persoas e das relacións sociais.

31. Santiago de Compostela aposta por ser a cidade líder e o espazo de referencia dun proxecto ambicioso e erixirse no centro europeo en investigación e transferencia sobre envellecemento e todas as súas derivadas con valor social e económico, o que inclúe todas as disciplinas, desde a medicina á economía; desde a psicoloxía social, a filosofía á enxeñaría informática ou a intelixencia artificial. En perspectiva europea, hai moi poucas rexións co grao de autonomía e capacidade en materia sanitaria e social. A USC concentra algunhas e algúns dos mellores investigadores europeos nestas cuestións, con grupos moi destacados. Ademais, o servizo público de saúde conta coa capacidade de combinar asistencia sanitaria e investigación aplicada, o que sitúa a cidade en posición preferente para converterse no laboratorio de Europa. Santiago conta cos elementos fundamentais para mudar o

- desafío do envellecemento nun vector de avance e desenvolvemento de calidade de vida das persoas, baseado no coñecemento, que beneficie en primeiro lugar a cidadanía de Compostela, pero non só.
32. A inclusión, a equidade e a xustiza social requiren de transversalidade xeracional. A xente nova necesita conectar coas persoas maiores e viceversa, polo que Compostela debe avanzar neste campo a través do deseño de políticas socio-culturais con perspectiva interxeracional, nas que a implicación sexa mutua e bidireccional. O voluntariado xuvenil, a través da escola e da universidade, pode e debe ser un alicerce fundamental deste nexos, que tamén convive no espazo persoal e no público, con lugares comúns e non diferenciados, por exemplo, nos parques e xardíns públicos, ou tamén a través da revitalización dos actuais centros socioculturais dos barrios. O voluntariado sénior, pola súa banda, axuda a dar sentido á vida das persoas maiores en convivencia coas máis novas, mentres o voluntariado cultural pode converterse nun elemento vertebrador da cidade. En definitiva, o voluntariado en xeral debe promoverse para avanzar na inclusión social, un fenómeno multidimensional que pon a persoa no centro e no fondo o territorio e todo iso pivota sobre a calidade de vida, a renda e o acceso aos servizos e dereitos básicos. Para iso é vital apostar por barrios integrados, que descarten a segregación social derivada de motivos sociais, económicos, edadistas ou doutra índole, e dotalos de infraestruturas que permitan a conciliación e amplíen a oferta, por exemplo, de centros de día para-maiores, para o que se precisa da implicación doutras administracións. Esta aposta debe compatibilizarse co reforzo dos programas e os recursos de proximidade: axuda no fogar, teleasistencia domiciliaria avanzada ou comida a domicilio, entre outros.
 33. A cidade debe dotarse dos recursos necesarios para atender os colectivos de xente nova, os máis vulnerables e apostar por un enfoque transversal de igualdade de oportunidades na que se xestione a diversidade e a inclusión social como vector de construción da vida en comunidade. Neste campo, requiren atención as persoas con necesidades especiais, derivadas de factores relacionados coa diversidade funcional, discapacidade ou saúde mental, máis aínda cando alberga o único centro de saúde mental singular de Galicia. O hospital psiquiátrico de Conxo cumpre coas características para converterse no centro de referencia dun novo modelo de atención psiquiátrica, que traballe para a eliminación de estigmas inherentes a estas enfermidades e concibirse como un centro especializado en tratamento, desconexión, descanso e terapia, cun sentido amplo de saúde e benestar.
 34. Repensar a oferta educativa e deportiva da cidade implica redistribuíla e adaptala á demanda e aos asentamentos da poboación en idade escolar. Nesa nova concepción e redeseño fai falta ampliar a atención ás persoas menores e acompañala con novos servizos municipais e oferta de recursos, como poden ser os centros de día, que permitan mellorar a conciliación da vida familiar e laboral, a dotación de servizos de atención á saúde física e mental, os programas de detección precoz e prevención de delitos sexuais, contra a saúde pública, acoso escolar etc. Neste sentido, debe procurarse unha política integral en cooperación coa Administración autonómica e central para atender as vítimas e colectivos minorizados e moitas veces discriminados, á vez que avanzar no respecto dos dereitos sexuais das persoas, que fagan de Compostela unha cidade respectuosa e libre de fobias.
 35. A pobreza afecta maioritariamente a máis mulleres que homes. Por tanto, é importante tratar de maneira especial as bolsas de pobreza que concirne as mulleres, familias monoparentais, fogares vulnerables e colectivos ou etnias concretas, para axudar a que se desenvolvan e mellorar as súas condicións de vida e que formen parte do tecido social, cultural e económico da cidade. Isto require de

políticas educativas, pero tamén sociais e de vivenda, con especial atención ás persoas sen fogar e fogares vulnerables moi feminizados. Unha parte da pobreza actual está vinculada ás necesidades enerxéticas, polo que a cidade ten o deber de procurar solucións para os colectivos que se atopan baixo este paraugas, tales como a creación de comunidades enerxéticas, acompañadas dunha formación ad hoc para a súa xestión e, mesmo, a promoción de estudos de FP dual para a súa activación e avance. Estas solucións de xeración de enerxía limpa deberán potenciarse para todos os colectivos e orientarse a través do Concello, que debe non só axudar a canalizar as axudas dos fondos europeos, senón tamén titorizar, acompañar e aconsellar a empresas e particulares sobre as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías renovables. A cidade debe, así mesmo, constituírse como un espazo libre de violencias machistas, atendendo as necesidades das mulleres, en especial as que se atopan en risco por situacións de violencia de xénero, continuando co camiño aberto por iniciativas como “Compostela Territorio das Mulleres”.

36. A dixitalización abre oportunidades en diferentes campos que foron recollidos ao longo do documento, e debe verse como algo positivo e facilitador. Pero hai que garantir que estes avances non se convertan en exclusión para as persoas e colectivos con máis dificultade de acceso e uso, ben sexa por idade, formación ou recursos. En particular, a Administración municipal debe garantir os dereitos do conxunto da poboación e compatibilizar sistemas presenciais e non presenciais, para salvar a fenda dixital.

GIS 5. EDUCACIÓN, ARTE E CULTURA

37. Santiago de Compostela alberga un dos legados de patrimonio histórico-artístico máis importantes do mundo. Así o recoñeceu a Unesco cando en 1985 declarou a cidade patrimonio cultural da humanidade, fito que reforzou a declaración do Consello de Europa en 1987 como primeiro itinerario cultural europeo e patrimonio da humanidade en 1993 e 2015 coas súas diferentes rutas. Esta realidade leva implícitas unhas necesidades de mantemento, conservación e potenciación patrimonial, que requiren dunha implicación pública a todos os niveis, para o que conta cunha ferramenta específica, o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela, unha organización na que conflúen a Administración do Estado, da comunidade autónoma e do concello, un instrumento único e fundamental que se debe potenciar para que continúe co labor de preservación e rehabilitación do patrimonio, e a creación de espazos e infraestruturas de referencia para facer do patrimonio cultural de Compostela unha panca de crecemento e unha estratexia de desenvolvemento. O papel de “factoría de ideas” que lle corresponde ao Consorcio segue sendo fundamental para a posta en valor do patrimonio (histórico, cultural e verde) da cidade.
38. O municipio debe apostar por converterse no centro catalizador da xestión de da produción cultural a nivel comarcal e galego, aproveitando as potencialidades de ser capital de Galicia e de posuír un importante número de industrias culturais, cunha especial vontade de exhibir a potente creatividade artística do país. Por outra banda, Santiago ten que traballar para conseguir ser un centro de vangarda e de referencia no conxunto do Estado español e promover, de maneira especial, as relacións con Portugal. Para iso, fai falta dar pasos nas seguintes direccións. Primeiro, intensificar a vida cultural propia deseñada desde o ámbito local e para o público local, que precisa recuperar o financiamento e o rol tractor do Consorcio neste terreo. Segundo, aproveitar en maior medida as instalacións e a programación da Cidade da Cultura que hoxe é, tamén, da ciencia. Terceiro,

traballar para adaptar as políticas de emprego ás necesidades do sector cultural. Unha programación de actividades das que o Concello, a Universidade e demais institucións e empresas culturais deben ser copartícipes e actores proactivos para aproveitar sinerxías, facer economías de escala e conectar coa oferta cultural propia.

39. Xunto co Consorcio, é primordial a xestión cultural da USC, o seu patrimonio histórico e cultural, material e inmaterial, que conforma unha oferta susceptible de integrarse coa do resto da cidade. Proponse traballar nun plan estratéxico da cultura que aglutine toda a oferta de maneira coordinada, así como tamén un lugar no que se recolla e visibilice todo o patrimonio escondido que ten a cidade. Este espazo debe ser, en todo caso, complementario ao patrimonio natural, rupestre e etnográfico que conforman o tres ríos que bañan a cidade: o Sar, o Sarela e o Tambre.
40. A oferta cultural¹ da cidade debe apostar por definir ampliacións e extensións, desde unha perspectiva interxeracional, integradora e en rede internacional, para xerar e aproveitar sinerxías entre eventos e iniciativas, cunha política de comunicación integrada e un selo distintivo propio. A día hoxe coexisten múltiples actividades con diferentes xestores/as culturais e administracións que traballan sen coordinación, mesmo nas súas axendas. É necesario combinar de maneira intelixente os chamados “eventos faro” coa cultura máis próxima para chegar á vida cotiá da cidadanía.
41. Simultaneamente, considérase necesario apostar por disciplinas artísticas con potencial e desenvolvemento, como pode ser a danza (coa implantación dunha escola de estudos superiores de danza), a música, o teatro ou a maxia. Pór en valor a oferta de museos da cidade³ a través de accións como a creación dun plan de comunicación conxunto, coa creación dun bono multimuseos e explorar a creación doutros novos e complementarios en espazos hoxe infrautilizados, descoñecidos ou pouco explotados, por exemplo:
 - O Museo da Cidade, unha iniciativa que habería de concretar (con continente propio ou contido itinerante) unha nova perspectiva de Santiago de Compostela, intertemporal e histórica, pensada para a cidadanía e os visitantes.
 - Proposta de creación na Cidade da Cultura do Museo Galego das Artes Plásticas (MUGAP), onde se recolla a obra de artistas da pintura e escultura galega. Museo permanente que aspire a ser o gran referente das artes plásticas de Galicia na Cidade da Cultura, que albergue as coleccións xa existentes na cidade e outras novas que se negociarán con outros museos e institucións tales como o Parlamento de Galicia, Afundación, o Museo Carlos Maside de Sada, o Museo Luís Seoane da Coruña, mecenas particulares, galeristas e artistas, entre outros.
 - A posta en marcha do Xardín Botánico de Santiago, como espazo de investigación, educación ambiental e de lecer, cuxos terreos están adquiridos no contorno do Campus Sur da cidade, de fácil execución a través dun acordo entre as distintas administracións públicas.
 - Museo da psiquiatría, medicamento e farmacia nos pavillóns psiquiátricos de Conxo (a restaurar), que permitiría facer un percorrido pola historia da psiquiatría.
 - Museo de fotografía, para acoller exposicións e proxectos de artistas da fotografía e traballos relacionados con temas de artes visuais.
 - O Museo dos Monicreques, un espazo no que se recolla o patrimonio material e inmaterial existente, e acolla a produción e didáctica á vez que sirva para a súa exhibición.

- Creación dunha rede de museos virtuais que poña en valor os fondos dos demais museos.

Todos eles deberán ter cuberta a demanda, tamén en tempada baixa, cun programa público de potenciación de visitas e aprendizaxe dirixida a distintos colectivos, entre os que destaca o alumnado dos colexios e universidades, as persoas residentes e outros como o de profesionais da hostalería, que serán á vez transmisores da oferta cultural de Compostela.

42. No campo cultural é importante propiciar sinerxías entre artistas e empresas culturais, potenciar a música e os espectáculos en vivo e, en definitiva, apostar por unha cidade que sexa referente e vangarda na programación musical, de artes escénicas e visuais, con apoio expreso para artistas locais e de Galicia, que deben dialogar cos doutras culturas desde unha perspectiva multidisciplinar e de recoñecemento aos diferentes pobos do mundo.
43. É necesario recuperar e pór en valor o enorme patrimonio histórico da cidade en tres liñas complementarias. En primeiro lugar, dando a coñecer espazos moi valiosos e escasamente coñecidos mesmo pola cidadanía de Compostela (USC, conventos, mosteiros...), desafío que afecta tamén ao chamado patrimonio inmaterial e ao “pequeno patrimonio” que gaña valor unha vez se contextualiza e interpreta, na liña do que desde hai tempo está a propor o Museo do Pobo Galego.⁴ En segundo lugar, abrir espazos hoxe pechados ao público. En terceiro lugar, recuperar os espazos baleiros da cidade, o que supón en moitos casos realizar actuacións de adaptación e rehabilitación.
44. A necesidade permanente de conservación e as amplas posibilidades de rehabilitación de espazos públicos e privados no centro histórico son unha oportunidade para desenvolver e expandir iniciativas de formación en oficios especializados (forxa, madeira, cantaría etc.), orientación para a creación de empresas de construción especializada, con capacidade atender a un amplo mercado local, nacional e internacional.
45. A educación pública é un servizo básico do Estado de Benestar e como tal debe garantir que todos os nenos e nenas teñan posibilidade de acceder ás actividades escolares e extraescolares, así como comedores escolares, de maneira que ningún menor sexa invisible. A infancia débese protexer, polo que é prioritario pór en funcionamento un plan integral de conciliación do dereito á educación.
46. A cidade debe intensificar a súa relación coa universidade en todos os campos, dar resposta ás necesidades desta institución, apoiar os seus proxectos e aproveitar as súas potencialidades. Especialmente relevante é a translación do coñecemento ao tecido produtivo, como soporte das empresas xa existentes ou como semente de novas actividades, na liña do que xa se está facendo co proxecto bio-tech na Sionlla. Resulta fundamental revitalizar o proxecto da Cidade da Saúde dentro do servizo galego de saúde, o que incluíría tamén a formación profesional no campo biosanitario.
47. O anterior é compatible coa recuperación do Campus Vida como espazo de convivencia harmoniosa entre a comunidade universitaria e a cidadanía. A recuperación das rúas para a cidadanía, a construción dun aparcadoiro que aglutine

4

*Unha catalogación do patrimonio inmaterial da cidade e da súa contorna, co fin de que a transmisión de coñecementos e valores non se *tronce e as novas xeracións poidan seguir creando e renovando sobre a tradición. O coñecemento da propia cidade por parte da cidadanía é esencial para valorala, gozala e, mesmo, para dala a coñecer ás persoas que nos visitan.*

- e retire os coches do campus, así como un plan de actuación específico que mellore os espazos de tránsito de mobilidade branda (como a construción dun carril-bici desde Vidán ata a Alameda e, desde aí, ao campus norte), optimice a iluminación e recupere espazos hoxe relegados. O campus é o escenario ideal para o arranque dunha estratexia pensada para a mocidade, que realice nese espazo a súa socialización e poida facer uso do mobiliario urbano dotado de tecnoloxía (por exemplo, táboas multifuncionais con wifi alimentado por enerxía solar). Este espazo pode acabar de completar a Compostela ciclable e camiñable que se pretende.
48. Adaptar e enfocar políticas en clave local para as persoas máis novas. Nas últimas décadas constatou unha saída de poboación, maioritariamente xente nova e ben preparada, na procura de mellores oportunidades de emprego e vida. O diagnóstico previo elaborado na primeira fase da Axenda Urbana de Compostela constata este feito. A volta das persoas que marcharon e a retención das que permanecen pasa, necesariamente, por mellorar a situación da vivenda, pero tamén pola existencia de saídas laborais e empregos de calidade a través dos que se poidan realizar laboral e persoalmente. Formación, retención e atracción do talento son, pois, vectores desta aposta. Neste campo, a política local, xunto coa autonómica e a da Universidade de Santiago de Compostela, deben adaptar a oferta das titulacións ás necesidades. Debe haber unha aposta pola dualidade tanto na universidade como na Formación Profesional e por unha universidade que persiga reter o talento e investir na investigación da que esta xente nova é protagonista. Deste xeito, e en conexión co tecido empresarial da cidade, será posible forxar un tecido produtivo forte e de futuro que reteña e atraia poboación á cidade. Estas políticas deben acompañarse con accións innovadoras e de emprendemento, que teñan en conta as especificidades do emprendemento feminino, así como unha protección especial para o comercio local.
49. No relativo ao ensino nos niveis primario e secundario, é preciso mellorar o encaixe entre oferta e demanda de postos escolares. Para iso necesítase un mapa escolar actualizado e proxectalo para as dúas próximas décadas, de maneira que a ampliación e construción dos centros priorice os espazos de maior demanda e menor oferta. Axustar ambas permitirá unha organización escolar acorde cunha cidade amable e accesible que limita os desprazamentos dos estudantes e as súas familias, co que iso implica en termos de elección do modo de transporte. A redución de traxectos en autobuses escolares e vehículos individuais favorece a sostibilidade ambiental e reduce a conxestión, á vez que dá impulso á mobilidade branda. Simultaneamente, a aposta pola proximidade favorece a articulación social e a utilización xeneralizada dos centros escolares como puntos de encontro entre a xente nova que hoxe carece de oferta suficiente e atractiva fronte a outro tipo de lecer nocivo.
50. O aproveitamento de infraestruturas para actividades complementarias en horario non lectivo permite rendibilizar ao máximo equipamentos públicos que están pechados moitos días ao ano e horas ao día; e xustificar unha mellora dos propios centros para facelos máis amables e amigables tamén aos escolares dos propios centros. Así mesmo, as actividades extraescolares deben someterse a unha profunda revisión para fornecer contidos educativos de todo tipo e apontoar valores de convivencia. As ANPA deben ser os actores secundarios e de acompañamento dunha programación de actividades cuxo peso fundamental debe recaer sobre o Concello. As campañas de diverso tipo que se fan desde as distintas concellerías, pero tamén as das consellerías, deberán integrarse nesta programación de maneira coherente co resto de actividades. Finalmente, o aproveitamento do potencial formativo dos comedores escolares para estender a aposta pola dieta atlántica desde a escola e o aproveitamento da produción local e de proximidade aconsella

repensar o modelo de comedores actuais nos que as cociñas propias nos centros son xa a excepción.

51. É conveniente avanzar na constitución do consello escolar municipal como un espazo de decisión dos distintos sectores educativos que toman as decisións fundamentais que afectan á organización dos recursos e necesidades existentes.

GIS 6. SOSTIBILIDADE E TRANSICIÓN VERDE

52. O plan climático da Compostela do 2030 oríentase cara á mellora da vida cotiá da cidadanía, coa aposta no crecemento e na calidade de vida. Santiago ten que anticiparse a retos no campo da sostibilidade ambiental, da transición enerxética, da circularidade e do cambio climático. Comezando pola enerxía, é obrigado reducir o consumo e potenciar a autoprodución de enerxía renovable. Ambas as cousas permiten reducir a pegada ecolóxica e a emisión de GEI (gases de efecto invernadoiro). No relativo á redución de consumos, é fundamental a mellora da clasificación enerxética de edificios mediante actuacións de diverso tipo, que van desde o cambio de xanelas ata a substitución das vellas caldeiras por sistemas alternativos baseados en bombas de calor, na liña da estratexia “REPOWER EU”, que insta a duplicar as bombas de calor existentes no curto prazo e a substituír a maior parte dos sistemas de climatización existentes a longo. Unha estratexia que debe facerse en colaboración coas iniciativas autonómicas, estatais e europeas, de maneira planificada e seguindo un plan establecido, que renda dea conta da súa consecución a través dunha batería ampla de indicadores ambientais, identificando fitos e obxectivos de longo prazo e tamén intermedios que sexan vixiados cada pouco tempo para garantir que se avance cara á súa correcta consecución. Simultaneamente, o concello debe aumentar as súas esixencias neste campo nas obras de rehabilitación e novas.
53. A produción de enerxía renovable é unha peza clave do incentivo ao autoprodución con placas solares e, no seu caso, aeroxeradores, o que esixe en moitos casos comunidades enerxéticas que teñen certo grao de complexidade na súa posta en marcha. O Concello ten que acompañar e desenvolver un importante labor non só de publicidade e promoción, senón tamén de asesoramento, impulso e axuda para facer proxectos e crear este tipo de estruturas. A colaboración co INEGA, o IDAE e a FAEPAC ao abeiro de proxectos piloto en Santiago de Compostela sería un recurso para aproveitar. O propio Concello debe dar exemplo e actuar como impulsor, con instalacións de autoconsumo nos edificios municipais e o uso do excedente que poida xerar como base para a creación de comunidades enerxéticas mixtas.
54. A Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para a economía circular, senta os principios en que deben basearse as políticas adoptadas en materia de residuos co obxectivo de reducir o seu impacto no medio e no cambio climático. O Concello de Santiago de Compostela debe adoptar as medidas necesarias para garantir que se logren os obxectivos establecidos na citada lei de cara ao 2030, entre as que se destacan as seguintes:
 - a. Diagnóstico da situación actual en materia de residuos. Elaboración dun programa de xestión de residuos.
 - b. Apostar por instrumentos de prevención de residuos nos que inclúan as medidas para reducir a cantidade xerada a través de, por exemplo, promover a agricultura ecolóxica local, ou os modelos de consumo sostibles e circulares. Fomento do comercio local, venda de produtos a granel, apoio

- a actividades de reparación e reutilización, educación para fomentar a sensibilización sobre a xeración de residuos nos fogares e restaurantes etc.
- c. Dar cumprimento ao obxectivo marcado para 2020, non conseguido, de destinar á reutilización e á reciclaxe o 50 % dos residuos xerados, xa que na actualidade non se chega á cifra do 20 %. Fai falta realizar un diagnóstico da situación actual que permita definir a estratexia que se debe seguir para cumprir os seguintes obxectivos: 55 % no 2025 e 60 % no 2030.
- d. Tendo en conta que a metade dos residuos domésticos xerados na cidade son materia orgánica, é recomendable incentivar a separación e a reciclaxe en orixe do biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica e comunitaria. Para iso deben poñerse en marcha medidas económicas, financeiras e fiscais para fomentar a prevención da xeración de residuos, así como a recollida selectiva de calidade. Existen moitas experiencias noutros territorios, tanto no que se refire á recollida como ao tratamento que deben valorarse detidamente antes de optar por unha alternativa, ou por unha combinación delas adaptada aos diferentes espazos no concello (urbano, periurbano ou rural). O importante neste punto da estratexia é darlle prioridade a esa revalorización dos residuos na busca da circularidade coa contorna rural. Unha prioridade que debe ser complementada por un labor educativo e de concienciación incidindo na mocidade a favor da mellora na reciclaxe nos fogares e nas empresas, da redución na xeración de residuos e da reutilización; pero tamén das hortas urbanas e escolares como ferramenta de educación ambiental e sociabilidade, o que vincula este GIS con outros.
55. Eficiencia enerxética dos edificios públicos. O estudo de eficiencia enerxética dos edificios públicos e a elaboración dun plan de mellora, dotándoos, en función dos consumos e necesidades, de placas solares para ACS (auga quente sanitaria) nos que o necesitasen (piscinas, pavillóns deportivos, centros de ensino), placas fotovoltaicas para autoxeración de electricidade, recambio de carpinterías con rotura de ponte térmica, melloras nos illamentos exteriores... Simultaneamente, é importante evitar e corrixir a contaminación luminosa á hora de xestionar a iluminación pública.
56. Resulta preciso revisar o plan do centro histórico e as ordenanzas locais para adaptalas ás necesidades actuais e facelas compatibles coa rehabilitación de vivendas en materia de autoprodución de enerxías renovables, tales como placas solares para auga quente sanitaria (ACS) e fotovoltaicas.
57. Tendo en conta os efectos previsibles do cambio climático sobre as temperaturas e a frecuencia e volume das precipitacións, é necesario repensar a xestión do ciclo da auga a escala municipal, o que pon no centro a nova depuradora de Silvouta ⁵. En particular, esponxar a cidade e diminuír a superficie cementada; separar as augas residuais das pluviais; aplicar unha auditoría do estado das redes para evitar os centos de avarías que se producen cada ano e que significan perdas continuas da auga potable fornecida; e optimizar os consumos.⁶ En paralelo, débese apostar

5

Por que non pensar en empregar auga rexenerada proveniente da noticia EDAR da Silvouta? Existe lexislación que permite estes usos e podería trasladarse a depósitos de almacenamento en cada parque, disimulados entre a vexetación, en camións cisterna unha ou dúas veces á semana. Por que non pensar en fertilizantes recuperados das augas residuais que poidan vir da EDAR da Silvouta para manter os parques e xardíns?

6

Por exemplo, a rega dos xardíns e parques faise de día, co que iso implica de evaporación e, por tanto,

- pola extensión da malla verde territorial nos cursos dos ríos, revitalizar áreas e espazos verdes ao abeiro dun plan director e aumentar as zonas de sombra para paliar o incremento da temperatura.
58. No relativo a emisións de CO₂, o obxectivo de Santiago de Compostela para 2030 debe ser conseguir emisións netas nulas, algo que pasa polo impulso de actuacións xa apuntadas no campo da mobilidade branda, os medios colectivos de transporte e os automóviles libres de combustibles fósiles, que necesitan dunha rede de cargadores idóneos que hoxe non existe; polo equipamento das zonas verdes como sumidoiros de CO₂; e por unha aposta forte por instalacións de ACS e fotovoltaicas que dean servizo a fogares e empresas.
 59. Debe apostarse pola consolidación dun modelo de sostibilidade que fomente a peonalización do espazo, a potenciación do uso da bicicleta mediante o trazado e construción de carrís-bici que acabe conformando un continuo de conexión urbana e interurbana, o fomento de infraestruturas que prioricen o uso de vehículos de baixas emisións.; o aproveitamento do *big data* para xestionar a mobilidade e favorecer os servizos personalizados; e a adecuación do transporte público ás necesidades da demanda. Este programa require o fomento de plans de mobilidade sostible e segura, cunha atención especial ao urbanismo e á iluminación feminista, que garanta a seguridade de todas as persoas. A cooperación entre distintas administracións é necesaria para levar a cabo este fito á vez que para integrar as diferentes modalidades de mobilidade sostible.
 60. Ao mesmo tempo, as infraestruturas municipais deben dotarse de sistemas sostibles para o seu mantemento, e acompañar así o proceso de descarbonización das vivendas, no que o Concello se debe implicar a través dos incentivos e da inspección.
 61. Todo o anterior require do desenvolvemento de programas de educación e sensibilización dirixidos a cambiar os hábitos das persoas e adaptalos de maneira paulatina ás novas metas.

ineficiencia no uso dos recursos hídricos.

3. Marco Estratéxico Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela

O proceso impulsado coa AUS parte das reflexións realizadas no marco estratéxico internacional (Axenda 2030 de Nacións Unidas, Axenda Urbana europea e Nova Axenda Urbana Internacional), en especial no relativo á aplicación dos ODS 11 da Axenda 2030 da ONU ao ámbito local, pero tamén aos demais ODS, obxectivos, metas e compromisos derivados das axendas internacionais e toma como marco referencia a metodoloxía da Axenda Urbana Española. Todo iso vai acompañado dunha reflexión baseada na propia cidade, a análise do contorno e na procura de solucións propias aos principais retos do territorio compostelán.

A elaboración da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela partiu da asunción de que a cidade é unha construción colectiva que transcende os límites administrativos e onde interveñen diversos actores. O seu papel é o marco desde o cal organizar esta acción conxunta para alcanzar unha serie de obxectivos compartidos. O proceso de deseño e redacción da AUS foi paralelo ao desenvolvemento do proceso de participación, específico para cada etapa, que permitiu a cada axente e individuo participar na forma que considerou, desde a obtención de información, ata a consulta e a coprodución.

O marco estratéxico e plan de acción da Axenda Urbana 2030 de Santiago é o resultado dun **amplio proceso de análise, diagnóstico e participación** que establece un **modelo de cidade consensuado**, con finalidades e posicionamentos específicos en relación cos ámbitos que estruturan as dinámicas actuais e ofrece unha resposta integrada aos distintos retos identificados no diagnóstico estratéxico.

A estratexia AUS recolle **seis dimensións estratéxicas**, en cada unha das cales se abordan unha serie de obxectivos **propios que se pretenden alcanzar a través de actuacións** concretas que se enmarcan en varias liñas de acción.

3.1. Dimensións estratéxicas e obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela.

DIMENSIÓN 1. Diversificación económica

Obxectivo 1.1. Diversificar as bases económicas da cidade, a través da aposta pola innovación, a tecnoloxía, a cultura e a economía circular, para equilibrar o peso dos sectores económicos en PIB, emprego e VAB.

Obxectivo 1.2. Impulsar o polo de innovación biotecnolóxico de Santiago.

DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía

Obxectivo 2.1. Apostar por unha cidade compacta, cohesiva, conectada e accesible, coa creación de contornos urbanos de calidade, con densidades axustadas e a proximidade necesaria de bens e servizos demandados pola cidadanía.

Obxectivo 2.2. Garantir a calidade de vida, en especial das persoas maiores, a través do acceso aos servizos básicos e evitando a exclusión.

Obxectivo 2.3. Favorecer a configuración do centro urbano como espazo de convivencia entre todas as persoas.

Obxectivo 2.4. Redefinir os espazos públicos da cidade para calmalos e aquietalos, de maneira que poidan volver recibir comodamente a vida pública da cidadanía.

Obxectivo 2.5. Fomentar a participación da cidadanía na configuración da cidade que desexan.

DIMENSIÓN 3. Territorio e mobilidade

Obxectivo 3.1. Conter a dispersión urbana e planificar conxuntamente a área urbana, máis alá dos plans de escala municipal.

Obxectivo 3.2. Revitalizar o espazo rural a través da súa reactivación produtiva, a súa dinamización social e a posta en valor do patrimonio cultural e natural.

Obxectivo 3.3. Favorecer a conectividade ambiental do conxunto da área urbana e a periferia.

Obxectivo 3.4. Reforzar o transporte público, para facilitar a conexión do núcleo urbano co territorio rural.

Obxectivo 3.5. Fomentar os desprazamentos sostibles.

DIMENSIÓN 4. Diversidade, cohesión social e inclusión

Obxectivo 4.1. Atender a vulnerabilidade, evitar a discriminación e eliminar a exclusión social

Obxectivo 4.2. Garantir o apoio aos colectivos máis vulnerables a través do reforzo das políticas sociais.

Obxectivo 4.3. Garantir o acceso á vivenda por parte da poboación máis vulnerable, así como do estudiantado.

Obxectivo 4.4. Facilitar a convivencia coas vivendas turísticas e evitar que a súa proliferación acabe por expulsar a poboación local do centro da cidade.

Obxectivo 4.5. Fortalecer os ecosistemas sociais e culturais de Santiago

DIMENSIÓN 5. Educación, patrimonio e cultura

Obxectivo 5.1. Potenciar a universidade e o coñecemento como vector estratéxico de crecemento do territorio, para facilitar a retención do talento.

Obxectivo 5.2. Promover a igualdade, a diversidade social e cultural, a memoria e o patrimonio material e inmaterial como elementos propios da identidade compostelá.

Obxectivo 5.3. Xerar novos atractores a través da recuperación de patrimonio natural e cultural e a posta en marcha de iniciativas de carácter cultural fóra dos puntos máis saturados turisticamente.

Obxectivo 5.4. Potenciar a diversidade lingüística, o coñecemento e os recursos da lingua e da cultura galega de xeito transversal.

DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde

Obxectivo 6.1. Adaptar o espazo urbano, coa xeración de espazos verdes, para diminuír os efectos das vagas de calor.

Obxectivo 6.2 Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Obxectivo 6.3. Conservar o patrimonio natural e mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Obxectivo 6.4. Garantir o saneamento e o abastecemento de auga de calidade en todo o municipio.

Obxectivo 6.5. Mellorar a eficiencia no consumo e impulsar a produción de enerxía.

Obxectivo 6.6. Reducir, reutilizar, reciclar e xestionar eficientemente os residuos.

É importante destacar que tanto a **igualdade de xénero como a dixitalización se inclúen como principios de maneira transversal** en todos os obxectivos anteriormente descritos.

3.2. Liñas de acción da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela

As seis dimensións nas que se estrutura o marco estratéxico inclúen un total de 39 liñas de actuación, cada unha das cales contribúe a un ou varios obxectivos da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela.

DIMENSIÓN AUS	ACTUACIÓNS ESTRATÉXICAS AUS	OBXECTIVOS AUS
DIMENSIÓN 1. Diversificación económica	Desenvolvemento de novo solo empresarial vinculado aos sectores estratéxicos da cidade	OB1.1 /OB1.2
	Cidade da Saúde	OB.1.2
	Santiago Hub tecnolóxico	OB1.1 /OB1.2
	Impulso e revitalización comercial	OB1.1
	Santiago Dixital-Smart City	OB1.1
	Santiago cidade emprendedora e de economía social	OB1.1
	Santiago nodo loxístico de mercadorías	OB1.1
	Compostela emprega e impulsa talento	OB1.1 /OB1.2
DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía	Ampliación e activación de espazos de convivencia cidadá	OB2.3
	Desenvolvemento de espazos de oportunidade no centro urbano de Santiago	OB2.1
	Mellora do medio ambiente urbano e incremento do espazo público para a cidadanía	OB2.1
	Programa de accesibilidade municipal	OB2.1
	Reordenación dos espazos perimetrais á améndoa e accións de conexión dos dous aneis da cidade	OB2.1
	Mellora e ampliación da rede de espazos deportivos	OB.2.1
	Implantación de ZBE no núcleo urbano	OB2.4
	Observatorio urbano de Santiago de Compostela	OB2.5
	Programa de participación cidadá-Axenda Urbana	OB2.5
	Programa de formación en materia de AU	OB2.5
	Infraestrutura verde de Santiago	OB3.3.

DIMENSIÓN AUS	ACTUACIÓN ESTRATÉGICA AUS	OBJETIVOS AUS
DIMENSIÓN 3. Territorio e mobilidade	Plan territorial integrado	OB3.1
	Revisión da normativa municipal e dos instrumentos de planificación	OB3.1
	Programa de reactivación do rural	OB 3.2
	Mobilidade urbana sostible	OB3.4 / OB3.5
DIMENSIÓN 4. Diversidade, cohesión social e inclusión	Big Social Santiago	OB4.1
	Reforzo e dinamización da rede de centros socioculturais e culturais	OB2.2./OB 4.2/OB 4.5/OB5.2/OB5.4
	Modernización da atención social e promoción da conciliación e da educación social	OB2.2./OB 4.1/ OB 5.2
	Factoría Nova: Centro da mocidade	OB2.2./OB 4.2/OB 4.5/OB5.4
	Plan municipal de saúde	OB4.1/OB4.2
	Programa de acceso á vivenda	OB4.3 / OB4.4
DIMENSIÓN 5. Educación, patrimonio e cultura	Centro de Cultura Gastronómica	OB5.1/OB5.2/OB5.4
	Desenvolvemento de novos produtos turísticos vinculados con cultura: Museos Compostela	OB5.2 /OB5.3/OB5.4
	Recuperación de espazos patrimoniais para uso cultural	OB5.3
	Sostibilidade da estratexia turística	OB5.3
	Valorización do patrimonio natural e cultural de Santiago	OB5.3
	Recuperación e valorización da memoria histórica local centrada nas mulleres	OB5.2/OB5.4
DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde	Programa piloto de comunidades enerxéticas	OB6.5
	Fomento de actividades de economía circular	OB 6.6
	Iluminación pública sostible	OB6.2
	Estratexia de resiliencia urbana	OB6.1
	Adaptación de montes composteláns ao cambio climático	OB6.3
	Programa de sensibilización en materia de economía circular e xestión de residuos	OB6.6
	Sostibilidade e eficiencia dos recursos hídricos	OB6.4

DIMENSIÓN AUS	ACTUACIÓN ESTRATÉGICA AUS	OBJETIVOS AUS
	Catálogo de patrimonio natural	OB6.3
	Plan de acción da paisaxe da comarca paisaxística de Terra de Santiago-A Barcala	OB6.3
	Rehabilitación e eficiencia enerxética de edificios públicos	OB6.2

3.3. A Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela como plan de acción local da Axenda Urbana Española

A Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela foi concibida como unha ferramenta de planificación estratéxica conxunta dos principais axentes do municipio, que contribúe, a través do seu plan de implementación, á posta en funcionamento da Axenda Urbana Española, o que evidencia o compromiso municipal tanto coa propia AUE como coa Axenda Urbana Europea e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030.

Así, en tanto que plan de acción local da Axenda Urbana española (AUE), a AUS debe contribuír a alcanzar os obxectivos desta. Neste sentido, cada unha das dimensións da AUS aborda un ou varios dos obxectivos da AUE, tal e como se mostra a continuación:

DIMENSIÓN AUS	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS AUE
DIMENSIÓN 1. Diversificación económica	OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana OE9. Liderar e fomentar a innovación dixital
DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía	OE2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente OE10. Mellorar os instrumentos de intervención e gobernanza
DIMENSIÓN 3. Territorio e mobilidade	OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo OE5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible
DIMENSIÓN 4. Diversidade, cohesión social e inclusión	OE6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade OE8. Garantir o acceso á vivenda
DIMENSIÓN 5. Educación, patrimonio e cultura	OE1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo OE7. Impulsar e favorecer a economía urbana
DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde	OE3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular

En consecuencia, todas as liñas de acción da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela contribúen a un ou varios dos obxectivos da AUE. Para evidenciar esta correspondencia, móstrase a continuación unha táboa por cada obxectivo estratéxico da AUE na que se recollen tanto os instrumentos de carácter estratéxico e de planificación cos que xa conta o municipio e que contribúen ao obxectivo de referencia como as liñas de acción que se porán en marcha para profundar nesta contribución.

OE 1. ORDENAR O TERRITORIO E FACER UN USO RACIONAL DO SOLO, CONSERVALO E PROTEXELO	
OES 1.1	1.1. Ordenar o solo de maneira compatible co seu contorno territorial
OES 1.2	1.2. Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe
OES 1.3.	1.3. Mellorar as infraestruturas verdes e azuis e vinculalas co contexto natural
INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS E DE PLANIFICACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo - Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) - Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica - Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela (Patrimonio da Humanidade-Unesco) - Estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrado de Santiago de Compostela (EDUSI) - Estudo das bases e o alcance dunha estratexia verde para Santiago de Compostela - Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Plan territorial integrado 2. Revisión da normativa municipal e dos instrumentos de planificación 3. Infraestrutura verde de Santiago de Compostela 4. Programa de reactivación do rural de Santiago de Compostela 5. Catálogo/plan de xestión do patrimonio natural 6. Plan de acción da paisaxe da comarca paisaxística Terra de Santiago-A Barcala 7. Valorización do patrimonio natural e cultural 	

OE 2. EVITAR A DISPERSIÓN URBANA E REVITALIZAR A CIDADE EXISTENTE	
OES 2.1	Definir un modelo urbano que fomente a compactidade, o equilibrio urbano e a dotación de servizos básicos
OES 2.2	Garantir a complexidade funcional e a diversidade de usos
OES 2.3.	Garantir a calidade e a accesibilidade universal dos espazos públicos
OES 2.4	Mellorar o medio natural urbano e reducir a contaminación
OES 2.5	Impulsar a rexeneración urbana
OES 2.6	Mellorar a calidade e a sostibilidade dos edificios
INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS E DE PLANIFICACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) - Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica - Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela (Patrimonio da Humanidade-Unesco) - Plan director de zonas verdes e espazo público - Estudo das bases e o alcance dunha estratexia verde para Santiago de Compostela - Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Santiago de Compostela (EDUSI) - Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Ampliación e activación de espazos de convivencia cidadá 2. Desenvolvemento de espazos de oportunidade no centro urbano 3. Mellora do medio ambiente urbano e incremento do espazo público para a cidadanía 4. Programa de accesibilidade municipal 5. Reordenación dos espazos perimetrais á améndoa e accións de conexión dos dous aneis da cidade 6. Rehabilitación e eficiencia enerxética de edificios públicos 7. Mellora e ampliación da rede de espazos deportivos 	

OE 3. PREVER E REDUCIR OS IMPACTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO E MELLORAR A RESILIENCIA	
OES 3.1	Adaptar o modelo territorial e urbano aos efectos do cambio climático e avanzar na súa prevención
OES 3.2	Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro
OES 3.3.	Mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático
INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS E DE PLANIFICACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Plan territorial de emerxencias de Galicia (PTEGA) - Plan de emerxencia municipal de Santiago de Compostela (PEMU) - Plan de acción polo clima e as enerxías sostibles (PACES) - Plan de acción para as enerxías sostibles (PAES) - Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Santiago de Compostela (EDUSI) 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Adaptación dos montes composteláns ao cambio climático 2. Estratexia de resiliencia urbana 3. Implantación de zonas de baixas emisións 	

OE 4. FACER UNHA XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS E FAVORECER A ECONOMÍA CIRCULAR	
OES 4.1	Ser máis eficientes enerxeticamente e aforrar enerxía
OES 4.2	Optimizar e reducir o consumo de auga
OES 4.3.	Fomentar o ciclo dos materiais
OES 4.4.	Reducir os residuos e favorecer a súa reciclaxe
INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS E DE PLANIFICACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Plan de acción para as enerxías sostibles (PAES) - Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (PACES) - Estratexia local de fomento da economía circular en Santiago de Compostela - Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032 - Estudo das bases e o alcance dunha estratexia verde para Santiago de Compostela 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Programa piloto de comunidades enerxéticas locais 2. Fomento de actividades de economía circular 3. Programa de sensibilización en materia economía circular e xestión de residuos 4. Iluminación pública sostible 5. Sostibilidade e eficiencia dos recursos hídricos 	

OE 5. FAVORECER A PROXIMIDADE E A MOBILIDADE SOSTIBLE	
OES 5.1	Favorecer a cidade de proximidade
OES 5.2	Potenciar modos de transporte sostibles
INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS E DE PLANIFICACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS) do 2012 - Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Santiago de Compostela (EDUSI) - Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela - Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (PACES) - Plan estratéxico do comercio 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Mobilidade urbana sostible 	

OE 6. FOMENTAR A COHESIÓN SOCIAL E BUSCAR A EQUIDADE	
OES 6.1	Reducir o risco de pobreza e exclusión social en contornos urbanos desfavorecidos
OES 6.2	Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade
INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS E DE PLANIFICACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexia de emprego e Plan de emprego de Santiago de Compostela 2015-2020 - V Plan de igualdade de Santiago de Compostela - Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Santiago de Compostela (EDUSI) 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Big social Santiago 2. Reforzo e dinamización da rede de centros socioculturais e culturais 3. Modernización da atención social e promoción da conciliación e da educación social 4. Factoría Nova: Centro da mocidade 5. Plan municipal de saúde 6. Recuperación e valorización da memoria histórica local centrada nas mulleres 	

OE 7. IMPULSAR E FAVORECER A ECONOMÍA URBANA	
OES 7.1	Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica
OES 7.2	Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores clave da economía local
INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS E DE PLANIFICACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexia de emprego e Plan de emprego - Plan estratéxico do comercio - Acordo para a reindustrialización de Compostela (Acordo da Sionlla) - Plan estratéxico de turismo de Santiago de Compostela 2017-2022 - Plan de sostibilidade turística - Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolvemento de novo solo empresarial vinculado aos sectores estratéxicos da cidade 2. Centro de cultura gastronómica 3. Cidade da Saúde 4. Santiago Hub Tecnolóxico 5. Impulso e revitalización comercial 6. Desenvolvemento de novos produtos turísticos vinculados coa cultura: Museos Compostela 7. Recuperación de espazos patrimoniais para uso cultural 8. Sostibilidade da estratexia turística de Santiago 9. Santiago cidade emprendedora de economía social 10. Santiago nodo loxístico de mercadorías 11. Compostela emprega e impulsa talento 	

OE 8. GARANTIR O ACCESO Á VIVENDA	
OES 8.1	Fomentar a existencia dun parque de vivenda adecuado a prezo asumible
OES 8.2	Garantir o acceso á vivenda, especialmente dos colectivos vulnerables
INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS E DE PLANIFICACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Plan xeral de ordenación municipal - Plan AVIVA Compostela 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Programa de acceso á vivenda 	

OE 9. LIDERAR E FOMENTAR A INNOVACIÓN DIXITAL	
OES 9.1	Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar cara ao desenvolvemento das cidades intelixentes (<i>smart cities</i>)
OES 9.2	Fomentar a Administración electrónica e reducir a fenda dixital
INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS E DE PLANIFICACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Santiago de Compostela (EDUSI) - Plan estratéxico de Administración electrónica, transparencia e bo goberno de Santiago de Compostela 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
1. Santiago Dixital-Smart City	

OE 10. MELLORAR OS INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN E GOBERNANZA	
OES 10.1	Lograr un marco normativo e de plan actualizado, flexible e simplificado, que mellore tamén a xestión
OES 10.2	Asegurar a participación cidadá, a transparencia e favorecer a gobernanza multinivel
OES 10.3	Impulsar a capacitación local e mellorar o financiamento
OES 10.4	Deseñar e pór en marcha campañas de formación e sensibilización en materia urbana, así como de intercambio e difusión de coñecemento
INSTRUMENTOS DE GOBERNANZA	
<ul style="list-style-type: none"> - Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela - Consello Económico e Social - Consello Municipal de Turismo e Cidade - Consello Municipal de Medio Ambiente - Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade - Consello de Relacións Veciñais - Consello Municipal da Mocidade - Consello Municipal de Saúde - Consello Municipal de Educación - Consello de Compostela Cultura - Consello Director de Compostela Rupestre 	
LIÑAS DE ACCIÓN AUS	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Observatorio urbano de Santiago de Compostela 2. Programa de participación cidadá-Axenda Urbana 3. Plan de formación Axenda Urbana 	

4. Plan de acción da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela

O plan de acción da Axenda Urbana de Santiago componse de 39 liñas de acción, cada unha das cales conta cunha serie de actuacións cuxa implementación contribuirá a alcanzar non só os obxectivos da Axenda Urbana de Santiago, senón tamén os obxectivos da Axenda Urbana Española e os ODS.

A continuación preséntase unha ficha por cada unha das liñas de acción na que se detalla a seguinte información:

- ✓ Aliñación estratéxica da liña de acción, indicando os obxectivos da AUE, os ODS e da AUS aos que contribúe a súa implementación.
- ✓ Carácter: fai referencia a aos ámbitos nos que se poden incluír as actuacións, clasificándoas nalgún dos eixes que identifican as axendas urbanas internacionais:
 - Normativo: accións das Administracións públicas, incluída a propia Administración local, cuxas ordenanzas e demais normativa municipal pode resultar clave para abordar os obxectivos da AUE.
 - Planificación: inclúense todas as accións que proveñen dun instrumento previo de planificación ou as que implican a elaboración deste documento.
 - Gobernanza: accións que teñen que ver coa coordinación e a colaboración multinivel, tanto de carácter horizontal como vertical. Caben tamén as accións de cooperación público-privada e todas as que teñen que ver coa transparencia e a participación.
 - Financiamento: a simple identificación de todos os programas de axudas existentes en relación coas accións que permitan abordar calquera obxectivo da AUE será xa, de seu, relevante, con independencia do difícil ou fácil que sexa acceder a elas. Se, ademais, poden identificarse recursos propios postos especificamente a disposición das actuacións que se proxecten, mellor.
 - Difusión de coñecementos: non só é posible recoñecer as redes e os instrumentos xa existentes e cuxo uso para o cumprimento dos obxectivos se manteña ou impulse, senón que deberían exporse fórmulas para pór en valor casos de éxito que poidan servir para coñecer exemplos nos que se resolveron problemas similares. Mediante a formación, difusión e intercambio de coñecementos en temas urbanos contribúese á mellora da toma de conciencia e posta en valor sobre o urbano e tamén unha maior participación da poboación.
- ✓ Descrición da liña de acción: fai referencia á xustificación desta, sobre a base do diagnóstico estratéxico da cidade, as necesidades e as actuacións que se desenvolverán para dar cobertura ás devanditas necesidades.
- ✓ Actuacións: relaciónanse as actuacións que se van desenvolver no marco da liña de actuación.
- ✓ Axentes implicados: inclúense aquí as entidades e organizacións públicas e/ou privadas que deberían participar dunha ou outra forma na implementación das actuacións.
- ✓ Plans / estratexias de referencia: documentos de carácter estratéxico nos que se enmarcan as actuacións ou que cómpre ter en conta para a súa implementación.
- ✓ Prazo de execución no que se prevé que se desenvolvan as actuacións.
- ✓ Abano orzamentario requirido

- ✓ Indicadores de seguimiento e avaliación da Axenda Urbana Española aos que contribúe a liña de actuación.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo

1.1. PLAN TERRITORIAL INTEGRADO	
Aliñación estratéxica	
Obxectivo estratéxico AUE	OE 1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo
Obxectivo específico AUE	OES 1.1. Ordenar o solo de maneira compatible co seu contorno territorial
Obxectivos relacionados AUE	OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 3. Territorio e mobilidade
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB3.1. Conter a dispersión urbana e planificar conxuntamente a área urbana, máis alá dos plans de escala municipal
Carácter	
-Planificación	
Descrición	
<p>Segundo o último Atlas estatístico das áreas urbanas de España (2020), a área urbana de Santiago componse dos municipios de Santiago de Compostela, Ames e Teo. A nivel de tecidos urbanos, atopámonos cunha área urbana fortemente polarizada sobre o seu núcleo central, a cidade de Santiago de Compostela. Na periferia sur, aparecen tres polaridades urbanas no bordo exterior do límite municipal compostelán: O Milladoiro e Bertamiráns, no municipio de Ames, e Os Tilos no municipio de Teo. Cunha lóxica similar, aínda que a unha distancia maior, aparece o núcleo urbano de Sigüeiro (Oroso) pegado ao límite norte do municipio de Santiago. En toda a periferia sur, que xeograficamente vén coincidir co Val da Maía, prodúcese unha forte dispersión urbana, ao aparecer salpicadas polo territorio unha serie de pequenas urbanizacións residenciais de vivenda unifamiliar, en localizacións con boa accesibilidade, e un rosario de vivendas unifamiliares dispersas. O resto do territorio, con moita menos densidade poboacional e edificatoria, está dominado por asentamentos rurais e vivendas unifamiliares dispersas. Por outra banda, débese sinalar que a localización da industria móstrase moi concentrada no municipio de Santiago, no polígono do Tambre e outros anexos, aínda que recentemente foron aparecendo outros en localizacións exteriores a este: O Milladoiro, Sigüeiro, O Pino etc.</p> <p>Tal e como se evidencia no diagnóstico estratéxico, a dispersión urbana produce un consumo insostible de solo, xera unha maior mobilidade en vehículo privado e favorece a segmentación social do espazo, que se dá con maior intensidade no ámbito do Val da Maía, nos municipios de Ames e Teo. A necesidade de conter esta dispersión pon de manifesto a necesidade dunha planificación conxunta da área urbana, máis alá dos plans de escala municipal.</p> <p>El área urbana de Santiago presenta unhas dinámicas de localización dos grupos sociais no territorio e de localización das actividades económicas que favorecen o monocentrismo, a nivel funcional, e a total dependencia das relacións entre periferia e</p>	

centro. A articulación dunha área urbana policéntrica, na que se reforcen os núcleos urbanos densos da periferia e favoreza a súa complexización funcional, levaría a unha maior autosuficiencia destes núcleos e ao funcionamento en rede da conxunto da área urbana, que resultaría menos dependente de dinámicas pendulares centro-periferia.

Na actualidade, non existe un instrumento de ordenación territorial que coordine a planificación do conxunto de municipios que conforman a área urbana, o que supón unha incapacidade para tomar decisións de planificación que permitan resolver problemáticas comúns a varios municipios. Os únicos instrumentos de carácter supramunicipal son de carácter sectorial e non comprensivo. O desenvolvemento dunha estratexia territorial integrada da área urbana de Santiago permitirá facer máis complexos os núcleos urbanos máis densos e poboados a nivel funcional, integralos a nivel de mobilidade en transporte público e convertelos en nodos dun modelo urbano policéntrico.

Actuacións

- Plan territorial integrado da área urbana de Santiago de Compostela

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Concello de Ames
- Concello de Teo
- Xunta de Galicia
- Deputación da Coruña
- Outros concellos da área de influencia: Brión, Oroso, O Pino, Boqueixón, Vedra, Val do Dubra ou Trazo.

Plans / estratexias de referencia

- Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia

Outros instrumentos de planificación para ter en conta:

- Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia
- Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL
- Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo
- Plan sectorial hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia-Costa
- Cidade da Cultura
- Parque Empresarial de Sionlla (Santiago de Compostela)
- Gasoduto Vilalba-Tui

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	x	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €	x	Entre 50.000 € e 200.000 €	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €	

Indicadores de seguimento AUE

1.1.1 Incorporáronse nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística criterios para asegurar o uso racional do solo que atendan ao principio de desenvolvemento sostible?

10.2.3. Dispónse de mecanismos efectivos para favorecer a gobernanza multinivel e, en particular, a coordinación dos instrumentos de ordenación?

1.2 REVISIÓN DA NORMATIVA MUNICIPAL E DOS INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo
Obxectivo específico AUE	OES 1.1. Ordenar o solo de maneira compatible coa súa contorna territorial
Obxectivos relacionados AUE	OE7, OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 3. Territorio e mobilidade
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB3.1. Conter a dispersión urbana e planificar conxuntamente a área urbana, máis alá dos plans de escala municipal

Carácter

- ✓ Normativa
- ✓ Planificación

Descrición

O Concello de Santiago de Compostela conta cun conxunto de instrumentos de planificación urbanística que cobren os principais aspectos para ordenar, dentro das competencias municipais. Trátase ademais de plans que mereceron diferentes recoñecementos pola súa solvencia técnica e que contribuíron ao desenvolvemento dun modelo de cidade equilibrado e respectuoso co patrimonio herdado e co medio.

Con todo, a aparición de novas realidades e problemáticas e a intensificación doutras tendencias xa coñecidas (presión turística, terciarización, dinámicas metropolitanas, mercado da vivenda etc.) fan necesario que a cidade se dote de ferramentas que lle permitan ordenar e xestionar os devanditos procesos.

Debido á dificultade que supón o proceso de revisión dos principais instrumentos de planificación, debido ás súas importantes implicacións legais e económicas, desde a Axenda Urbana Local propónse traballar cun dobre horizonte temporal, que permita dotarse, a curto prazo, dunha serie de instrumentos normativos que dean unha resposta rápida, operativa e concreta ás problemáticas máis perentorias, e ao longo do horizonte temporal de implementación da propia Axenda, abordar unha renovación integral dos plans.

Actuacións

- Modificación do PXOM para ordenar e regular os pisos turísticos en todo o ámbito municipal.
- Revisión das ordenanzas do Plan xeral de ordenación municipal e dos parámetros urbanísticos incluídos nos solos urbanizables e nos solos urbanos non consolidados para favorecer a mestura e a diversidade de usos na cidade.
- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

- Revisión do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade Histórica de Santiago de Compostela.
- Plan de xestión da cidade histórica.
- Realización do Plan Estratéxico Social e Cultural da cidade de Santiago.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

- Plan xeral de ordenación urbana de Santiago de Compostela (PXOM)

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
X	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €	x	Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AU

1.1.1. Incorporáronse nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística criterios para asegurar o uso racional do solo que atendan ao principio de desenvolvemento sostible?

1.1.2 Correlación entre urbanización de solo, dinámica demográfica, emprego e actividades económicas.

2.1.1. Incorporáronse nos instrumentos de ordenación criterios que melloren a compactidade e o equilibrio urbano na cidade consolidada e nos novos desenvolvementos?

10.1.1. As ordenanzas municipais son plenamente compatibles e coherentes coa lexislación estatal e autonómica?

10.1.2. O plan urbanístico vixente é acorde coa realidade urbana e as previsións de crecemento correspóndense cunha demanda real e efectiva?

1.3. INFRAESTRUTURA VERDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo
Obxectivo específico AUE	Mellorar as infraestruturas verdes e azuis e vincularlas co contexto natural
Obxectivos relacionados AUE	OE2, OE3
Obxectivos relacionados ODS	ODS 11, ODS13, ODS15
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 3. Territorio e mobilidade.
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB3.3. Favorecer a conectividade ambiental do conxunto da área urbana e a periferia

Carácter

- ✓ Planificación
- ✓ Financiamento

Descrición

O diagnóstico estratéxico da AUS evidencia que os elementos que conforman o sistema ambiental da área urbana de Santiago de Compostela presentan unha carencia de conectividade que permita configurar unha verdadeira malla verde territorial; con todo, si é razoable pensar que estes elementos existentes no territorio poden chegar a constituír a base para o establecemento dunha infraestrutura verde de escala territorial para a área urbana de Santiago de Compostela. Neste sentido, cómpre dicir que a cidade de Santiago podería desempeñar, a nivel de infraestrutura verde, o papel de conector ambiental dos espazos de Rede Natura 2000 da conca do río Ulla, ao sur, e do río Tambre, ao norte, actuando, neste caso o río Sar como gran conector ambiental e como columna vertebral que permita dotar dunha estrutura territorial ben articulada a área urbana de Santiago.

Coa implementación desta liña de acción preténdese xerar un modelo urbano sostible que mellore a conectividade da infraestrutura verde en Santiago e favoreza unha rexeneración das áreas ambientalmente máis degradadas, renaturalizando parte do espazo urbano, recuperando a auga das concas e o seu papel no metabolismo urbano, e aumentando a resiliencia ante os efectos do cambio climático. Supón unha oportunidade para vertebrar ambiental e territorialmente a cidade coa súa periferia urbana e rural.

A liña de actuación comprende, por unha banda o desenvolvemento dun documento de estratexia de infraestrutura verde para a cidade (xunto cos seus respectivos plans de gobernanza e participación, comunicación e concienciación, e medición e seguimento de indicadores) e por outras cinco actuacións/proxectos de execución física sobre o terreo orientados a restaurar, renaturalizar e conectar áreas de alto valor natural dentro do termo municipal de Santiago de Compostela..

Trátase dun proxecto estratéxico de renaturalización urbana e de mellora da biodiversidade que, por unha banda, permite propoñer unha estratexia transversal para mellorar a resiliencia do territorio fronte ao cambio climático e alcanzar unha

mellor provisión de servizos ecosistémicos e, por outro, ten prevista a execución de actuacións concretas orientadas a mellorar a calidade de vida da cidadanía de Santiago de Compostela e dos seus visitantes.

En canto ás actuacións concretas que se van desenvolver, pola súa importancia estratéxica como parte do anel verde da cidade, debemos destacar o espazo das Brañas do Sar, unha ampla zona verde que discorre entre a estación intermodal, o Bosque do Gaiás, que conecta co parque que Eugenio Granell e chega ata os accesos á Cidade da Cultura e o Multiúsos do Sar. Este amplo espazo é posiblemente una das áreas verdes máis estratéxicas, pero a confluencia de propiedade privada e pública en pequenas parcelas e a fragilidade do ecosistema pola súa proximidade á cidade fan necesario comezar co deseño dun plan de usos específico do espazo, co fin de acondionalo e recuperalo para uso cidadán nunha futura posta en valor.

Outra das accións previstas é o chamado anel verde perimetral, incluído nun proxecto máis amplo denominado “dobre anel”, que tamén forma parte do plan de acción da AUS Santiago. A actuación pretende implementar unha serie de melloras no anel formado polos espazos verdes que circundan o centro da cidade, potenciando a rede de sendeiros que vinculan todos estes espazos cos corredores fluviais do Sar e Sarela. Ademais de completar a rede de sendas verdes ligadas ao cinto verde perimetral, permitindo a continuidade ecolóxica, preténdese potenciar a revalorización das áreas naturais do contorno urbano.

Tamén está prevista a **restauración da zona do Xardín Botánico**, que ocupa unha superficie de 10,86 ha de titularidade pública pertencente ao Consorcio da cidade de Santiago. Na actualidade, o emprazamento (malia a súa boa localización e accesibilidade desde o centro da cidade) sofre os problemas asociados á súa carencia de uso ou función: abandono das construcións, proliferación de maleza nas parcelas e proliferación de especies invasoras, co risco de incendio que implica esta situación. A través desta actuación, preténdese mellorar o seu estado de conservación ambiental, transformando o espazo, dotándoo dunha función produtiva e xerando unha paisaxe bioalimentaria. A actuación permitirá ademais a futura posta en marcha do xardín botánico de Santiago de Compostela como espazo de conservación e educación ambiental.

Inclúese a **restauración da lagoa do Auditorio de Galicia**, unha lámina de auga artificial de 4103 m² de superficie e uns 6200 m³ de volume, construída como elemento ornamental do edificio e conformada a partir de auga do río Corgo. A súa impermeabilización logrouse mediante elementos sintéticos, hoxe en día deteriorados, e as súas marxes están protexidas por un dique de pequeno diámetro, o cal impide o crecemento da vexetación de ribeira. Polo seu deseño orixinal, ao longo dos anos, fóronse acumulando grandes cantidades de materia orgánica e sedimentos, que acugularon a lagoa e reduciron sensiblemente o seu calado, o que evidencia a necesidade de efectuar o seu dragado e a corrección dos seus elementos construtivos para evitar a necesidade de limpeza periódicas.

Incorpórase o **Plan de actuación para a renaturalización do ámbito do Hospital Clínico Universitario de Santiago**, que integra accións para ordenar e mellorar os accesos no ámbito do devandito centro hospitalario.

Unha última actuación que forma parte desta liña é a recuperación do **bosque de Canteira da Pedra de Santiago**, no monte das Santas Mariñas. O proxecto pretende

substituír os eucaliptais que actualmente copan o bosque por outras especies autóctonas, ademais de impulsar a rexeneración da propia canteira.

Actuacións

- Desenvolvemento da estratexia de infraestrutura verde de Santiago de Compostela
- Elaboración do Plan director da Alameda.
- Consolidación do Anel Verde de Santiago de Compostela a través da restauración da zona do xardín botánico, a lagoa do Auditorio de Galicia, e o impulso do Barrio Verde de Pontepedriña
- Plan de usos do espazo das Brañas.
- Recuperación do bosque de Canteira da Pedra
- Plan de actuación para a renaturalización do ámbito do Hospital Clínico Universitario de Santiago

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia
- Consorcio da cidade de Santiago de Compostela
- Asociacións e ONG de carácter ambiental
- Asociacións veciñais

Plans / estratexias de referencia

- Estudo das bases e o alcance dunha estratexia verde para Santiago de Compostela
- Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

1.2.1. Dispónse dun plan de xestión municipal do patrimonio natural e cultural, ou instrumento equivalente, para asegurar a súa adecuada conservación e posta en valor?

1.3.1. Realizouse unha planificación do desenvolvemento en rede e da conectividade das infraestruturas verdes e azuis co contexto natural?

1.3.2. Superficie de solo destinado a infraestruturas verdes urbanas sobre as que se van a realizar actuacións de recuperación, mellora e interconexión para o seu funcionamento en rede.

2.4.1. Dispónse de plans de mellora da calidade do medio natural urbano orientados á mellora das zonas verdes urbanas e á redución da contaminación?

2.4.2. Porcentaxe de poboación próxima a zonas verdes urbanas ou áreas de espaxamento.

3.1.2. Superficie de solo urbano na que se prevé realizar actuacións de mellora ou prevención de riscos naturais, incluíndo o risco de incendios e inundacións.

1.4. PROGRAMA DE REACTIVACIÓN DO RURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo
Obxectivo específico AUE	1.1. Ordenar o solo de maneira compatible coa súa contorna territorial.
Obxectivos relacionados AUE	OE6, OE7
Obxectivos relacionados ODS	ODS 2; ODS 5, ODS 11, ODS12
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 3. Territorio e mobilidade
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB3.2. Revitalizar o espazo rural a través da súa reactivación produtiva, a súa dinamización social e a posta en valor do patrimonio cultural e natural. OB4.1. Atender a vulnerabilidade, evitar a discriminación e eliminar a exclusión social

Carácter

- ✓ Gobernanza
- ✓ Financiamento

Descrición

A metade norte rural, e en especial o sector noroeste, do municipio de Santiago está moi pouco integrado na dinámicas da área urbana e presenta o perfil poboacional moi envellecido e con malas previsións de evolución demográfica.

O contorno rural da cidade de Santiago de Compostela sofre o risco de despoboarse, dun incremento insostible da dependencia debido ao envellecemento da poboación existente e dun abandono das actividades produtivas que produza a perda de solo agrícola e a súa substitución por plantacións forestais de baixo valor engadido.

Esta tendencia ao abandono do rural que dificulta a posta en valor do territorio e a renovación das explotacións agrícolas e gandeiras podería ser revertida se se aproveita a oportunidade que ofrece o actual incremento da valoración social da produción local e dos produtos km 0, que favorecerá a produción de territorios en perigo de abandono. Ademais, a existencia de solo agrícola procedente da concentración parcelaria pode ser o soporte para xerar unha nova paisaxe produtiva e pór en valor o solo periurbano, ben conectado coa cidade.

Así, o mantemento da actividade económica e o emprego no rural de Santiago de Compostela convértese nunha prioridade municipal. Neste contexto, a agricultura local e a comercialización de produtos ligados á explotación agraria en circuitos curtos adquiren un papel moi relevante. Trátase de achegar a parte produtora á consumidora eliminando barreiras de intermediarios e aforrando en gastos de transporte. A produción de alimentos oríentase ao seu consumo nunha zona razoablemente próxima á explotación produtora e a venda directa é a clave. Son moitos os sistemas de

comercialización directa que existen, pero no marco da AUS preténdese apostar por dúas:

- A venda directa á restauración, aproveitando o potencial que ofrece o elevado nivel da gastronomía galega e, máis concretamente, de Santiago de Compostela, cidade que conta coa presenza de varios restaurantes con estrela Michelin.
- A venda directa aos xestores dos grandes centros de consumo colectivo, que lles garantirá ás explotacións produtoras unha certa constancia na demanda, moi importante para planificar a súa produción.

Baseándose tamén no aproveitamento da produción local e de proximidade, incorpórase nesta liña de acción o **desenvolvemento dun novo modelo de comedores escolares** que teña como referente a aposta polo produto local e de quilómetro cero nos menús dos colexios e que se sustente nun verdadeiro plan pedagóxico municipal. Esta actuación está aliñada ademais coa dimensión 4 da AUS, Diversidade, cohesión social e inclusión, e contribúe ao obxectivo 4.1. Atender a vulnerabilidade, evitar a discriminación e eliminar a exclusión social.

A modo de complemento das actuacións descritas, prevese a posta en marcha dun centro de transformación e de produtos da horta que contribuirá a que os pequenos produtores locais poidan elaborar produtos cos excedentes das súas hortas, de maneira que, unha vez transformados, tamén poidan ser comercializados.

Ademais, tendo en conta que as mulleres constitúen a columna vertebral da economía rural, son precisamente elas as que poden converterse nos axentes do cambio no ámbito da agricultura e o desenvolvemento do rural de Santiago.

Por último, contemplase o impulso e desenvolvemento de diferentes accións e programas orientados a por en valor o rural de Santiago.

Actuacións

- Deseño e desenvolvemento dun circuíto curto de comercialización de alimentos entre produtores locais e restauradores.
- Deseño e desenvolvemento dun circuíto curto de comercialización de alimentos entre produtores locais e xestores dos grandes centros de consumo.
- Desenvolvemento dun novo modelo de comedores escolares baseado no aproveitamento da produción local e de proximidade e que incorpore produtos quilómetro cero aos menús dos colexios.
- Centro de transformación de produtos da horta.
- Creación de contornas para o lecer e favorecer a práctica deportiva aproveitando recursos fluviais das zonas rurais do noso municipio, como a contorna de Ponte Albar.
- Desenvolvemento de programas como "Faite Ver" para fomentar os desprazamentos a pé no rural.
- Acondicionamento de espazos de convivencia interxeracional como parques, Centros Socioculturais ou espazos multiúsos.
- Deseño de rutas BTT para promocionar o lecer alternativo no rural.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela

- Asociacións e cooperativas de produtores locais
- Entidades xestoras dos grandes centros de consumo
- Grupo Nove
- Cociñeiras e Cociñeiros Sostibles de Galicia
- Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

-Estratexia “Da granxa á mesa”

Prazo de execución

<input type="checkbox"/>	Inferior a 1 ano	<input type="checkbox"/>	Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
<input type="checkbox"/>	Entre 5 e 8 anos	<input type="checkbox"/>	Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

<input type="checkbox"/>	Menos de 50.000 €	<input type="checkbox"/>	Entre 50.000 € e 200.000 €	X	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
<input type="checkbox"/>	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	<input type="checkbox"/>	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

1.1.3. Orzamento das actuacións previstas de fomento da actividade agrícola, gandeira e de desenvolvemento rural sostible no solo preservado da transformación urbanística.

1.5. CATÁLOGO / PLAN DE XESTIÓN DE PATRIMONIO NATURAL

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo
Obxectivo específico AUE	1.2. Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe
Obxectivos relacionados AUE	OE7
Obxectivos relacionados ODS	OE13, OE15
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB6.3. Conservar o patrimonio natural e mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático

Carácter

-Planificación

Descrición

O patrimonio natural de Santiago de Compostela e a súa área urbana está fundamentalmente ligado á súa rede fluvial. O río Tambre, ao norte do municipio, está protexido nunha parte do seu percorrido como espazo de Rede Natura 2000. Os ríos Sar e Sarela son os principais soportes de zonas verdes e espazos de natureza na cidade e tamén enlazan con espazos de Rede Natura 2000, ao paso do río Sar polo núcleo de Bertamiráns e desde aí ata a súa desembocadura no río Ulla. Tamén é destacable a este respecto o conxunto dos montes que rodean a cidade.

Aínda que o Plan xeral de ordenación municipal conta cun catálogo no que se identifican os bens naturais e paisaxísticos, o Concello adoece dun instrumento específico que garanta a adecuada conservación e posta en valor do seu patrimonio natural. En resposta a esta carencia, no marco desta liña de acción desenvolverase un catálogo específico ou plan de xestión do patrimonio natural a nivel municipal.

Actuacións

- Elaboración dun catálogo de patrimonio natural de Santiago de Compostela
- Declaración de Espazo Natural de Interese Local (ENIL) dalgúns espazos a protexer

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Asociacións e ONG de carácter ambiental

Plans / estratexias de referencia

- Catálogo o Plan xeral de ordenación municipal

- Compostela verde

Prazo de execución

<input type="checkbox"/>	Inferior a 1 ano	<input type="checkbox"/>	Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
<input type="checkbox"/>	Entre 5 e 8 anos	<input type="checkbox"/>	Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

X	Menos de 50.000 €	<input type="checkbox"/>	Entre 50.000 € e 200.000 €	<input type="checkbox"/>	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
<input type="checkbox"/>	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	<input type="checkbox"/>	Máis de 3.000.000,00 €	<input type="checkbox"/>	

Indicadores de seguimento AUE

1.2.1. Dispónse dun plan de xestión municipal do patrimonio natural e cultural, ou instrumento equivalente, para asegurar a súa adecuada conservación e posta en valor?

1.2.2. Orzamento das actuacións previstas de mellora e/ou conservación do patrimonio natural e cultural, incluíndo as encamiñadas á mellora da conexión urbana-rural.

1.6 PLAN DE ACCIÓN DA PAISAXE DA COMARCA PAISAXÍSTICA DE TERRA DE SANTIAGO-A BARCALA

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo
Obxectivo específico AUE	1.2. Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe
Obxectivos relacionados AUE	OE10
Obxectivos relacionados ODS	OE13, OE15
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB6.3. Conservar o patrimonio natural e mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático

Carácter

- Planificación
- Gobernanza

Descrición

O Catálogo das paisaxes de Galicia enmarca a área de Santiago de Compostela dentro da Gran Área Paisaxística Central, que, á súa vez, para os efectos da catalogación, se subdivide en oito comarcas paisaxísticas. Na comarca paisaxística de Terra de Santiago-A Barcala, non só aparecen os municipios de carácter metropolitano como Santiago, Ames, Teo e Brión, senón tamén outros como Vedra; partes de Boqueixón, Padrón, Rois e Negreira; ou A Baña e Val do Dubra.

As principais unidades de paisaxe que configuran o territorio da área urbana de Santiago son as seguintes:

- Unidades con tipo de paisaxe conxunta histórico,
- Unidades con tipo de paisaxe urbana
- Unidades con tipo de paisaxe rururbana (diseminada)
- Unidades con tipo de paisaxe de agrosistema intensivo (plantación forestal)
- Unidades con tipo de paisaxe de agrosistema intensivo (mosaico agroforestal)
- Unidades con tipo de paisaxe de agrosistema extensivo
- Unidades con tipo de paisaxe de matogueira e rochedo

Polo que se refire ás políticas de paisaxe, o marco regulador galego deriva do Convenio Europeo da Paisaxe (CEP), que deu lugar á aprobación da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Esta lei establece os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe na comunidade autónoma galega e o seu desenvolvemento está a articularse a través da **Estratexia da Paisaxe de Galicia** e das súas sucesivas revisións. Por mor destes traballos, fóronse aprobando diferentes instrumentos normativos e técnicos: Catálogo das paisaxes de Galicia, Mapa das Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia, Regulamento da Lei de protección da paisaxe

de Galicia e Directrices de paisaxe de Galicia. A propia estratexia da paisaxe de Galicia prevé a elaboración de plans de acción da paisaxe comarcais ou municipais.

Polo momento, **non existe instrumento específico ningún de ordenación da paisaxe da cidade de Santiago de Compostela nin da súa área urbana**. En primeiro lugar, porque o PXOM de 2007 é anterior e, por tanto, non recolle as determinacións das Directrices de Paisaxe; pero tampouco se desenvolveron catálogos nin directrices locais, nin plans de acción da paisaxe ou pactos pola paisaxe. É por iso que ao abeiro da AUS se propón como unha actuación específica orientada á elaboración dun plan de acción da paisaxe da comarca paisaxística Terra de Santiago-A Barcala. Con carácter previo á elaboración deste e para asegurar a participación de todas as partes interesadas, formárase unha comisión específica na que estarán representados todos os municipios que forman parte da comarca paisaxística, a Xunta de Galicia e as principais asociacións e ONG de carácter ambiental.

Actuacións

- Creación da comisión para a elaboración do plan de acción da paisaxe da comarca paisaxística Terra de Santiago-A Barcala.
- Elaboración dun plan de acción da paisaxe da comarca paisaxística Terra de Santiago-A Barcala.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Concellos da comarca paisaxística de Terra de Santiago-A Barcala
- Xunta de Galicia
- Asociacións e ONG de carácter ambiental

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia da Paisaxe de Galicia
- Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica
- Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela (Patrimonio da Humanidade-UNESCO)

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

X	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

1.2.1. Disponse dun plan de xestión municipal do patrimonio natural e cultural, ou instrumento equivalente, para asegurar a súa adecuada conservación e posta en valor?

10.2.3. Disponse de mecanismos efectivos para favorecer a gobernanza multinivel e, en particular, a coordinación dos instrumentos de ordenación?

1.7. VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo
Obxectivo específico AUE	1.2. Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe
Obxectivos relacionados AUE	OE2, OE3, OE7, OE10
Obxectivos relacionados ODS	OE11, OE13, OE15
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 5. Educación, patrimonio e cultura
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB5.3. Xerar novos atractores a través da recuperación de patrimonio natural e cultural e a posta en marcha de iniciativas de carácter cultural fóra dos puntos máis saturados turisticamente

Carácter

- ✓ Financiamento
- ✓ Gobernanza

Descrición

Santiago de Compostela atópase situada entre as concas do río Sar e Sarela, o que lle confire unhas características naturais e culturais singulares á cidade. Grandes espazos de bosque de ribeira constitúen un excelente recurso natural co que potenciar a renaturalización e resiliencia de Santiago. A proximidade do río á cidade e a progresiva humanización da contorna leva un risco asociado de vulnerabilidade a avenidas, perda de biodiversidade ou fragmentación de hábitats.

Esta liña de acción pretende a valorización dos elementos patrimoniais de carácter natural e arqueolóxico de Santiago de Compostela mediante intervencións de mellora e conservación.

Unha das zonas obxecto de intervención será o Bosque do Banquete de Conxo, na ribeira do río Sar. Este elemento patrimonial atopábase pechado ao público ata a primavera de 2018 (pertencía exclusivamente ao psiquiátrico de Santiago). Trátase dun cofre botánico que careceu de calquera tipo de xestión e que actualmente se atopa en estado de abandono (presenza de vexetación invasora, erosión de marxes do río, drenaxes de auga sen tratar desde a autoestrada, elementos de patrimonio cultural abandonados...).

É unha zona dun gran valor natural e histórico. Conta con exemplares arbóreos de dimensións excepcionais (plátanos, amieiros, carballos...) entre os que destaca a presenza dalgúns carballos centenarios, representantes da antiga carballeira que rodeaba toda a zona. O máximo expoñente arbóreo é o Carballo de Conxo, de 250

anos, nomeada a Árbore Europea do Ano 2022. Entre eles, conviven abundantes eucaliptos e outras especies que invaden o seu espazo vital.

Tal e como se evidencia no diagnóstico estratéxico da AUS, as concas do río Sar e Sarela son consideradas espazos de oportunidade da transformación da cidade. A actuación persegue non só unha **mellora ambiental da zona, creando un espazo saudable para o uso da cidadanía, senón tamén a restauración e posta en valor de elementos de patrimonio natural, histórico e cultural**, únicos no municipio como a antiga carballeira, o carballo de Conxo e o propio banquete de Conxo, patrimonio inmaterial que forma parte da memoria colectiva da cidade.

Pero a riqueza natural e cultural da área urbana de Santiago abarca outros elementos de carácter tanto material como inmaterial que é necesario conservar e pór en valor para facer de Santiago de Compostela unha cidade cada vez máis atractiva para vivir e visitar.

Concretamente, a Terra de Santiago é unha área rica en todo tipo de manifestacións rupestres. O parque Compostela Rupestre é un proxecto que une os concellos de Santiago, Ames, Brión, Teo e Val do Dubra arredor do patrimonio cultural escrito na pedra. Trátase dunha iniciativa, apoiada pola Deputación da Coruña, orientada a pór en valor o parque Compostela Rupestre para achegarlle á cidadanía unha das áreas máis importantes en arte rupestre que hai en Galicia.

Tamén se actuará sobre o Castelo de Rocha Forte, coa ampliación da intervención arqueolóxica no castelo e mediante accións para a súa divulgación e recuperación, e a valorización da paisaxe tradicional e natural que o rodea, así como o remate das conexións deste pulmón verde coa cidade a través do Castriño de Conxo e o novo barrio de Santa Marta.

Ademais, seguirase traballando na posta en valor da paisaxe nocturna da cidade a través de actuacións como o miradoiro das estrelas no Pedroso.

Por último, elaborárase o Plan especial director de ordenación e rehabilitación do camiño Francés, cuxa finalidade é a protección, a rehabilitación e a mellora do camiño Francés no Concello de Santiago de Compostela.

Actuacións

- Valorización dos elementos patrimoniais de carácter natural e arqueolóxico
- Valorización dos elementos patrimoniais do Banquete de Conxo e do Carballo de Conxo a través da creación do Bosque da Saúde.
- Valorización do parque Compostela Rupestre, incluíndo a **construción do Centro de Interpretación da arte rupestre de Villestro**.
- Castelo de Rocha Forte: ampliación da intervención arqueolóxica no castelo e da súa divulgación; a recuperación e a valorización da paisaxe tradicional e natural que o rodea; e o remate das conexións deste pulmón verde coa cidade a través do Castriño de Conxo e o novo barrio de Santa Marta.
- Miradoiro das estrelas no Pedroso para a posta en valor da paisaxe nocturna da cidade

- Plan especial director de ordenación e rehabilitación do camiño Francés

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Asociacións e ONG de carácter social e cultural
- Universidade de Santiago de Compostela
- Concellos de Ames, Brión, Teo e Val do Dubra
- Deputación da Coruña

Plans / estratexias de referencia

- Estudo das bases e o alcance dunha estratexia verde para Santiago de Compostela
- Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032
- Catálogo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
- Catalogación de Xacementos Prerromanos do Concello de Santiago

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano	X	Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
X	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

1.2.2. Orzamento das actuacións previstas de mellora e/ou conservación do patrimonio natural e cultural, incluíndo as encamiñadas á mellora da conexión urbana-rural.

1.2.3. Superficie de edificios ou lugares pertencentes ao patrimonio cultural rehabilitados ou mellorados.

1.3.2. Superficie de solo destinado a infraestruturas verdes urbanas sobre as que se van realizar actuacións de recuperación, mellora e interconexión para o seu funcionamento en rede.

3.3.2. Superficie de solo urbano na que se prevén realizar actuacións de mellora ou creación de zonas verdes e/ou espazos abertos baseados en modelos autóctonos e criterios bioclimáticos.

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos de patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

OE2. EVITAR A DISPERSIÓN URBANA E REVITALIZAR A CIDADE EXISTENTE

2.1. AMPLIACIÓN E ACTIVACIÓN DE ESPAZOS DE CONVIVENCIA CIDADÁ

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente
Obxectivo específico AUE	2.3. Garantir a calidade e a accesibilidade universal dos espazos públicos
Obxectivos relacionados AUE	OE6, OE7, OE10
Obxectivos relacionados ODS	ODS2, ODS10, ODS11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB2.3. Favorecer a configuración do centro urbano como espazo de convivencia entre todas as persoas

Carácter

✓ Financiamento

Descrición

Os espazos públicos que articulan a trama urbana son a rúa, a praza e as zonas verdes. Un dos aspectos máis destacados da cidade de Santiago de Compostela é a calidade e a monumentalidade dos espazos públicos da cidade histórica. O conxunto de prazas que rodean a Catedral (Obradoiro, Praterías, Quintana e Inmaculada/Azabachería) forman un complexo sistema de espazo público e arquitectura monumental de calidade excepcional. O Centro histórico conta con outras prazas de gran valor urbano e arquitectónico como Toural, Mazarelos ou Cervantes, entre outras. Con todo, a presenza de zonas verdes no centro histórico é moi baixa.

No ensanche as poucas prazas existentes (Galicia, Vigo, Roxa etc.) presentan un predominio do seu uso como nós viarios, fronte ao uso como espazos públicos. Así, o ensanche carece de suficientes espazos públicos de convivencia e intercambio social e os que hai non se adaptan ás necesidades de todos os grupos de poboación.

Nos barrios periféricos existe unha boa dotación e distribución de espazos públicos, resultado das cesións urbanísticas previstas no plan, que permite falar dun grao de servizo máis que aceptable

Esta liña de acción nace para dar resposta ás necesidades anteriormente identificadas a través de tres tipos de actuacións: (1) Apertura dun pulmón verde no centro histórico de Santiago de Compostela; (2) Adaptación dos espazos públicos de barrio existentes para crear unha rede de espazos públicos complementarios entre eles e (3) Adaptación do mobiliario urbano para xerar espazos de convivencia.

-Apertura dun pulmón verde no centro histórico da cidade: parque de Belvís. Identificado como un dos espazos de oportunidade para a transformación da cidade, a intervención amplía en máis de trinta mil metros cadrados o actual parque de Belvís, que actualmente se estende desde as traseiras de San Pedro ata Sar, tocando tamén os bordos de Belvís e Os Pexigos. Para este último barrio, un dédalo de rúas estreitas,

o parque supón unha importante bomba de osíxeno que contribuirá a revalorizar e recuperar a zona. Desde Os Pexigos hai dous accesos ao novo xardín, un deles unha terraza de pedra ampla desde a que se contempla todo o gran parque.

-Adaptación dos lugares públicos de barrio existentes para crear unha rede de espazos complementarios entre eles. Creación dunha rede de espazos públicos con carácter e de pequeno tamaño vinculados aos barrios, adaptando as actuais prazas e parques para dinamizar as rúas e crear unha interconexión entre barrios a través de usos complementarios. Estes espazos públicos terán usos diversos, como deportivos, zonas para charlar, merendeiros, zonas de xogos de mesa etc. Para levar a cabo esta actuación, en primeiro lugar, localizaranse as prazas ou parques que actualmente se encontran en situación de uso xenérico ou sen interese en cada un dos barrios de Santiago de Compostela, con especial atención aos máis desfavorecidos e con peores condicións de espazo público. En segundo lugar, crearase un programa de usos complementarios para as prazas en colaboración coa cidadanía e os sectores máis dependentes destes lugares públicos, como son as persoas maiores e as máis novas, e, por último, emprenderase a rehabilitación das prazas unha a unha e contando, no momento de deseño, coa cidadanía como axente propositivo e de valoración das propostas. A intervención garantizará a accesibilidade universal aos espazos públicos obxecto dela.

-Substitución e adaptación do mobiliario urbano para xerar espazos de convivencia. Os distintos elementos que integran o mobiliario urbano son obxectos que resultan esenciais para a xeración de espazos públicos, espazos de intercambio e interrelación. Un mesmo obxecto en diferentes contextos ofrécelles ás persoas usuarias distintas posibilidades de uso. Por exemplo, os bancos, cando están dispostos de modo lineal, convértense un punto de descanso, pero se se dispoñen agrupados nun recuncho dunha praza, favorecen o encontro e convidan á socialización das persoas usuarias; se se colocan ao redor dun parque de xogos infantís, constitúen un punto de observación da devandita zona. A través desta actuación, preténdese desenvolver un piloto na praza Roxa de Santiago de substitución e adaptación do mobiliario urbano, con criterios de accesibilidade universal, para lograr que a devandita praza, situada no centro do ensanche se converta nun espazo de socialización, convivencia e interrelación entre as persoas usuarias.

Por último, impulsarase a actividade musical e cultural en espazos públicos da cidade para fomentar a convivencia cidadá, non só nas zonas máis céntricas da cidade, senón tamén nos barrios máis periféricos, que así atraerán poboación doutras zonas, o que contribuirá á súa revitalización.

Actuacións

- Apertura dun pulmón verde no centro histórico da cidade: parque de Belvís
- Adaptación dos espazos públicos de barrio existentes para crear unha rede de espazos públicos complementarios entre eles
- Substitución e adaptación do mobiliario urbano para xerar espazos de convivencia
- Impulso da actividade musical e cultural en espazos públicos da cidade

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Consorcio da cidade de Santiago
- Cidadanía, a través dos distintos órganos de participación da cidade

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032
- Plan director de zonas verdes e espazo públicos de Santiago de Compostela

Prazo de execución

X	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
X	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

2.1.2. Porcentaxe de poboación próxima aos principais servizos básicos

2.3.2. Superficie de solo destinado a espazos públicos urbanizados, sobre a que se van realizar actuacións de mellora de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas

2.4.2. Porcentaxe de poboación próxima a zonas verdes urbanas ou áreas de espaxamento.

2.4.3. Superficie de solo urbano suxeita a actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora.

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental.

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos de patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

2.2. DESENVOLVEMENTO DE ESPAZOS DE OPORTUNIDADE NO CENTRO URBANO DE SANTIAGO

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente
Obxectivo específico AUE	OES 2.2. Garantir a complexidade funcional e a diversidade de usos
Obxectivos relacionados AUE	OE10
Obxectivos relacionados ODS	ODS11, ODS17
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB 2.1. Apostar por unha cidade compacta, cohesiva, conectada e accesible, coa creación de contornos urbanos de calidade, con densidades axustadas e a proximidade necesaria de bens e servizos demandados pola cidadanía.

Carácter

- ✓ Gobernanza
- ✓ Planificación

Actuacións

No diagnóstico do modelo de cidade de Santiago de Compostela identifícase como unha debilidade a carencia de espazos públicos de convivencia e intercambio social no ensanche, que con todo é o espazo urbano que concentra máis actividades. O ensanche santiagués ten unha grande importancia tanto a nivel residencial, como da súa capacidade para concentrar actividades terciarias, comerciais e de oficinas, polo que a xestión urbanística de ámbitos de solo urbano non consolidado no interior da cidade debe ser unha actuación prioritaria.

Neste contexto identifícase como espazo de oportunidade para a transformación urbana a parcela do antigo colexio Manuel Peleteiro (MP-OE-4/PERI-12) que, cunha superficie de 0,53 ha é un dos últimos espazos en transformación dispoñibles no ensanche e, pola súa posición e dimensións, pode ter un papel moi relevante na introdución de novos usos ou na mellora de determinadas dotacións no centro urbano de Santiago.

A aprobación do plan especial permitirá desenvolver a proposta presentada pola propiedade da parcela, que conta actualmente co acordo da veciñanza e comerciantes, e que implica a mellora dos parámetros fundamentais incluídos no plan xeral, que parten dun aproveitamento de 23 500 m² edificables, con cesión dun espazo libre de uso público de 1395 m² de solo, e dun local para equipamento comunitario acondicionado de uso público de 900 metros cadrados. La modificación do Plan xeral de ordenación municipal cos parámetros urbanísticos negociados coa propiedade (a Sareb e un fondo de investimento americano) reduce a edificabilidade actual e reconverte o uso hoteleiro e parte do comercial en residencial, o que aumentará o número de vivendas previstas. Así, na parcela poderanse construír ao redor de 150 vivendas, das cales polo menos un 20 por cento terán que ser destinadas a vivenda social. Así, construíranse vivendas nun espazo de 15 000 metros cadrados e serán 3234 metros cadrados os que se destinen a

uso comercial, que só poderá estar na planta baixa. Ademais, o espazo contará cunha gran praza que contribuirá a incrementar o número de espazos públicos de convivencia no ensanche da cidade.

Actuacións

- Xestión urbanística de ámbitos de solo urbano non consolidado no interior da cidade
- Aprobación definitiva do plan parcial da parcela do antigo colexio Manuel Peleteiro (MP-OE-4/PERI-12)

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Comisión mixta: asociacións veciñais e comerciantes da zona, grupos políticos municipais, persoal técnico municipal, propiedade da parcela.

Plans / estratexias de referencia

- Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela.

Prazo de execución

X	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

X	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

2.2.1. Incorporáronse nos instrumentos de ordenación criterios que melloren a complexidade funcional e a mestura de usos na cidade consolidada e nos novos desenvolvementos?

2.2.2. Superficie de solo urbano na que se van realizar actuacións de mellora e readecuación dos usos, para favorecer a proximidade e a diversidade de usos na cidade.

10.1.2. O plan urbanístico vixente é acorde á realidade urbana e as previsións de crecemento correspóndense cunha demanda real e efectiva?

2.3. MELLORA DO MEDIO AMBIENTE URBANO E INCREMENTO DO ESPAZO PÚBLICO PARA A CIDADANÍA	
<u>Aliñación estratéxica</u>	
Obxectivo estratéxico AUE	OE 2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente
Obxectivo específico AUE	OES 2.5. Impulsar a rexeneración urbana
Obxectivos relacionados AUE	OE4, OE6
Obxectivos relacionados ODS	ODS 10, ODS11, ODS13
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB 2.1. Apostar por unha cidade compacta, cohesiva, conectada e accesible, coa creación de contornos urbanos de calidade, con densidades axustadas e a proximidade necesaria de bens e servizos demandados pola cidadanía.
<u>Carácter</u>	
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Financiamento ✓ Gobernanza 	
<u>Descrición</u>	
<p>Segundo o Observatorio da Vulnerabilidade Urbana do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no seu informe de 2011, en Santiago existen dúas áreas estatísticas vulnerables (AEV). Ambas presentan baixos niveis de vulnerabilidade, vinculados unicamente ao indicador de estado das vivendas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O AEV 1507801 abarca gran parte do centro histórico, prolongándose polo intercambiador de Xoán XXIII e o seu contorno. Ten unha superficie de 56,16 ha e unha poboación de 3645 persoas e alberga 2905 vivendas, do que resulta unha densidade de 51,72 viv./ha e 6490 hab./km². Presentaba en 2011 unha vulnerabilidade baixa tanto no nivel de estudos da poboación como no nivel de paro, e superaba levemente o índice de vulnerabilidade polo estado das vivendas, cun 18,07 % fronte ao 17,50 % do valor de referencia. - O AEV 1507802 ocupa o lado oeste da avenida de Lugo. Con 34,27 ha de superficie, 4595 habitantes e 2555 vivendas, do que resulta unha densidade de 74,55 viv./ha e 13 407 hab./km². Presentaba en 2011 unha vulnerabilidade baixa tanto no nivel de estudos da poboación como no nivel de paro, e superaba levemente o índice de vulnerabilidade polo estado das vivendas (17,50 %), cun 18,98 %. <p>Segundo o Instituto Galego de Vivenda e Solo, no municipio de Santiago detectáronse un total de catro ARI, cun total de 4799 vivendas obxecto de rehabilitación. Destaca a área de Rehabilitación do Centro histórico de Santiago, que, con 2407 vivendas, supón un 50 % do total. No resto de ámbitos trátase de polígonos residenciais de bloque aberto das décadas de 1960 e 1970 do século pasado: ARI Polígono de Vista Alegre, ARI Grupos de Vivendas “Compostela e Cardeal Quiroga Palacios” do Barrio de</p>	

Pontepedriña , ARI Barrio de Vite (Área de Rehabilitación Integral Xeral) e ARI Centro histórico de Santiago de Compostela (Área de Rehabilitación de Centro histórico).

Neste contexto, o Concello de Santiago procurará a ampliación do ámbito declarado (ERRP e/ou ARI) como promocións públicas do Ministerio de Vivenda do século_XX, ata a totalidade do ámbito cualificado dentro da Ordenanza 9 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, co obxecto de poder incluílas en futuros plans e programas de fomento da rehabilitación edilicia destes ámbitos e, por tanto, da mellora da calidade de vida dos seus residentes e da eficiencia enerxética dos edificios.

Por outra banda, en colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), porase en marcha un programa de mellora e rehabilitación de edificios de uso predominantemente residencial con criterio de eficiencia enerxética. Este programa poderíase complementar con actuacións orientadas á optimización e mellora do aproveitamento do parque inmobiliario existente, así como cun programa específico de vivendas baleiras e rehabilitación de baixos na cidade histórica, co fin de aproveitalos para a dinamización da actividade económica de empresas, persoas autónomas, comercio etc.

Ademais, avanza na mellora da calidade urbana dos espazos públicos mediante actuacións como rehabilitacións de rúas e o incremento do espazo público para a cidadanía. De xeito específico, aborda a rexeneración das rúas Restollal e Cruceiro da Coruña e do seu contorno.

Outro dos aspectos que deben contribuír ao desenvolvemento dunha cidade amable, cohesiva e accesible é mellorar o encaixe entre oferta e demanda de postos escolares. Para iso necesítase un mapa escolar actualizado e proxectalo para as dúas próximas décadas, de maneira que a ampliación e construción dos centros priorice os espazos de maior demanda e menor oferta. Axustar ambas permitirá unha organización escolar acorde cunha cidade cohesiva e accesible que limita os desprazamentos dos estudantes e as súas familias, co que iso implica en termos de elección do modo de transporte. A redución de traxectos en autobuses escolares e vehículos individuais favorece a sostibilidade ambiental e reduce a conxestión, á vez que dá impulso á mobilidade branda. Simultaneamente, a aposta pola proximidade favorece a articulación social e a utilización xeneralizada dos centros escolares como puntos de encontro entre a xente nova que hoxe carece de oferta suficiente e atractiva fronte a outro tipo de lecer nocivo.

Actuacións

- Mellora ou rehabilitación de edificios de uso predominantemente residencial con criterios de eficiencia enerxética.
- Optimización e mellora do aproveitamento do parque inmobiliario existente.
- Programa de rehabilitación de baixos e vivendas baleiras na cidade histórica.
- Ampliación do ámbito declarado (ERRP e/ou ARI) como promocións públicas do Ministerio de Vivenda do século_XX, ata a totalidade do ámbito cualificado dentro da Ordenanza 9 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, co obxecto de poder incluílas en futuros plans e programas de fomento da rehabilitación edilicia destes ámbitos e, por tanto, da mellora da calidade de vida dos seus residentes e da eficiencia enerxética dos edificios.
- Mellora da calidade urbana dos espazos públicos.
- Reconfiguración da sección e renaturalización de rúas e avenidas sobredimensionadas da cidade.
- Rehabilitación de rúas e incremento do espazo público para a cidadanía.

- Rexeneración da rúa Restollal e do seu contorno.
- Actualización do mapa escolar

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia: Instituto Galego da Vivenda e Solo
- Persoas promotoras interesadas en levar a cabo a rehabilitación de edificios de uso predominantemente residencial con criterios de eficiencia enerxética
- Centros escolares

Plans / estratexias de referencia

- ARI Polígono de Vista Alegre
- ARI Grupos de Vivendas “Compostela e Cardeal Quiroga Palacios” do Barrio de Pontepedriña.
- ARI Barrio de Vite (Área de Rehabilitación Integral Xeral)
- ARI Centro histórico de Santiago de Compostela (Área de Rehabilitación de Centro histórico).

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
X	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

2.5.2. Orzamento das actuacións de rexeneración urbana previstas en barrios vulnerables desde o punto de vista social, económico ou ambiental.

2.6.3. Número de vivendas suxeitas a actuacións de rehabilitación

2.6.2. Superficie de edificios suxeitos a actuacións de rehabilitación.

6.1.2. Orzamento investido en actuacións realizadas en barrios vulnerables desde o punto de vista social, económico ou ambiental.

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental.

2.4. PROGRAMA DE ACCESIBILIDADE MUNICIPAL

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente
Obxectivo específico AUE	OES 2.3. Garantir a calidade e a accesibilidade universal dos espazos públicos
Obxectivos relacionados AUE	OE6
Obxectivos relacionados ODS	ODS10, ODS11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB 2.1. Apostar por unha cidade compacta, cohesiva, conectada e accesible, coa creación de contornos urbanos de calidade, con densidades axustadas e a proximidade necesaria de bens e servizos demandados pola cidadanía.

Carácter

- ✓ Planificación
- ✓ Financiamento

Descrición

O Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela considera que é preciso deseñar un novo esquema de mobilidade e accesibilidade, específico para a cidade histórica, tanto para o seu espazo libre como para edificios, apropiado para a sensibilidade do contorno do patrimonio e as condicións particulares das persoas residentes en xeral. Este novo esquema debe tomar a forma de plan e comprometer os diversos axentes involucrados para adoptar as medidas necesarias para facer compatible a accesibilidade para residentes con mobilidade reducida e para todo tipo de residentes, a accesibilidade de persoas usuarias ás funcións centrais urbanas e de capitalidade galega, persoas usuarias das súas actividades culturais e creativas e, ao mesmo tempo, establecer unhas condicións de uso do espazo público transitible onde prevaleza o dereito do peón e unha estancia comfortable.

Neste sentido, o programa de accesibilidade municipal da AUS comprende tres tipos de actuacións. En primeiro lugar, a elaboración dun plan de accesibilidade universal, que terá como obxectivo principal facer accesible gradualmente o contorno existente, co fin de que todas as persoas o poidan utilizar libre e autonomamente e contribuír así á mellora da calidade ambiental e á calidade de vida de todas as persoas. En segundo lugar, dúas intervencións concretas, a mellora da accesibilidade na praza de Galicia e a creación dun itinerario accesible de entrada ao Pazo de Xelmírez.

- Mellora da accesibilidade na praza de Galicia. Aínda que esta praza non está incluída dentro do ámbito da cidade histórica, atópase en contacto co seu límite sur e utilízase como punto de partida para a liña de autobuses que conecta o centro da cidade co aeroporto internacional de Lavacolla (ademais de albergar outras paradas de autobuses utilizadas por numerosas liñas urbanas). A situación actual de desequilibrio existente entre as zonas peonís e as destinadas ao tráfico de vehículos no ámbito da praza de Galicia provoca numerosos problemas de utilización e de mobilidade para os e as transeúntes. O funcionamento da praza a nivel de tráfico é similar ao dunha gran rotonda,

na que un dos carrís destinados a vehículos (concretamente o máis próximo ao centro da praza) se destina case exclusivamente ao tráfico de entrada e saída do aparcadoiro situado no subsolo do espazo público. As disfuncións actuais no funcionamento do contorno da praza de Galicia fan necesaria unha intervención máis ampla de reorganización da totalidade do seu espazo de forma conxunta coas vías urbanas do seu contorno, actuación que se abordará a máis longo prazo e que forma parte da liña de acción 2.5 do presente plan de acción da AUS. A intervención que se vai levar a cabo xa nunha primeira fase, por motivos de urxencia, redúcese á ampliación de beirarrúas e a remodelación de carrís de circulación e pasos de peóns en localizacións concretas, onde sexa imprescindible **mellorar as condicións de accesibilidade e seguridade de utilización das zonas peonís, con especial atención ás zonas de paradas dos autobuses urbanos**. Así, a actuación permitirá renovar a paisaxe urbana nesta zona neurálxica da cidade, reducir a contaminación atmosférica e os niveis de ruído, fomentar o nivel de socialización cidadá e aumentar a actividade peonil, humanizar o centro da cidade e mellorar a accesibilidade na cidade histórica.

-Creación de itinerario accesible de entrada ao Pazo de Xelmírez . O acceso ao Pazo de Xelmírez, un dos principais recursos turísticos da cidade, situado no centro histórico, realízase actualmente a través dunha entrada disposta na fachada oeste que dá cara á praza do Obradoiro e que non reúne as condicións de accesibilidade e seguridade de utilización, xa que a diferenza de altura entre a rasante da praza e o nivel interior do chan resólvese actualmente a través dunhas escaleiras con gran número de chanzos. A Fundación Catedral de Santiago promove actualmente a redacción do plan director do Pazo de Xelmírez e ten tomada a decisión de centralizar o acceso ao Museo da Catedral e ás visitas ao Pórtico da Gloria e ás cubertas da catedral a través dunha única entrada, concretamente, a porta existente baixo o Arco de Xelmírez, que comunica directamente co salón da planta baixa do pazo medieval. Esta decisión implica a necesidade de redactar un proxecto de reforma do espazo público na rúa do Arco de Xelmírez, que permita dispor dun itinerario accesible para o Pazo de Xelmírez desde a praza do Obradoiro.

Por último, o programa de accesibilidade municipal incorporará outras actuacións como son a mellora da accesibilidade nos cruzamentos do Ensanche, especialmente no cruzamento Xeneral Pardiñas – República do Salvador; a mellora da accesibilidade en vivendas en ámbitos ERRP e/ou ARI; e a mellora da conexión de distintas zonas da cidade a través de solucións de mobilidade e accesibilidade que combinen funcionalidade, tecnoloxía e deseño.

De xeito transversal, deberá promoverse a accesibilidade universal, non só física, en todos os eventos e espectáculos que se programen desde o Concello de Santiago.

Actuacións

- Elaboración dun plan de accesibilidade universal
- Mellora da accesibilidade na praza de Galicia
- Creación de itinerario accesible de entrada ao Pazo de Xelmírez
- Mellora da accesibilidade no cruzamento Xeneral Pardiñas-República do Salvador e noutros cruzamentos do Ensanche.
- Pilotos de execución de obra para a mellora da accesibilidade en vivendas en ámbitos ERRP e/ou ARI.
- Mellora da conexión de distintas zonas da cidade a través de solucións de mobilidade e accesibilidade que combinen funcionalidade, tecnoloxía e deseño.

- Promoción da accesibilidade universal (non só física) en todos os eventos e espectáculos que se programen desde o Concello de Santiago.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela.
- COGAMI
- Consello Municipal de Accesibilidade
- Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela
- Fundación Catedral de Santiago
- Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

- Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela
- Plan de sostibilidade turística para a cidade de Santiago de Compostela
- Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS) de Santiago de Compostela

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano	X	Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €	X	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

2.3.1. Dispónse dun plan de mellora do espazo público, que identifique os problemas e programe actuacións para garantir a accesibilidade universal e a redución do ruído?

2.3.2. Superficie de solo destinado a espazos públicos urbanizados, sobre a que se van realizar actuacións de mellora de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

2.3.3. Superficie de solo destinado a espazos públicos nos que se van levar a cabo actuacións para a redución do ruído e a mellora do confort acústico.

2.4.3. Superficie de solo urbano suxeita a actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora.

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental.

2.5. REORDENACIÓN DOS ESPAZOS PERIMETRAIS Á AMÉNDOA E ACCIÓNS DE CONEXIÓN DOS DOUS ANEIS DA CIDADE

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente
Obxectivo específico AUE	OES 2.3. Garantir a calidade e a accesibilidade universal dos espazos públicos
Obxectivos relacionados AUE	OE5
Obxectivos relacionados ODS	ODS10, ODS11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB 2.1. Apostar por unha cidade compacta, cohesiva, conectada e accesible, coa creación de contornos urbanos de calidade, con densidades axustadas e a proximidade necesaria de bens e servizos demandados pola cidadanía.

Carácter

-Financiamento

Descrición

A estratexia plurianual do Consorcio da cidade de Santiago 2021-2027-2032 aborda a creación dun “dobre anel” na cidade. O proxecto de Dobre Anel propón aplicar os valores da cidade histórica aos seus espazos periféricos, ao seu territorio, como unha forma de entender os seus eternos valores asociados (permanencia, sostibilidade, resiliencia demostrada ao longo de séculos, interdependencia) como os que no futuro poidan rexer a toda a trama territorial urbana, e que constituirá a mellor forma de preservar o seu carácter patrimonial.

O dobre anel podería equipararse a esa dobre muralla como a dos castelos e mosteiros que permitían frear os ataques destrutivos do inimigo, pero que actúa, ao mesmo tempo, como o foco de desenvolvemento e cultura para os seus territorios. Así se propagarían cara ao resto dos ámbitos, os valores positivos residentes na cidade histórica. Unha primeira muralla -anel- fórmala os espazos lindeiros coa cidade histórica, aos que esta lles vai prestando os seus atributos que, fai non moito, parecían caducos e agora son esenciais para garantir a sostibilidade de calquera armazón urbana.

Unha segunda muralla (anel), exuberante, de parques, xardíns e espazos verdes concatenados, algúns imbricados na propia cidade histórica e todos influídos polo espírito patrimonial, que exerza de dique de contención de actuacións ou actividades que nun futuro puidesen degradar a zona que protexen e, ao mesmo tempo, como membrana de propagación dos novos principios de sostibilidade patrimonial. Esta segunda muralla constitúe, ademais, a base do lecer activo e o goce de veciñanza e visitantes.

O proxecto de dobre anel comprende as seguintes actuacións e ámbitos:

-Reordenación dos espazos perimetrais á améndoa, coa transformación do conector central da cidade (San Clemente – San Caetano) como foco principal.

Este sería o primeiro anel de permeación da cidade histórica que pasaría eses límites marcados pola súa vella muralla defensiva, como símbolo de que os valores que deron lugar á cidade son as guías que rexerán a intervención nos espazos próximos: Rodrigo de Padrón, Figueroa, Campo da Estrela, a Senra, praza de Galicia, Fonte de Santo Antonio, Castrón Douro, Patio de Madres, Rúa das Trompas, Virxe da Cerca, Aller Ulloa, Matadoiro, Porta do Camiño, Rodas e San Roque.

- **Consolidar o anel de espazos verdes**, que permitirá á cidade reinventarse sabendo que a súa “muralla verde” a protexerá de novas agresións ás súas liñas de desenvolvemento e permitirá, ao mesmo tempo, levar os seus principios funcionais ao territorio limítrofe, con actuacións previstas nesta década na Alameda, o Campus Sur, os terreos do Xardín Botánico e Brañas do Sar . De novo hai que sinalar a importancia de recuperar e pór en valor para uso cidadán as Brañas do Sar, mantendo a importancia natural deste espazo, pero facilitando unha maior diversidade de usos.

- **Potenciar a rede de sendeiros que vinculan todos os espazos do anel verde** xunto cos corredores fluviais que definen o territorio natural máis próximo á cidade.

- **Actuacións nos dous corredores que conectan ambos os aneis:** a rúa do Hórreo e a rúa do Sar. Ambos os eixes lineais fundamentais para a cidade convértense, agora, en vías de importantes transvasamentos de fluxos. A rúa do Hórreo permite conectar a intermodal coa praza de Galicia e, polo tanto, con toda a cidade histórica. A rúa do Sar é un corredor que vincula a cidade histórica co anel de espazos verdes e coa Cidade da Cultura, o que permite ofrecer novos atractivos turísticos que poidan reducir a presión no centro, e integrar un conxunto patrimonial do nivel da Colexiata de Sar co seu contorno. Esta serviría, á súa vez, como rótula de conexión entre a cidade histórica e a Cidade da Cultura.

Ao abeiro desta liña de actuación **abordarase a intervención de reordenación dos espazos perimetrais á améndoa, coa transformación do conector central da cidade (San Clemente -San Caetano) como foco principal e as actuacións nos dous corredores que conectan ambos os aneis.** A intervención, de humanización e redución de tráfico, pretende mellorar a calidade e a accesibilidade destes espazos públicos, creando neles un lugar propicio para garantir unha vida saudable a toda a cidadanía. Liberarase nesta zona espazo ocupado actualmente polo automóbil para favorecer nel os usos peonís e o comercio local. Eliminaranse as barreiras arquitectónicas, reducirase o nivel de ruído e de contaminación do aire e incrementarase a seguridade fronte aos accidentes.

As actuacións de consolidación do anel de espazos verdes e a potenciación da rede de carreiros e as actuacións nos corredores que conectan ambos os aneis son obxecto de intervención no marco da liña de acción 1.3 infraestrutura verde de Santiago do presente plan de acción da AUS.

Actuacións

- Reordenación dos espazos perimetrais á améndoa, coa transformación do conector central da cidade (San Clemente – San Caetano) como foco principal.

- Actuacións nos corredores que conectan o primeiro e o segundo anel: rúa do Hórreo e rúa do Sar.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Consorcio da Cidade de Santiago

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago de Compostela 2021-2027-2032
- Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela
- Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS)

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos	X	Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

1.3.2. Superficie de solo destinado a infraestruturas verdes urbanas sobre as que se van realizar actuacións de recuperación, mellora e interconexión para o seu funcionamento en rede.

2.3.2. Superficie de solo destinado a espazos públicos urbanizados, sobre a que se van realizar actuacións de mellora de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

2.3.3. Superficie de solo destinado a espazos públicos nos que se van levar a cabo actuacións para a redución do ruído e a mellora do confort acústico.

2.4.3. Superficie de solo urbano suxeita a actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora.

5.1.2. Distribución modal das viaxes (todos os motivos) na área urbana.

2.6. REHABILITACIÓN E EFICIENCIA ENERXÉTICA DE EDIFICIOS PÚBLICOS

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente
Obxectivo específico AUE	OES 2.6. Mellorar a calidade e a sostibilidade dos edificios
Obxectivos relacionados AUE	OE3
Obxectivos relacionados ODS	OE11, OE13
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB6.2 Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro

Carácter

- ✓ Planificación
- ✓ Financiamento

Descrición

Segundo o inventario de emisións de referencia do PAES de Santiago de Compostela (2016), durante o ano 2015 emitíronse á atmosfera 588.329 tCO₂e, desde o municipio, o que equivale a 6,2 tCO₂e por habitante. Por sectores, a industria e o transporte son responsables do 37 % e o 28,6 % do total das emisións e a iluminación pública e os edificios municipais representan o 1 % e o 0,4 % respectivamente. Por fonte de enerxía, o consumo eléctrico era en 2015 o responsable do 48 % das emisións atmosféricas producidas en Santiago de Compostela. O consumo eléctrico repártese fundamentalmente entre a industria, o sector residencial e os servizos. A parte que é competencia directa da Administración municipal (iluminación pública, edificios municipais e residuos) representa un 5 % sobre o total de emisións.

No seguimento de emisións realizado para o exercicio 2019 no Inventario de Emisións de Referencia (IER) do PACES de 2020, detectouse unha redución de emisións totais do 26,5 % en catro anos, entre o 2015 e o 2019. Esta redución impútase, en primeiro lugar, ao sector da industria e, en segundo, ao transporte, e en menor medida ao sector residencial, servizos, residuos e iluminación pública. O sector dos edificios, equipos e instalacións municipais aumentou lixeiramente, polo que ao abeiro desta liña de acción se propoñen actuacións orientadas a reducir as emisións procedentes destes.

Para iso, porase en marcha un programa de rehabilitación e eficiencia enerxética de edificios públicos que incluírá accións orientadas á mellora da eficiencia enerxética, á mellora da sostibilidade ambiental e á mellora da accesibilidade, a habitabilidade e a conservación.

Aínda que se prevé a elaboración dun plan director de edificios públicos que permitirá identificar e priorizar as intervencións en función dos usos, están previstas accións para a rehabilitación e a mellora da eficiencia enerxética dos seguintes edificios públicos: Auditorio de Galicia, Pavillón Polideportivo de Santa Isabel, Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e Pavillón Polideportivo de Vite, así como outras instalacións deportivas municipais. Tamén se prevé a rehabilitación funcional e enerxética do

Auditorio da USC, situado no Campus Sur, e contribuír á reforma do refuxio de animais de Bando.

Actuacións

- Elaboración dun plan director de edificios públicos
- Rehabilitación enerxética e funcional dos edificios públicos de Santiago de Compostela, incluíndo a reforma de instalacións deportivas municipais e a do refuxio de animais de Bando.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Universidade de Santiago de Compostela
- Refuxio de Bando

Plans / estratexias de referencia

- Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (PACES)
- Plan de acción para a enerxía sostible (PAES)

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

2.1.3. Superficie de edificios públicos e instalacións municipais sobre os que se van realizar actuacións de mellora da calidade e adecuación á demanda existente.

2.6.1. Dispónse dalgún plan de rehabilitación dos edificios que realice un diagnóstico da súa situación e estableza prioridades e actuacións para impulsar a súa mellora?

2.6.2. Superficie de edificios suxeitos a actuacións de rehabilitación.

3.2.2. Redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro (GEI) e do número de días en que se superan os límites de calidade do aire.

4.1.2. Consumo de enerxía pola edificación en infraestruturas e servizos públicos.

2. 7.MELLORA E AMPLIACIÓN DA REDE DE ESPAZOS DEPORTIVOS

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente
Obxectivo específico AUE	OES 2.2. Garantir a complexidade funcional e a diversidade de usos
Obxectivos relacionados AUE	OE10
Obxectivos relacionados ODS	ODS11, ODS17
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB 2.1. Apostar por unha cidade compacta, cohesiva, conectada e accesible, coa creación de contornos urbanos de calidade, con densidades axustadas e a proximidade necesaria de bens e servizos demandados pola cidadanía.

Carácter

- ✓ Planificación
- ✓ Financiamento

Descrición

Esta liña de actuación expón un enfoque integral para fortalecer e dinamizar o deporte en Santiago, como pilar fundamental para o desenvolvemento social e o benestar da cidadanía. A práctica deportiva e a actividade física concíbense como ferramentas esenciais para mellorar a calidade de vida e responder as necesidades da comunidade, cunha oferta variada de actividades a través das escolas deportivas municipais e a rede de clubs deportivos do municipio. Así mesmo, ponse en valor o potencial de profesionalización existente na cidade, que se evidencia na calidade e competitividade dos seus clubs deportivos.

O obxectivo desta liña de actuación é modernizar e reforzar a rede de espazos deportivos do municipio para garantir infraestruturas adecuadas e acordes coa calidade e diversidade da oferta deportiva que se busca promover. Atenderanse as necesidades do deporte social, escolar e federado, para asegurar o seu acceso e desenvolvemento en condicións óptimas.

Por tanto, mellorarase e ampliarase a rede de espazos deportivos do municipio que, ademais de mellorar as infraestruturas esenciais, incorporará novos servizos e instalacións adaptados ás necesidades do municipio. Esta actuación non só responderá ás demandas actuais da cidadanía, senón que tamén establecerá as bases para fomentar o deporte como eixe estratéxico para promover un municipio máis activo, saudable e cohesionado.

Actuacións

- Rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética das instalacións deportivas municipais, como a reforma das cubertas do Pavillón Polideportivo do Restollal, a rehabilitación integral do pavillón do CEIP Lamas de Abade e outras infraestruturas.

- Dixitalización das instalacións deportivas municipais coa inclusión dunha ferramenta informática de xestión.
- Renovación e modernización do equipamento deportivo municipal, como a rehabilitación do pavimento de pavillóns e pistas deportivas, material deportivo como canastras ou porterías, e a renovación do céspede artificial dos campos de fútbol.
- Plan Integral de Rehabilitación do Estadio Verónica Boquete e a súa contorna.
- Mellora da eficiencia enerxética do Estadio Verónica Boquete de San Lázaro e do Campo de Fútbol de Santa Isabel mediante a modernización do sistema de iluminación.
- Instalación dun novo sistema de seguridade e vixilancia no Estadio Verónica Boquete de San Lázaro.
- Ampliación e diversificación da rede de pistas deportivas de acceso libre do municipio.
- Obras de mellora e adaptación das pistas deportivas exteriores de acceso libre do municipio, incluíndo o acondicionamento das pistas de tenis da avenida Rodríguez de Viguri, así como a instalación de cubertas en diversas pistas existentes para favorecer a práctica deportiva ao longo de todo o ano e a instalación de sistemas programables de control da iluminación.
- Ampliación e mellora das instalacións para a práctica de deporte acuático, incluíndo a ampliación da piscina de Santa Isabel.
- Recuperación de espazos deportivos do rural para a práctica deportiva.
- Creación de novas instalacións deportivas naqueles barrios da cidade onde haxa un déficit de espazos e infraestruturas deportivas.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Clubs e escolas deportivos
- Asociacións deportivas
- Federacións deportivas
- Asociacións veciñais
- Universidade de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

- Plan especial do sistema xeral de equipamento deportivo

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

2.1.3. Superficie de edificios públicos e instalacións municipais sobre os que se van realizar actuacións de mellora da calidade e adecuación á demanda existente.

2.6.1. Dispónse dalgún plan de rehabilitación dos edificios que realice un diagnóstico da súa situación e estableza prioridades e actuacións para impulsar a súa mellora?

2.6.2. Superficie de edificios suxeitos a actuacións de rehabilitación.

3.2.2. Redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro (GEI) e do número de días en que se superan os límites de calidade do aire.

4.1.2. Consumo de enerxía pola edificación en infraestruturas e servizos públicos.

OE3. PREVER E REDUCIR OS IMPACTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO E MELLORAR A RESILIENCIA

3.1. ADAPTACIÓN DOS MONTES COMPOSTELÁNS AO CAMBIO CLIMÁTICO

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 3. Prever e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia
Obxectivo específico AUE	OES 3.1. Adaptar o modelo territorial e urbano aos efectos do cambio climático e avanzar na súa prevención
Obxectivos relacionados AUE	OE2
Obxectivos relacionados ODS	OE11, OE13, OE15
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OE 6.3. Conservar o patrimonio natural e mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático

Carácter

- ✓ Planificación
- ✓ Gobernanza
- ✓ Financiamento

Descrición

No diagnóstico estratéxico da AUSponse de manifesto que o efecto combinado do aumento das temperaturas máximas, o incremento da duración das ondas de calor e dos días e noites cálidos, así como a maior recorrencia dos períodos de seca supoñen uns riscos moi considerables en relación cos incendios forestais.

Tanto o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga), como o Plan de emerxencia municipal de Santiago de Compostela, evidencian que a aparición de incendios forestais é o principal risco climático existente no municipio, o cal, ademais da evidente perda de masa forestal e de biodiversidade que xera, supón un elevado perigo para a poboación, especialmente nas áreas de asentamento disperso. A maior dispersión do asentamento no ámbito suroeste do municipio, unida á presenza de masas forestais non xestionadas, fai desta unha zona máis vulnerable.

Por outra banda, a superficie forestal de Santiago aumentou nos últimos anos fundamentalmente a través do incremento da superficie que ocupan especies exóticas e de carácter pirófito (eucalipto, mimosas, acacia etc.), a través de plantacións e tamén como consecuencia dos incendios forestais. Este feito, unido a unha escasa planificación e xestión forestal, incide negativamente na biodiversidade local e incrementa o risco do territorio, tanto desde o punto de vista ambiental como social, ante os incendios forestais, que se agravan polo efecto do cambio climático.

Por conseguinte, cómpre un impulso da planificación e a ordenación forestal dos montes composteláns, o que permitirá facer compatible a produción forestal sostible, coa mellora da biodiversidade, o aumento da resiliencia e a prevención do risco de incendios

forestais, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas e na prevención forestal no novo contexto de cambio climático.

Para iso, no marco desta liña de acción, poranse en marcha accións orientadas a:

-Impulsar a planificación e a ordenación das superficies forestais, incluíndo o impulso da xestión agrupada do monte privado particular.

-Reforzar e incrementar a rede de parques forestais periurbanos, cun plan de mellora de biodiversidade, e reducir o risco de incendios forestais mediante solucións baseadas na natureza.

-Mellorar a resiliencia do territorio forestal ante os incendios forestais mediante accións de fragmentación de masas continuas de especies forestais pirófitas e exóticas mediante a creación de mallas de bosque autóctono.

-Favorecer a restauración ambiental dos espazos naturais de alto valor ambiental (corredores fluviais principalmente) mediante a eliminación de especies exóticas invasoras (eucalipto, mimosa, acacia).

Actuacións

- Elaboración dun plan de ordenación e xestión forestal da área urbana de Santiago de Compostela.
- Plan de mellora da biodiversidade que permita reforzar e incrementar a rede de parques forestais periurbanos e reducir o risco de incendios mediante solucións baseadas na natureza.
- Programa local de apoio á conversión de masas forestais pirófitas e exóticas por masas autóctonas dirixido a propietarios particulares, así como de compensación dos servizos ecosistémicos que proporciona o bosque autóctono, para mellorar a resiliencia do territorio forestal ante os incendios.
- Programa local para a restauración ambiental de espazos naturais de alto valor ambiental, mediante a eliminación de especies exóticas invasoras (eucalipto, mimosa, acacia).

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Asociacións e ONG de carácter ambiental
- Universidade de Santiago de Compostela
- Comunidades de montes de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

- Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga)
- Plan de emerxencia municipal de Santiago de Compostela
- Plan de acción polo clima e a enerxía sostible

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
X	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

1.1.3. Orzamento das actuacións previstas de fomento da actividade agrícola, gandeira e de desenvolvemento rural sostible no solo preservado da transformación urbanística.

1.3.2. Superficie de solo destinado a infraestruturas verdes urbanas sobre as que se van realizar actuacións de recuperación, mellora e interconexión para o seu funcionamento en rede.

3.1.1. Dispónse dalgún plan ou estratexia para a adaptación ao cambio climático de ámbito local?

3.1.2. Superficie de solo urbano na que se prevé realizar actuacións de mellora ou prevención de riscos naturais, incluíndo o risco de incendios e inundacións e prevención fronte ás regas naturais.

2.4.3. Superficie de solo urbano suxeita a actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora.

3.2. ESTRATEXIA DE RESILIENCIA URBANA

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia
Obxectivo específico AUE	OES 3.3. Mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático
Obxectivos relacionados AUE	OE10
Obxectivos relacionados ODS	OE11, OE13, OE15
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB6.3. Conservar o patrimonio natural e mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático

Carácter

- ✓ Planificación

Descrición

El principal risco climático existente no municipio de Santiago de Compostela é o da aparición de incendios forestais que, ademais da evidente perda de masa forestal e de biodiversidade que xeran, supoñen un elevado perigo para a poboación, especialmente nas áreas de asentamento disperso. Pero este non é o único, senón que tanto no Platerga como no PACES se identificaron tamén unha serie de riscos ligados á xestión do ciclo da auga, secas, inundacións e precipitacións extremas, todas elas con risco medio, pero con tendencia a incrementarse. Esta circunstancia obrigará a mellorar a capacidade do municipio para xestionar e limitar o impacto dos devanditos perigos. Por outra banda, as variables referidas á calor extrema e frío extremo presentan un nivel de risco baixo, aínda que é conveniente telas en conta, en especial tendo en conta a xestión da saúde urbana, con especial énfase nas zonas do municipio con poboación máis envellecida, que no caso de Santiago de Compostela ocupan amplas áreas do seu territorio. Neste sentido, o documento do PACES de Santiago sinala que a cidade parte dunha boa base para afrontar os retos derivados do cambio climático, xa que se trata dunha urbe de tamaño contido, rodeada dun perímetro agrario e forestal e cunha dotación de zonas verdes e de árbores en relación coa poboación moi superiores ás recomendadas por organismos internacionais como a OMS.

Aínda que é certo que o modelo de cidade de Santiago de Compostela, pola relativa compactidade do núcleo urbano e a súa boa dotación de zonas verdes, presenta unhas capacidades favorables de adaptación aos cambios, a situación é distinta na periferia da cidade, onde a progresiva consolidación dun modelo urbano disperso compromete as posibilidades de responder ás esixencias derivadas do cambio climático.

A necesidade de mellorar a capacidade de resposta fronte aos incendios forestais e os seus impactos e de garantir unha xestión do ciclo integral da auga, para reducir a vulnerabilidade fronte a secas e inundacións, supoñen os principais obstáculos para un incremento da resiliencia, xunto cun modelo enerxético aínda moi baseado no consumo de combustibles fósiles e con escasas capacidades de autoconsumo.

Planificar a resiliencia fronte ao cambio climático supón, máis que o establecemento de instrumentos específicos, a aplicación de criterios climáticos transversais aos instrumentos de planificación territorial, urbanística e sectorial, de maneira que se consiga un tratamento integral das problemáticas derivadas do cambio climático. Trátase de reducir as vulnerabilidades da cidade con accións preventivas que minimicen o impacto das tensións que se poden dar, de maneira que a cidade sexa capaz de resistilas mantendo as súas funcións esenciais.

O Concello de Santiago carece dun instrumento que estableza este tipo de criterios transversais. Con todo, o Plan de acción polo clima e as enerxías sostibles (PACES) de 2020, na medida en que integra nun mesmo marco accións de mitigación e adaptación fronte ao cambio climático, é o que presenta unha contribución máis clara neste sentido. Tamén se deben sinalar as achegas doutros plans que, abordando diferentes temáticas (PMUS, Estratexia Verde etc.), axudan a mellorar de maneira parcial a resiliencia fronte ao cambio climático.

Actuacións

- Elaborar un plan de resiliencia urbana no que se establezan unha serie de criterios climáticos transversais orientados a reducir as vulnerabilidades da cidade establecendo accións preventivas fronte aos principais riscos.
- Elaborar unha instrución municipal bioclimática que facilite a introdución de criterios bioclimáticos na elaboración dos plans e proxectos municipais.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Asociacións e ONG de carácter ambiental
- Universidade de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

- Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA)
- Plan de emerxencia municipal de Santiago de Compostela
- Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (PACES)

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €	X	Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

3.3.1. Dispónse dalgún plan ou estratexia para a mellora da resiliencia das cidades ante situacións adversas e a redución de danos?

3.3. IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NO NÚCLEO URBANO

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia
Obxectivo específico AUE	OES 3.3. Mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático
Obxectivos relacionados AUE	OE2, OE5
Obxectivos relacionados ODS	ODS11, ODS13
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 2. Calidade de vida, benestar e cidadanía
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB 2.4. Redefinir os espazos públicos da cidade para pacificalos e aquietalos, de maneira que poidan volver recibir comodamente a vida pública da cidadanía.

Carácter

- ✓ Planificación
- ✓ Financiamento

Descrición

En Santiago de Compostela o transporte supón un 28,6 % do total de emisións do municipio e, concretamente, as que máis afectan á calidade do aire.

Seguindo o disposto no artigo 14.3 da Lei de cambio climático e transición enerxética, *“enténdese por zona de baixa emisión o ámbito delimitado por unha Administración pública, en exercicio das súas competencias, dentro do seu territorio, de carácter continuo, e no que se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme á clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións de acordo co establecido no Regulamento Xeral de Vehículos vixente”*.

O establecemento de zonas de baixas emisións (ZBE), nas que se prevé a limitación do acceso aos vehículos máis emisores e contaminantes, é un instrumento que contribúe non só á mellora da calidade do aire e á saúde da cidadanía, reducindo as emisións dos contaminantes atmosféricos e o ruído xerado polos vehículos, senón tamén á mitigación do cambio climático, ao cambio modal nos desprazamentos e ao impulso da eficiencia enerxética no uso dos medios de transporte.

Ao abeiro desta liña de acción, propónse declarar a cidade histórica como ZBE do núcleo urbano.

O centro histórico de Santiago de Compostela, declarado patrimonio da Humanidade pola Unesco en 1985, malia estar actualmente restrinxido ao tráfico, excepto para a entrega de mercadorías e carga e descarga de residentes, sofre determinados problemas específicos dunha cidade monumental, moi turística e receptora de millóns de peregrinos/as e visitantes cada ano.

Na zona monumental desenvolveuse o sector da hostalería de maneira notable, o que implica un fluxo de mercadorías moi elevado (e de recollida de residuos tamén), caótico, descontrolado e con importantes efectos negativos:

- ✓ Espazo público peonil no que conflúen e coinciden os vehículos distribuidores cos centros de interese turístico, os centros de estudo da Universidade de Santiago de Compostela ou o comercio, o que pon en risco os viandantes, xa sexan peregrinos/as, turistas, estudantes ou residentes.
- ✓ Número elevado de vehículos contaminantes que entran no centro histórico a realizar entregas ou recollidas da mínima entidade.
- ✓ Afectación do patrimonio monumental, especialmente do lousado tradicional (a quinta fachada da cidade) polo peso e o sobrepeso, en ocasións, dos vehículos de repartición.
- ✓ Tamén se viron destruídos ou moi danados elementos patrimoniais como as fontes das prazas, os balcóns ou os soportais.

Para facer fronte a estes problemas, o Concello de Santiago porá en marcha na cidade histórica unha estratexia global de loxística urbana sostible que implicará a súa declaración como ZBE.

Actuacións

- Implantación dunha zona de baixas emisións na cidade histórica.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Consorcio da Cidade de Santiago
- Clúster da Función Loxística de Galicia

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago de Compostela 2021-2027-2032
- Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela
- Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS) de Santiago de Compostela

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

2.3.3. Superficie de solo destinado a espazos públicos nos que se van levar a cabo actuacións para a redución do ruído e a mellora do confort acústico.

3.2.2. Redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro (GEI) e do número de días en que se superan os límites de calidade do aire.

5.1.3. Sostibilidade da distribución urbana de mercadorías (última milla).

OE4. FACER UNHA XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS E FAVORECER A ECONOMÍA CIRCULAR

4.1. PROGRAMA PILOTO DE COMUNIDADES ENERXÉTICAS LOCAIS	
Aliñación estratéxica	
Obxectivo estratéxico AUE	OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular
Obxectivo específico AUE	OES 4.1. Ser máis eficientes enerxeticamente e aforrar enerxía
Obxectivos relacionados AUE	OE3, OE6
Obxectivos relacionados ODS	ODS7, ODS10, ODS11, ODS13
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB6.5. Mellorar a eficiencia no consumo e impulsar a produción de enerxía
Carácter	
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Gobernanza ✓ Financiamento 	
Descrición	
<p>As comunidades enerxéticas son entidades participativas que producen e xestionan renovables que poden levar a cabo múltiples actividades como producir, consumir, almacenar, compartir ou vender enerxía. A Federación Europea de Cooperativas Enerxéticas define a comunidade enerxética da seguinte maneira: “<i>Unha comunidade de enerxía é unha entidade legal na que cidadanía, as pemes e as autoridades locais se unen, como usuarios finais de enerxía, para cooperar na xeración, a distribución do consumo, o almacenamento, a subministración, a agregación de enerxía de fontes renovables ou ofrecer eficiencia enerxética e/ou servizo de xestión da demanda</i>”.</p> <p>As comunidades enerxéticas constitúense para impulsar e facilitar a participación activa das persoas ou entidades consumidoras no sistema enerxético e mellorar a xestión da enerxía mediante unha gobernanza baseada na participación aberta e voluntaria dos seus membros, máis que priorizar a rendibilidade financeira. As persoas que forman parte delas son produtoras e consumidoras da súa propia enerxía limpa, o que redonda nunha maior democratización do sistema enerxético e un importante aforro no consumo final. O seu impacto vai máis alá do sector enerxético, pois axudan na loita contra o cambio climático e a pobreza enerxética e promoven melloras sociais na comunidade.</p> <p>Desde o Concello de Santiago impulsárase a creación dunha comunidade enerxética local a modo de experiencia piloto, para desenvolver proxectos de enerxías renovables, eficiencia enerxética, mobilidade sostible e/ou xestión da demanda. O Concello de Santiago proporcionará axuda e apoio para a conformación dunha experiencia piloto de comunidade enerxética local no municipio. O Concello facilitará a súa constitución (información, contacto cunha persoa titora especializada, e soporte legal e administrativo para formalizala), a identificación de solucións enerxéticas adecuadas ao caso concreto</p>	

e o soporte técnico na redacción do proxecto, e facilitará o acceso ao financiamento para a posta en marcha da comunidade enerxética local.

O proxecto piloto buscará abordar a pobreza enerxética a través da inclusión de persoas vulnerables entre os seus socios/as.

A posta en marcha da comunidade enerxética local contribuirá a reducir o consumo total de enerxía no municipio, que entre os anos 2015 e 2019 xa reduciu nun 32,5 %.

Actuacións

- Proxecto piloto de comunidade enerxética local orientado a abordar a pobreza enerxética.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
- Consumidores/as, persoas físicas ou xurídicas
- Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)

Plans / estratexias de referencia

- Plan de acción para as enerxías sostibles (PAES)
- Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (PACES)

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	x	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €	x	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

4.1.2. Consumo de enerxía pola edificación en infraestruturas e servizos públicos.

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

4.2. FOMENTO DE ACTIVIDADES DE ECONOMÍA CIRCULAR

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular
Obxectivo específico AUE	OES 4.4. Reducir os residuos e fomentar a súa reciclaxe
Obxectivos relacionados AUE	OE6
Obxectivos relacionados ODS	ODS10, ODS11, ODS12
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB6.6. Reducir, reutilizar, reciclar e xestionar eficientemente os residuos

Carácter

- ✓ Planificación
- ✓ Financiamento

Descrición

No diagnóstico estratéxico da AUS identifícase como reto a necesidade de impulsar a reciclaxe e a reutilización dos residuos. A dificultade para reciclar e reutilizar, unido á ausencia dunha xestión específica da fracción orgánica, provoca que o 85-90 % dos residuos acaben na fracción resto, que é a que ten peores posibilidades de tratamento. Por outra banda, tamén se evidencia a necesidade de actuar na redución dos residuos sólidos urbanos, cuxo aumento é progresivo e moderado.

Neste sentido, e para contribuír aos retos anteriormente descritos, ao abeiro desta liña de accións prevese a posta en marcha de, entre outras, as seguintes actuacións concretas:

-Laboratorios de reparación. O obxecto da actuación é promover iniciativas sociais e de participación comunitaria que poñan en valor a experiencia e os coñecementos prácticos das persoas para prolongar a vida útil dos produtos. O fenómeno da obsolescencia nas súas múltiples dimensións (tecnolóxica, programada, estética etc.) ten como consecuencia desbotar produtos antes de que se lles consiga extraer o seu valor máximo de uso durante o máximo tempo posible. Moitas actividades de reparación foron desaparecendo á vez que o fixeron os procesos de aprendizaxe destas que se daban antigamente en talleres. A perda destes coñecementos pode limitar o alcance dalgunhas accións de economía circular orientadas a maximizar a vida útil dos produtos. Neste sentido, os laboratorios de reparación pretenden que persoas con coñecementos de reparación presten de maneira voluntaria os seus coñecementos para a prolongación da vida útil de produtos, transferindo valiosas habilidades prácticas. Estas actividades non implican necesariamente unha competencia desleal para os servizos de reparación profesionais, pois procuran facer fincapé nas posibilidades de reparación e con frecuencia remiten as persoas visitantes aos servizos de reparación profesionais que existen. As persoas que visitan os laboratorios de reparación xeralmente non son clientes de reparadores profesionais, ou adoitan tirar produtos porque non atopan un servizo de

reparación profesional ou porque é demasiado caro facelos reparar profesionalmente. Poderíase utilizar a rede de centros sociais da cidade para pór en marcha esta iniciativa.

-Impulso de mercados de segunda man no municipio, co fin de poder dotar de nova vida os produtos que xa non teñen posibilidade de uso para a persoa propietaria.

-Rede de centros de reutilización. O Concello habilitará unha rede de puntos en todo o ámbito municipal nos que a cidadanía poderá depositar diversos elementos en perfecto estado para que outras persoas os recollan e lles dean un novo uso. De maneira complementaria, incrementarase o número de puntos de recollida na cidade para reciclar materiais.

-Fomento dos procesos de biotransformación in situ dos residuos do sector alimentario. A través desta actuación preténdese incentivar o desenvolvemento de instalacións de compostaxe para o aproveitamento do residuo alimentario producido na restauración e o ámbito doméstico.

- Impulso dun proxecto colaborativo de bioxestión e compostaxe de residuos locais, fundamentalmente da hostalería, para a produción de biogás

Así mesmo, en colaboración cos demais municipios da comarca, estudarase a posibilidade de ter unha planta de compostaxe a nivel comarcal, que permita reciclar os residuos orgánicos para a súa conversión en fertilizante natural.

Actuacións

- Posta en marcha de laboratorios de reparación.
- Impulso dos mercados de segunda man.
- Rede de centros de reutilización
- Fomento dos procesos de biotransformación in situ dos residuos do sector alimentario.
- Incremento do número de puntos de recollida na cidade para reciclar materiais.
- Proxecto colaborativo de bioxestión e compostaxe de residuos locais, fundamentalmente da hostalería, para a produción de biogás
- Estudo de viabilidade da posta en marcha dunha planta de compostaxe comarcal.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Concellos da comarca de Santiago.
- Persoas consumidoras
- Asociacións veciñais
- Asociacións de restauración
- Persoas con experiencia en tarefas de reparación

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia local de fomento da economía circular

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano	X	Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €	X	Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

4.3 2. Orzamento investido en actuacións que empregan materiais locais e facilmente reciclables.

4.4.2. Xeración de residuos por habitante.

4.3. PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE ECONOMÍA CIRCULAR E XESTIÓN DE RESIDUOS

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular
Obxectivo específico AUE	OES 4.4. Reducir os residuos e fomentar a súa reciclaxe.
Obxectivos relacionados AUE	OE10
Obxectivos relacionados ODS	ODS11, ODS12
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB6.6. Reducir, reutilizar, reciclar e xestionar eficientemente os residuos.

Carácter

- ✓ Difusión / comunicación

Descrición

Como complemento ás actuacións de fomento da economía circular que se porán en marcha na liña de actuación 4.2 e co obxectivo de contribuír a impulsar a reciclaxe e a reutilización de obxectos e mellorar a xestión dos residuos, porase en marcha un programa de sensibilización en materia de economía circular que incluírá as seguintes actuacións:

- Plans de sensibilización na xestión de residuos, co obxectivo de aumentar a porcentaxe de recollida selectiva e a reciclaxe.
- Campaña de concienciación social para fomentar o consumo de produtos que incorporen material reciclado ou sexan reutilizables.
- Plan de sensibilización sobre a economía circular e o cambio climático para favorecer un consumo máis responsable entre a cidadanía e o turismo.

As actividades de educación e sensibilización son un instrumento fundamental para implicar en maior medida a sociedade na economía circular e promover un cambio social para un mellor uso dos recursos e a protección do medio natural.

Actuacións

- Plans de sensibilización na xestión de residuos, co obxectivo de aumentar a porcentaxe de recollida selectiva e a reciclaxe
- Campaña de concienciación social para fomentar o consumo de produtos que incorporen material reciclado ou sexan reutilizables
- Plan de sensibilización sobre a economía circular e o cambio climático para favorecer un consumo máis responsable

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Unión de Consumidores de Galicia
- Asociacións veciñais
- Asociacións de hostalería e restauración

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia local de fomento da economía circular
- Plan de sostibilidade turística para a cidade de Santiago de Compostela

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano	X	Entre 1 e 2 anos	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos	

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €	X	Entre 50.000 € e 200.000 €	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €	

Indicadores de seguimento AUE

4.4.2. Xeración de residuos por habitante

10.4.2. Número de persoas beneficiarias de actividades de formación e sensibilización nas materias incluídas na Axenda Urbana

4.4. ILUMINACIÓN PÚBLICA SOSTIBLE

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular
Obxectivo específico AUE	OES 4.1 Ser máis eficientes enerxeticamente e aforrar enerxía
Obxectivos relacionados AUE	OE3
Obxectivos relacionados ODS	ODS11, ODS12, ODS13
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB6.2 Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro

Carácter

- ✓ Financiamento

Descrición

O Concello e os seus sectores dependentes teñen un peso moi pequeno no **consumo enerxético global do municipio**, segundo os datos elaborados para o PAES de 2016. Concretamente, o seu consumo supón pouco máis do 1 % do total de enerxía consumida no termo municipal.

Por fontes de enerxía, o Concello é **responsable dun 2,8 % do consumo eléctrico**, que presenta unha repartición na que a **iluminación pública** ten moito peso, xa que supón un 75 % do consumo eléctrico do Concello.

Como complemento ao programa de mellora da eficiencia enerxética en edificios públicos que se recolle na liña de acción 3.3. e coa finalidade de reducir o consumo enerxético e contribuír á redución de emisións procedentes do consumo eléctrico dependente do Concello, porase en marcha unha actuación orientada á mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública, que implicará continuar coa política de substitución de luces por outras de baixo consumo posta xa en marcha polo Concello, ata alcanzar o 100 %.

Esta liña de acción tamén incorpora o desenvolvemento dun proxecto de iluminación ornamental, artística e sostible do contorno monumental da catedral de Santiago de Compostela: praza das Praterías, praza do Obradoiro, praza da Inmaculada e praza da Quintana.

Actuacións

- Implantación de luces de baixo consumo en toda a iluminación municipal.
- Iluminación ornamental, artística e sostible do contorno monumental da catedral de Santiago de Compostela: praza das Praterías, praza do Obradoiro, praza da Inmaculada e praza da Quintana

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

- Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (PACES)
- Plan de acción para a enerxía sostible (PAES)

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	X	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

3.2.2. Redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro (GEI) e do número de días en que se superan os límites de calidade do aire.

4.1.2. Consumo de enerxía pola edificación en infraestruturas e servizos públicos.

4.5. SOSTIBILIDADE E EFICIENCIA DOS RECURSOS HÍDRICOS

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular
Obxectivo específico AUE	OES 4.2. Optimizar e reducir o consumo de auga
Obxectivos relacionados AUE	OE9, OE10
Obxectivos relacionados ODS	ODS6, ODS11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 6. Sostibilidade e transición verde
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB6.4. Garantir o saneamento e o abastecemento de auga de calidade en todo o municipio.

Carácter

- ✓ Financiamento

Descrición

En relación co abastecemento de auga no municipio de Santiago, a captación e depuración de augas realízase **na estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Chaián**, situada na marxe esquerda do río Tambre. Esta planta asegura un abastecemento para 156 000 habitantes cunha dotación de 500 litros/habitante/día. Ademais do Tambre, **existen outras fontes secundarias procedentes dos mananciais de Vrins e O Pedroso**. O conxunto da rede de abastecemento de Santiago de Compostela ten unha lonxitude superior a 620 km. O termo municipal santiagués sérvese integramente a través do seu sistema de abastecemento propio, que ademais achega máis do 50 % da auga que se consome nos municipios de Ames e Brión.

No diagnóstico estratéxico da AUS recoñécese como unha debilidade a **dependencia dun único punto de captación de auga (ETAP de Chaián)** para todo o municipio de Santiago e unha parte importante da periferia sur da área urbana. A ampliación e maior recorrencia dos períodos de seca incrementan o **risco de insuficiencia da captación de auga**.

A **infraestrutura de saneamento é maioritariamente unitaria**, salvo nalgúns áreas de urbanización recente, nas que existe rede separativa. O conxunto desta rede, xunto coa do Milladoiro (Ames), conéctase á **estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Silvouta**. O colector unitario reúne as augas residuais domésticas, industriais e pluviais, e condúceas ata a depuradora, onde son tratadas e devoltas ao río Sar.

En canto ao **estado da rede e as problemáticas detectadas**, existe **constancia**, a través da observación da rede mediante **cámaras de TV de numerosas infiltracións do terreo, mananciais incorporados á rede de entrada de augas procedentes de achiques de sotos**.

Ao tratarse dun sistema maioritariamente de tipo unitario, en época de choivas vértense nos ríos, a través dos aliviadores, as augas que polo seu volume non poden ser transportadas á depuradora de augas residuais de Silvouta . Así, un elevado volume de

auga con certa carga contaminante estase vertendo durante estes sucesos de choiva coa subseguinte deterioración dos ríos.

Así mesmo, o efecto combinado do elevado nivel freático do terreo en que se asenta a cidade e da deficiente impermeabilidade da rede de sumidoiros, provoca que días despois de producirse as choivas siga entrando un elevado caudal na devandita rede, e por tanto, sexa conducido ata a depuradora conxuntamente coas augas fecais. **Estímase que ata un 45 % das augas xeradas na conca urbana se corresponde con augas parasitas** (14,80 hm³).

Débesse tamén sinalar que **a depuradora de Silvouta se atopa a miúdo ao bordo do colapso, posto que os caudais máximos que é capaz de tratar son en ocasións superados mesmo en tempo seco**. As dificultades de operar a planta nesta situación, que debería ser excepcional e non ordinaria, fan que tanto a liña de auga como a de lodos poidan desequilibrarse e, por tanto, a calidade do río Sar augas abaixo da depuradora empeore considerablemente.

No diagnóstico estratéxico da AUS evidénciase a necesidade de avanzar no deseño do sistema de saneamento empregando modernas técnicas enfocadas a preservar a calidade da auga no medio receptor (o río Sar), ademais de proxectar a ampliación da actual EDAR. O Plan de saneamento de Galicia inclúe esta ampliación como obra de interese xeral, polo que será financiada nun 75 % polo Ministerio de Medio Ambiente e nun 15 % pola propia Xunta de Galicia.

De modo complementario, e co obxectivo de contribuír **a aumentar** a dispoñibilidade de redes separativas, para unha xestión posterior da auga de choiva, que permita o seu aproveitamento para outros usos, e a aumentar a capacidade de retención de auga na rede, ao abeiro desta liña de acción da AUS desenvolveranse as seguintes actuacións:

En primeiro lugar, crearase un órgano específico de gobernanza sobre o recurso da auga que reunirá todas as partes interesadas, de maneira que a problemática, os obxectivos e as solucións arredor do abastecemento e o saneamento sexan propostos e tratados de forma conxunta. Este órgano de gobernanza abordará, por unha banda, o desenvolvemento dun proxecto de ciclo integral da auga, incluído na estratexia do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032 e, por outro, a proposta de solucións concretas para abordar no curto e medio prazo, tales como:

-Auditoría do estado das redes co fin de solucionar as avarías e irregularidades que impliquen perdas de auga.

-Proxecto específico de separación de augas residuais e pluviais.

- Utilizar as TIC para a modelización, sensorización e seguimento das redes de abastecemento e saneamento, co fin de obter información en tempo real en relación co estado destas, o que permitirá solucionar calquera incidencia de forma rápida.

O proxecto de ciclo integral da auga incluído na estratexia do Consorcio de Santiago pretende abordar a problemática da auga de maneira integral. Trátase dun proxecto en dúas fases que arrancarían co estudo e a descrición do modelo hídrico actual de Santiago de Compostela para, unha vez analizado e tendo en conta os recursos dispoñibles, nunha segunda fase, abordar a proposta do modelo hídrico futuro que implicará a

racionalización da rede de saneamento e o redimensionamento de todo o sistema de depuración, ademais da xestión do escoamento. A segunda fase inclúe accións orientadas xa á propia implementación do modelo:

- ✓ Estudos do trazado, sobre o tecido urbano, da traída histórica da auga de boca.
- ✓ Estudos para a definición e anotación das concas de captación das fontes da cidade histórica.
- ✓ Estudos para realización de pilotos de regulación de escoamento, en vía urbana e zonas verdes.
- ✓ Implementación de sistemas de depuración natural e control dos escoamentos en zonas verdes.
- ✓ Recuperación do sistema de evacuación de augas superficiais cara ás concas de Sar e Sarela. Escoamentos. Pavimentacións permeables.
- ✓ Programas de divulgación; implicación da cidadanía

Actuacións

- Conformación dun órgano de gobernanza específico arredor do recurso da auga: Mesa da auga.
- Proxecto de ciclo integral da auga
- Auditoría do estado das redes para evitar avarías que impliquen perdas de auga potable
- Proxecto de separación de augas residuais de pluviais
- Modelización, sensorización e seguimento das redes de abastecemento e saneamento.
- Diagnose e medidas para paliar os efectos dos asolagamentos en varios puntos da cidade

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Empresa encargada da xestión municipal da auga
- Centro Tecnolóxico da Auga
- Augas de Galicia
- Consorcio da Cidade de Santiago

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia local de fomento da economía circular
- Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos	X	Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

3.1.2. Superficie de solo urbano na que se prevé realizar actuacións de mellora ou prevención de riscos naturais, incluíndo o risco de incendios e inundacións.

4 2 2. Porcentaxe de autosuficiencia hídrica.

OE5. FAVORECER A PROXIMIDADE E A MOBILIDADE SOSTIBLE

5.1. MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible
Obxectivo específico AUE	OES 5.1. Favorecer a cidade de proximidade OES 5.2. Potenciar modos de transporte sostibles
Obxectivos relacionados AUE	OE3, OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 11, ODS 13, ODS17
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 3. Territorio e mobilidade.
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OE 3.4. Reforzar o transporte público, para facilitar a conexión do núcleo urbano co territorio rural. OE 3.5. Fomentar os desprazamentos sostibles.

Carácter

- Planificación
- Financiamento

Descrición

No diagnóstico estratéxico da AUS identifícanse varios retos en materia de mobilidade, que conflúen todos eles en dous obxectivos fundamentais, favorecer unha cidade próxima e potenciar os modos de transporte sostibles para continuar impulsando un cambio modal nos desprazamentos que permita reducir ao máximo o uso do vehículo privado.

O primeiro destes retos apunta á necesidade de avanzar na configuración dun centro urbano peonil. No núcleo urbano apostouse nas últimas décadas pola peonalización da cidade histórica e pola prioridade peonil no ensanche. A ampliación da superficie peonil neste último é, por tanto, unha prioridade. De maneira complementaria, deberíanse establecer novas conexións entre o centro e a periferia, a través da creación dunha rede ciclista. É moi importante ter en conta a necesidade de dotar de conexión a estes grandes atractores de desprazamentos, como son os campus, o hospital, os polígonos industriais e a estación intermodal.

Para abordar este primeiro reto propóñense, ao abeiro desta liña de acción, dúas actuacións:

- ✓ Xeración de rutas **de mobilidade peonil** que conecten a estación intermodal con diversos puntos estratéxicos da cidade, tales como os dous campus universitarios, o hospital clínico e os polígonos industriais.
- ✓ Desenvolvemento dunha rede ciclista que conecte a zona de Vidán, o hospital, os campus, a Alameda, a estación intermodal, o Sar e os polígonos empresariais.

- ✓ Creación dunha rede de aparcadoiros disuasorios na periferia do núcleo urbano que favoreza que as persoas que visitan a cidade opten por usar modos de desprazamento máis sostibles polo centro da cidade.
- ✓ Ampliación de camiños escolares seguros: Colecamiños.
- ✓ Incorporación ao longo da cidade de sinais intelixentes informativos para mellorar a xestión de fluxos.

O segundo reto apunta á necesidade de consolidar a intermodalidade, estendéndoa a todos os modos de transporte, para multiplicar as alternativas ao vehículo privado xa sexa en viaxes completas ou en parte delas. Fíxose un grande esforzo para conectar as conexións ferroviarias e de autobús a través da estación intermodal. Con todo, as conexións co aeroporto de Lavacolla aínda non están a ser suficientemente atendidas. Neste sentido, propónse a seguinte actuación:

- ✓ Mellorar as conexións entre a estación intermodal e o aeroporto a través da posta en marcha dun autobús lanzadeira, complementario ao transporte urbano.

O uso do vehículo privado é absolutamente predominante nos desprazamentos que involucran os municipios periféricos. Un terceiro reto apunta a necesidade de reforzar o transporte público e de intensificar as relacións cos núcleos urbanos densos da periferia. A existencia de núcleos urbanos densos nos municipios periféricos (O Milladoiro, Bertamiráns, Sigüeiro, Os Tilos etc.) pode supor unha oportunidade para xerar unha rede de transporte público que lle reste moitas viaxes ao coche nas conexións centro-periferia e periferia-periferia.

Do mesmo xeito, os núcleos rurais do concello de Santiago tamén dependen excesivamente do vehículo privado para facer os seus desprazamentos ao núcleo urbano. Este factor, unido ao envellecemento da poboación do municipio, máis acentuado aínda nos núcleos rurais, favorece o progresivo illamento da poboación.

Neste sentido, incorpóranse á liña de acción as seguintes actuacións:

- ✓ Impulso dun sistema de transporte público de carácter metropolitano que permita conectar o núcleo urbano de Santiago cos municipios máis poboados da periferia sur.
- ✓ Posta en marcha dun sistema de transporte á demanda ou a través de *liñas alimentadoras* que permita conectar os núcleos rurais do municipio co núcleo urbano, atendendo principalmente as necesidades da poboación maior.

Impulsar o transporte público de Santiago pasa por mellorar a súa calidade e modernizalo, para o que se porán en marcha actuacións diferentes:

- ✓ Renovación da frota de autobuses, apostando por vehículos eléctricos, e mellora de liñas e frecuencias do transporte urbano da cidade de Santiago.
- ✓ Dixitalización do transporte público para gañar en eficiencia.
- ✓ Promoción dun sistema de alugueiro de coches e bicicletas eléctricas e reforzo dos puntos de cargadores eléctricos.

Para mellorar a mobilidade entre distintas zonas da cidade, intégranse tamén nesta liña de acción solucións de mobilidade e accesibilidade que combinen funcionalidade, tecnoloxía e deseño (ascensores, ramplas mecánicas etc.).

No relativo á mellora da loxística urbana de mercadorías, fundamentalmente na cidade histórica, poñerase en marcha unha plataforma loxística para a distribución de última milla que terá un impacto directo na mobilidade local.

Por último, identificouse a necesidade de actualizar os instrumentos de planificación, introducindo procesos continuos de avaliación, control e seguimento das políticas implementadas e de incorporar unha gobernanza máis activa que permita a toma de decisións a longo prazo, contando coa participación pública e o diálogo cos municipios da área urbana. O Concello dispón na actualidade dun PMUS do ano 2012 que é necesario actualizar, pero non desenvolveu mecanismos de avaliación, control e seguimento. Por outra banda, o feito de dispor dun instrumento de intervención como a empresa pública de transporte e dun instrumento de gobernanza como o Pacto Local deberían facilitar a planificación e a toma de decisións en materia de mobilidade. Neste sentido, incorpóranse dúas actuacións máis:

- ✓ Elaboración dun novo PMUS de Santiago de Compostela, que sería recomendable que incorporase a perspectiva metropolitana e que proporcionase o marco estratéxico necesario para a implantación das accións en materia de mobilidade. O PMUS debería incluír a elaboración de plans de transporte para desprazarse ao traballo aos principais centros de actividade económica do municipio.
- ✓ Dotar de continuidade ao Pacto pola Mobilidade Sostible como marco de gobernanza para o deseño e a implantación de proxectos que dean solución aos problemas identificados en materia de mobilidade.

Actuacións

- Elaboración dun novo plan de mobilidade urbana sostible de Santiago adaptado ás necesidades actuais.
- Xeración de rutas de mobilidade peonil que conecten a intermodal con diversos puntos estratéxicos da cidade.
- Desenvolvemento dunha rede ciclista que conecte a zona de Vidán, o hospital, os campus, a Alameda, a estación intermodal, o Sar e os polígonos empresariais.
- Creación dunha rede de aparcadoiros disuasorios.
- Ampliación de Camiños Escolares seguros: Colecamiños.
- Mellora das conexións entre a estación intermodal e o aeroporto a través da posta en marcha dun autobús lanzadeira, complementario ao transporte urbano.
- Impulso dun sistema de transporte público de carácter metropolitano, que permita conectar o núcleo urbano de Santiago cos municipios máis poboados da periferia sur.
- Posta en marcha dun sistema de transporte á demanda ou a través de "liñas alimentadoras" que permita conectar os núcleos rurais do municipio co núcleo urbano e que atenda, principalmente, as necesidades da poboación maior.
- Renovación da frota de autobuses, apostando por vehículos eléctricos, e mellora de liñas e frecuencias do transporte urbano da cidade de Santiago.
- Dixitalización do transporte público para gañar en eficiencia.
- Reactivación e impulso do Pacto pola Mobilidade Sostible.
- Sistema de sinalización intelixente.

- Sistema de alugueiro de coches e bicicletas eléctricas e reforzo dos puntos de cargadores eléctricos
- Mellora da conexión de distintas zonas da cidade a través de solucións de mobilidade e accesibilidade (ascensores, ramplas mecánicas etc.).
- Impulso dunha plataforma loxística para a distribución de última milla/distribución urbana de mercadorías

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Pacto Local pola Mobilidade Sostible
- Transporte Urbano de Santiago Sociedade Anónima (TUSSA)
- Clúster da Función Loxística de Galicia
- Asociacións de taxis do municipio

Plans / estratexias de referencia

- Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS)
- Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela
- Estratexia de loxística urbana sostible en Santiago de Compostela

Outros documentos de referencia: Acordo do Pacto Local pola Mobilidade Sostible

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
X	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

3.2.2. Redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro (GEI) e do número de días en que se superan os límites de calidade do aire.

5.1.1. Dispónse na cidade de plans de transporte ao traballo (PTT) para racionalizar os desprazamentos aos principais centros de traballo?

5.1.2. Distribución modal das viaxes (todos os motivos) na área urbana.

5.2.1. Dispónse dun Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS) na cidade?

5.2.2. Frota de autobuses de baixas emisións ou con combustibles limpos dedicados ao transporte público urbano.

5.2.3. Número de viaxes en transporte público.

OE6. FOMENTAR A COHESIÓN SOCIAL E BUSCAR A EQUIDADE

6.1. BIG SOCIAL SANTIAGO

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade
Obxectivo específico AUE	OES 6.1. Reducir o risco de pobreza e exclusión social en contornas urbanas desfavorecidas
Obxectivos relacionados AUE	OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 1, ODS 10, ODS11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 4. Diversidade, cohesión social e inclusión
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB4.2. Garantir o apoio aos colectivos máis vulnerables a través do reforzo das políticas sociais

Carácter

- ✓ Gobernanza
- ✓ Financiamento

Descrición

Segundo a Memoria de xestión dos servizos sociais do Concello de Santiago, en 2020 foron atendidas nalgún momento 23 376 persoas (o 24 % da poboación de Santiago) polos seus servizos sociais do Concello. Esta cifra, propiciada pola covid-19, máis que duplica á do ano anterior (11 478 persoas) e supón o número máis alto desde 2015, aínda que é certo que xa viñan aumentando de maneira constante entre 2015 e 2018, cun leve descenso en 2019. A atención focalizouse especialmente en apoio económico para cubrir gastos básicos, atención a persoas maiores que viven soas, persoas que pasan a noite na rúa e as que se atopan en situacións graves relacionadas coa vivenda. Nestas singulares circunstancias tamén se atendeu a persoas afectadas por ERTE, persoas maiores afectadas por peches de centros de días ou profesionais autónomos que perderan o seu emprego.

As tendencias demográficas, no relativo a envellecemento, tamaño medio do fogar e índices de dependencia, poden levar a un aumento das vulnerabilidades que supoñan un problema para a súa xestión desde os servizos sociais.

Coa posta en marcha e desenvolvemento do proxecto Big Social Santiago preténdese dotar os servizos sociais do municipio dunha ferramenta que lles permitirá mellorar na toma de decisións no ámbito social, definir actuacións de intervención social con maior impacto e cambiar o modelo de axuda social de reactivo a preventivo e proactivo.

O proxecto Big Social Santiago ten como obxectivo coñecer mellor a estrutura social de Santiago de Compostela e a súa distribución territorial, resaltando as vulnerabilidades máis presentes no territorio e as zonas con máis necesidades de acción social para conseguir así unha maior eficacia das políticas e programas sociais. Trátase dun

proxecto de *big data* orientado á detección das vulnerabilidades ou desigualdades sociais, que se representarán nun visor gráfico, incluíndo mapas dinámicos que se actualizarán periodicamente. Os traballos desenvolveranse cun enfoque colaborativo que implica a organización de talleres cos axentes implicados para pór en común obxectivos, ferramentas e prioridades.

Actuacións

- Big Social Santiago. Programa de detección temperá da vulnerabilidade e/ou exclusión social.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Cruz Vermella
- Universidade de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

-

Prazo de execución

X	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	x	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €	X	Entre 50.000 € e 200.000 €	x	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

6.1.1. Atópanse adecuadamente identificados os contornos urbanos que presentan un maior grao de vulnerabilidade social, económica e ambiental?

6.2.2. Dispónse dun plan ou estratexia que leve a cabo protocolos de detección temperá da vulnerabilidade e/ou exclusión social?

6.2 REFORZO E DINAMIZACIÓN DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAI E CULTURAI S

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade
Obxectivo específico AUE	OES 6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade
Obxectivos relacionados AUE	OE2, OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 1, ODS 10, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 4. Diversidade, cohesión social e inclusión
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	<p>OB2.2. Garantir a calidade de vida, en especial das persoas maiores, e o acceso aos servizos básicos, e evitar a exclusión.</p> <p>OB4.2. Garantir o apoio aos colectivos máis vulnerables a través do reforzo das políticas sociais.</p> <p>OB4.5. Fortalecer os ecosistemas sociais e culturais de Santiago</p> <p>OB5.2. Promover a igualdade, a diversidade social e cultural, a memoria e o patrimonio material e inmaterial como elementos propios da identidade compostelá</p> <p>OB5.4. Potenciar a diversidade lingüística, o coñecemento e os recursos da lingua e da cultura galega de xeito transversal</p>

Carácter

- ✓ Planificación
- ✓ Financiamento

Descrición

Santiago conta cun total de 45 **centros socioculturais**, o que a converte na cidade de España con máis centros socioculturais por habitante. Están distribuídos por todo o territorio municipal, tanto de carácter urbano, como rural, polo que pola súa proximidade son os lugares de encontro ideais para as persoas maiores, que normalmente teñen maiores dificultades de desprazamento. A través desta liña de acción preténdese pór en marcha unha serie de actuacións orientadas a facer dos centros socioculturais espazos de referencia para toda a cidadanía e, especialmente, para as persoas maiores, que poderán atopar neles lugares adaptados ás súas necesidades e cunha oferta de actividades e lecer que dea cobertura ás súas demandas.

A nivel de infraestruturas, levarase a cabo de maneira gradual a **rehabilitación e a reforma enerxética e de condicións de accesibilidade** dos centros que se atopan en peores condicións. Ademais **habilitaranse os baixos do Auditorio de Galicia para**

usos culturais abertos á cidadanía, o que reforzará a rede de centros socioculturais existente.

A nivel de actividade, porase en marcha un **proxecto de alfabetización dixital**, orientado a paliar as necesidades das persoas maiores na súa relación coas novas tecnoloxías e, en especial, coa Administración electrónica.

De maneira complementaria, os **centros máis grandes e máis próximos aos barrios vulnerables** poderán dotarse dunha aula TIC, con equipos de robótica, impresión 3D etc., de maneira que as persoas con menos recursos poderán ter acceso a estes recursos tecnolóxicos en igualdade de condicións.

Tal e como xa se puxo de manifesto na liña de acción 4.2., algúns destes centros socioculturais poderán albergar os denominados “**laboratorios de reparación**”, onde as persoas con coñecementos na materia poderán dotar de nova vida os produtos susceptibles de ser reutilizados. Fomentárase que esta actividade sexa desenvolvida principalmente por persoas maiores, que poderán ademais axudar e ensinar a mozos e mozas con interese por aprender esta actividade á vez que prestan un servizo á comunidade.

Nos centros sociais porase tamén en marcha un amplo programa de lecer activo de carácter interxeracional, dirixido especialmente a persoas maiores e con diversidade funcional, nenos e nenas, así como un programa de hábitos de vida saudable. En ambos os casos terase moi en conta a perspectiva de xénero, xa que as mulleres, ao ter unha esperanza de vida maior que os homes, presentan un maior índice de envellecemento.

Ademais, nos centros socioculturais que contan cunha maior superficie habilitaranse espazos destinados á cidadanía, co fin de fomentar o asociacionismo. Tamén se promoverán os labores de voluntariado xuvenil, orientado a desenvolver traballos de carácter social, cultural, educativo etc. dirixidos principalmente ao colectivo de persoas maiores.

Esta liña de actuación incorporará tamén diferentes accións culturais e sociais para dinamizar a rede de centros, orientadas a garantir e favorecer a participación cultural de toda a cidadanía desde unha perspectiva non elitista e transversal á acción municipal.

Por último, identificouse a necesidade de promover instrumentos para o diagnóstico e a planificación de usos e funcións dos equipamentos socioculturais e culturais como parte dun sistema público xeral, mediante a introdución de procesos continuos de avaliación, control e seguimento das actuacións implementadas, e de incorporar mecanismos que favorezan a transversalidade na acción social e cultural entre os diferentes departamentos municipais.

En definitiva, preténdese dinamizar a ampla rede de centros socioculturais con que conta a cidade, dotándoos de novos usos adaptados ás necesidades da sociedade actual, con especial atención ás necesidades das persoas maiores.

Actuacións

- Rehabilitación e reforma enerxética, funcional e das condicións de accesibilidade dos centros socioculturais.

- Rehabilitación e reforma dos baixos do Auditorio de Galicia para usos culturais e sociais.
- Proxecto de alfabetización dixital dirixido a persoas maiores.
- Posta en marcha dos “laboratorios de reparación” (liña de acción 4.2)
- Creación de aulas TIC nos centros socioculturais máis próximos aos barrios vulnerables.
- Programa de lecer activo de carácter interxeracional e programa de hábitos de vida saudable.
- Xeración de novos espazos para uso da cidadanía, para favorecer o asociacionismo.
- Fomento dos programas de voluntariado xuvenil de carácter social, educativo, cultural etc.
- Desenvolvemento de instrumentos de diagnóstico e planificación de usos e funcións dos equipamentos socioculturais e culturais como parte dun sistema público xeral.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Asociacións culturais
- Asociacións veciñais e outras asociacións cidadás

Plans / estratexias de referencia

- V Plan de igualdade de Santiago de Compostela, 2017-2020

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
X	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

6.1.2. Orzamento investido en actuacións realizadas en barrios vulnerables desde o punto de vista social, económico ou ambiental.

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental.

6.3. MODERNIZACIÓN DA ATENCIÓN SOCIAL E PROMOCIÓN DA CONCILIACIÓN E DA EDUCACIÓN SOCIAL

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade
Obxectivo específico AUE	OES 6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade
Obxectivos relacionados AUE	OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 1, ODS 10
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 4. Diversidade, cohesión social e inclusión
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB 2.2. Garantir a calidade de vida, en especial das persoas maiores, a través do acceso aos servizos básicos e evitando a exclusión. OB4.1. Atender á vulnerabilidade, evitar a discriminación e eliminar a exclusión social OB 5.2. Promover a igualdade, a diversidade social e cultural, a memoria e o patrimonio material e inmaterial como elementos propios da identidade compostelá

Carácter

- ✓ Financiamento

Descrición

Esta liña de acción está orientada a fortalecer os servizos sociais de Santiago de Compostela, imprescindibles para o desenvolvemento da vida diaria das persoas, e a promover a conciliación e a educación social. Porase especial atención ao asistencialismo orientado a cubrir as necesidades máis básicas da veciñanza e a atender os colectivos poboacionais nos que máis concorren factores de vulnerabilidade (persoas menores de idade; persoas maiores, especialmente as que viven soas; persoas en situación de dependencia; persoas afectadas por factores de exclusión etc.).

No relativo á modernización da atención social, as actuacións que se incorporan nesta liña están estruturadas en diferentes programas que inclúen instrumentos e actividades para mellorar e modernizar a atención social:

Primeiramente identifícase o **programa de teleasistencia no fogar de carácter preventivo**, que permitirá coñecer de maneira temperá as alteracións na conduta das persoas. Este programa podería incorporar elementos como as axendas individuais de atención; a instalación de teleasistencia avanzada a través de dispositivos no domicilio de detención de movementos, fumes, gases, acendido e apagado de electrodomésticos; a teleasistencia GPS móbil; a vídeo-asistencia sociosanitaria cun sistema de contacto

con servizos sociais e de saúde de referencia para poder realizar seguimento e control en remoto etc.

Complementario ao programa de teleasistencia no fogar está o **programa de mellora na prestación do servizo de atención a domicilio das persoas maiores**. Consiste en abordar un proceso de dixitalización deste servizo a través da mellora da coordinación e o desempeño na prestación das súas funcións do persoal dos servizos sociais.

Poranse en marcha tamén **novos programas de intervención social** co fin de atender as necesidades das persoas maiores de forma integral e desenvolver accións de loita contra a soidade non desexada (Xantar na casa, Casa das persoas maiores, Centro de día etc.).

Ademais, desenvolveranse **programas e recursos para minguar os factores de risco social que afectan ás persoas menores de idade do municipio**, para evitar o agravamento ou a cronificación das situacións intrafamiliares conflitivas ou de carencia social (centro de día para persoas menores en situación de risco, espazos de preservación etc.).

Por último, incorpóranse nesta liña de acción **actividades e recursos para atender as persoas en situación de senfogarismo** (recursos de aloxamento e/ou habitacionais, itinerarios de inclusión social), así como o desenvolvemento de iniciativas orientadas a facilitar a incorporación e adaptación das **persoas estranxeiras** na comunidade local.

En canto á **promoción da conciliación e da educación social**, poranse en marcha diferentes programas educativos orientados, entre outros temas de interese social, á promoción da igualdade e a prevención das violencias machistas. Ademais, impulsarase un programa de conciliación da vida laboral e familiar en períodos lectivos e non lectivos.

Actuacións

- ✓ Programa de teleasistencia no fogar a persoas maiores.
- ✓ Programa de mellora na prestación do servizo de atención a domicilio.
- ✓ Programas e recursos para atender as necesidades das persoas maiores de forma integral e desenvolvemento de accións de loita contra a soidade non desexada (Xantar na casa, Casa das persoas maiores, centro de día etc.)
- ✓ Programas e recursos para minguar os factores de risco social que afectan ás persoas menores de idade do municipio (centro de día para persoas menores en situación de risco, espazos de preservación etc.)
- ✓ Programas e recursos para atender as persoas en situación de *senfogarismo* (recursos de aloxamento e/ou habitacionais, itinerarios de inclusión social)
- ✓ Programa de conciliación da vida laboral e familiar en períodos lectivos e non lectivos.
- ✓ Programa de promoción da igualdade e prevención das violencias machistas.
- ✓ Actuacións orientadas a facilitar a incorporación e adaptación das persoas estranxeiras na comunidade local.

Axentes implicados

- ✓ Concello de Santiago de Compostela

- ✓ Cruz Vermella
- ✓ Cáritas
- ✓ Asociacións de nais e pais de alumnos/as
- ✓ Centros escolares
- ✓ Outras entidades sociais
- ✓ Centros tecnolóxicos e empresas especializadas en teleasistencia

Plans / estratexias de referencia

- Plan de inclusión social

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	x	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
X	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental.

9.1.2. Número de persoas usuarias cubertas por un determinado servizo público electrónico de *smart cities*

6.4. FACTORÍA NOVA: CENTRO DA MOCIDADE

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade
Obxectivo específico AUE	OES 6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade
Obxectivos relacionados AUE	OE2, OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 1, ODS 10, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 4. Diversidade, cohesión social e inclusión
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB2.2. Garantir a calidade de vida, en especial das persoas maiores, e o acceso aos servizos básicos, e evitar a exclusión. OB4.2. Garantir o apoio aos colectivos máis vulnerables a través do reforzo das políticas sociais. OB4.5: Fortalecemento dos ecosistemas sociais e culturais de Santiago OB5.4. Potenciar a diversidade lingüística, o coñecemento e os recursos da lingua e da cultura galega de xeito transversal

Carácter

- ✓ **Financiamento**
- ✓ Formación, difusión, intercambio de coñecemento

Descrición

Os últimos datos do Instituto Galego de Estatística relativos á poboación no ano 2023 reflicten que as persoas de Santiago de Compostela con idades comprendidas entre 15 e 35 anos suman 19 233. Este dato evidencia un importante crecemento nese grupo de idade respecto ao ano anterior (2022), case 1000 persoas máis, e que xa representa un 19,48 % da poboación santiaguesa.

A garantía de cohesión social, de construción dunha cidade inclusiva e solidaria, pasa por unha integración efectiva da súa mocidade na vida comunitaria desde unha perspectiva de inclusión laboral, cultural e socioeconómica. Neste sentido, Santiago de Compostela precisa de incrementar a oferta de actividades e de novos espazos para a mocidade e favorecer un ocio saudable e inclusivo no municipio.

Desde esta acción, no relativo a actividades, propónse a consolidación dunha programación de cultura e ocio con mirada local e global, de carácter educativo, aberto ao diálogo e dirixido a diferentes comunidades de públicos entre 14 e 35 anos. Un programa capaz de crear conexións entre as persoas e a cidade para influír no contexto e contribuír á construción dunha sociedade santiaguesa máis creativa, igualitaria e diversa. Prestarase especial atención á creación actual en galego e ás perspectivas feministas na cultura, coa mediación e a educación como vía para xerar coñecemento. Traballarase con persoas e comunidades culturais locais (artistas, axentes,

formadoras/es etc.), con modelos de programación multilaterais para chegar a mozos e mozas de diferentes idades e multiplicidade de intereses e para xerar coñecemento crítico e transformador a través da cultura e o ocio. A modo indicativo inclúense as seguintes actividades:

- Actividades de ocio e cultura (fotografía, cociña, realización de murais, club de lectura, rutas guiadas etc.)
- Actividades para a integración profesional
- Participación en programas europeos para a mocidade (Erasmus +)
- Programa de atención á saúde mental de menores
- Programa de prevención da adicción ás pantallas (adicción sen substancias)
- Programa de teatro foro para a educación en valores en institutos de educación secundaria
- Programa Boas Noites de lecer alternativo
- Programas de ensinanza de música (para bandas, técnica vocal e instrumental)
- Servizo de ludoteca e librerías.

Co obxectivo de xerar novos espazos para a mocidade, crearase un centro de referencia destinado a diferentes usos: culturais, de ocio, formativos, educativos ou sociais, entre outros. Este centro para a mocidade proxéctase como un espazo público diverso e referente en cultura e ocio, a nivel local e internacional. Un centro creativo e transformador, equipado para promover múltiples actividades vencelladas á educación e ás industrias culturais e creativas: artes plásticas e visuais, artes escénicas, videoxogos, creación literaria, musical e teatral, deseño gráfico etc.

De maneira complementaria, coordinarase a acción para a mocidade a través doutros espazos que o Concello de Santiago de Compostela dispón para a dinamización de actividades dirixidas á xente nova. Esta liña de actuación prevé a adecuación e a mellora destes espazos para este grupo de idade.

Actuacións

- Creación dun centro de referencia dirixido á mocidade para diferentes usos
- Mellora e mantemento doutros espazos para a mocidade.
- Actividades de ocio e cultura (fotografía, cociña, realización de murais, club de lectura, rutas guiadas etc.).
- Actividades para a integración profesional
- Participación en programas europeos para a mocidade (Erasmus +)
- Programa de teatro foro para a educación en valores en institutos de educación secundaria
- Programa Boas Noites de lecer alternativo
- Programas de ensinanza de música (para bandas, técnica vocal e instrumental)
- Servizo de ludoteca e librerías

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Asociacións xuvenís
- Asociacións veciñais
- Asociacións culturais e de artes escénicas

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Santiago de Compostela (EDUSI)
- V Plan de igualdade de Santiago de Compostela, 2017-2020
- Axenda 2030

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
X	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50 000 €		Entre 50 000 € e 200 000 €		Entre 200 000 € e 1 000 000 €
	Entre 1 000 000 € e 3 000 000 €	X	Máis de 3 000 000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

6.1.2. Orzamento investido en actuacións realizadas en barrios vulnerables desde o punto de vista social, económico ou ambiental

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

6.5. PLAN MUNICIPAL DE SAÚDE	
Aliñación estratéxica	
Obxectivo estratéxico AUE	OE 6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade
Obxectivo específico AUE	OES 6.1. Reducir o risco de pobreza e exclusión social en contornos urbanos desfavorecidos
Obxectivos relacionados AUE	OE6
Obxectivos relacionados ODS	ODS 1, ODS 10, ODS11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 4. Diversidade, cohesión social e inclusión
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB4.1. Atender a vulnerabilidade, evitar a discriminación e eliminar a exclusión social OB4.2. Garantir o apoio aos colectivos máis vulnerables a través do reforzo das políticas sociais
Carácter	
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Gobernanza ✓ Financiamento 	
Descrición	
<p>Os servizos sociais comunitarios constitúen un dos piares fundamentais do benestar, xa que resultan imprescindibles para o desenvolvemento da vida diaria das persoas. A súa proximidade á veciñanza é básica para detectar, coñecer, analizar e intervir nas súas necesidades sociais.</p> <p>En Santiago de Compostela, o sistema municipal de servizos sociais comunitarios vértase a través da Área de Acción Social que xestiona as diferentes prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación. Esta área configúrase a través dos servizos sociais comunitarios básicos, a Unidade Municipal de Atención ás Drogodependencias (UMAD) e o Centro de Información á Muller (CIM), estes dous últimos pertencentes aos servizos sociais específicos.</p> <p>Segundo a Memoria de xestión dos servizos sociais do Concello de Santiago, en 2023 foron atendidas nalgún momento 15 228 persoas (o 15,42 % da poboación de Santiago) polos servizos sociais municipais. Esta é a segunda maior cifra desde 2015, soamente superada pola do ano 2022, que ascendeu a 17 227 persoas, e sen contar a anualidade de 2020, cando se atenderon 23 376 persoas como consecuencia da covid-19. A poboación que se está achegando aos servizos sociais non se trata tanto de persoas demandantes de prestacións económicas, como de persoas con situacións difíciles, que esixen intervención social e técnica.</p> <p>Neste contexto, o Departamento municipal de Servizos Sociais está a detectar novas necesidades vinculadas á atención sociosanitaria que precisa do desenvolvemento dun plan municipal de saúde. Este plan deberá incorporar os diferentes servizos no ámbito</p>	

sociosanitario que se están a prestar e impulsar novos recursos e prestacións que dean resposta ás novas necesidades. Concretamente están previstas as seguintes:

- 1. Creación dun centro de atención sociosanitaria** que se converta nun “**recurso ponte**” entre a atención sanitaria de agudos, prestada ás persoas nun centro hospitalario, e a plena incorporación destas ao seu domicilio e ao seu barrio. Esta actuación xustifícase en que as persoas, xeralmente maiores, que causan alta dun centro hospitalario pasan ao seu domicilio directamente, co que ven limitado o acceso a cuidados sociosanitarios por ser estes insuficientes ou non adecuados para a súa situación.

O centro de atención sociosanitaria prestará atención especializada dirixida á recuperación da saúde que permita a curto ou medio prazo a reincorporación ao seu contorno habitual. O obxectivo deste centro sería mellorar a calidade de vida das persoas que deben reforzar algúns aspectos da súa **independencia e autonomía**: persoas maiores, con discapacidade, con enfermidades crónicas ou con patoloxías relacionadas coa súa saúde mental.

Dada a envergadura deste centro, necesario non só para prestar atención ao concello de Santiago de Compostela, senón á súa contorna, resulta imprescindible que a xestión sexa autonómica, pero que inclúa unha dimensión na intervención social en estreita coordinación cos recursos de atención social de proximidade municipais, para que existan valoracións continuas e o paso do centro ao domicilio habitual se faga en condicións de seguridade e de protección. Como servizo complementario a este centro, estímase necesario establecer un programa novidoso e pioneiro que combine a atención sanitaria do primeiro nivel (Atención Primaria de Saúde) coa atención social (tanto do propio sistema sanitario como dos servizos sociais). Cómpre unir esforzos para establecer estratexias de intervención coordinadas e en rede, que repercutan favorablemente no benestar das veciñas e veciños de Compostela e, en especial, dos colectivos sociais mais vulnerables, entre os que están as persoas en situación de dependencia, as persoas con discapacidade ou, mesmo, as persoas maiores que viven nunha situación de soidade non desexada.

- 2. Impulso dun programa de atención á saúde mental.** Aliñado co enfoque global da UE nesta materia, promoveranse accións encamiñadas a mellorar a saúde mental da poboación en todos os niveis e ámbitos sociais. A aplicación deste enfoque baséase en accións concretas que promova o Concello de Santiago e coordinadas e apoiadas polo sistema sanitario galego, así como organizacións sociais con capacidade de resposta neste ámbito. Búscase, polo tanto, promover un modelo de atención integral e comunitario que favoreza a recuperación e a inclusión social, pero poñendo tamén o foco na prevención. Estas accións estarán aliñadas coas áreas de traballo identificadas na Estratexia de Saúde Mental 2022 -2026 do Ministerio de Sanidade:

- Atención integral á saúde mental
- Sensibilización e loita contra a estigmatización das persoas con problemas de saúde mental
- Divulgación de accións preventivas no ámbito da saúde mental
- Prevención, detección precoz e atención á conduta suicida
- Abordaxe de problemas de saúde mental en contextos de maior vulnerabilidade

O Plan municipal de saúde ten como obxectivo coordinar e reforzar os servizos no ámbito sociosanitario para así mellorar a estrutura social de Santiago de Compostela e dar resposta ás novas necesidades e realidades existentes que precisan de novas accións sociais.

Actuacións

- Centro de atención sociosanitaria
- Programa de atención á saúde mental
- Programa de recursos, actuacións e servizos no ámbito sociosanitario
- Actuacións para combater o sedentarismo e a obesidade a través do fomento da actividade físico-deportiva
- Actuacións para a prevención de condutas aditivas fomentando un modelo de lecer saudable e a prevención de adicións con e sen substancia.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia
- Deputación Provincial da Coruña
- Cruz Vermella
- Organizacións do ámbito da saúde
- Universidade de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

- Enfoque global da UE en materia de saúde mental
- Estratexia de Saúde Mental do SNS

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	x	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos	x	Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50 000 €		Entre 50 000 € e 200.000 €	x	Entre 200 000 € e 1 000 000 €
	Entre 1 000 000 € e 3 000 000 €	x	Máis de 3 000 000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

6.1.1. Atópanse adecuadamente identificados os contornos urbanos que presentan un maior grao de vulnerabilidade social, económica e ambiental?

6.2.2. Dispónse dun plan ou estratexia que leve a cabo protocolos de detección temperá da vulnerabilidade e/ou exclusión social?

6.6. RECUPERACIÓN E VALORIZACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA LOCAL CENTRADA NAS MULLERES

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade
Obxectivo específico AUE	OES 6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade
Obxectivos relacionados AUE	OE6
Obxectivos relacionados ODS	ODS 5
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 5. Educación, patrimonio e cultura
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB5.2. Promover a igualdade, a diversidade social e cultural, a memoria e o patrimonio material e inmaterial como elementos propios da identidade compostelá OB 5.4. Potenciar a diversidade lingüística, o coñecemento e os recursos da lingua e da cultura galega de xeito transversal

Carácter

- ✓ Formación, difusión, intercambio de coñecemento
- ✓ Gobernanza

Descrición

O **Programa de Memoria Histórica Centrado nas Mulleres** ten como obxectivo recuperar, visibilizar e poñer en valor o papel crucial das mulleres **na construción da historia local de Compostela**. Este programa procura corrixir o tradicional nesgo de xénero na narrativa histórica e ofrecer unha perspectiva máis inclusiva e completa do pasado colectivo da cidadanía compostelá. A través de diversas accións, como a **investigación documental, a recollida de testemuños orais, a creación dun arquivo dixital e a organización de exposicións temáticas**, preténdese rescatar as experiencias, contribucións e loitas das mulleres que foron sistematicamente silenciadas ou minimizadas nos relatos oficiais.

A implementación deste programa non só enriquecerá o patrimonio cultural e histórico do municipio, senón que tamén servirá como ferramenta de concienciación e educación para as xeracións presentes e futuras, e contribuirá así á **construción dunha conciencia comunitaria**. Realizaranse **obradoiros en centros educativos**, crearase unha **rede de rutas histórico-culturais cunha perspectiva de xénero e fomentarse a participación cidadá na recuperación da memoria colectiva**. Incorporarase a **memoria histórica** ao modelo de cidade a través da **nomenclatura urbana e da arte pública**.

Por unha banda, empregaranse os nomes de rúas, prazas, edificios e equipamentos públicos para honrar figuras históricas femininas locais ou, de ser o caso, galegas. Por outra banda, a arte pública como medio para expresar a memoria histórica no espazo urbano incluirá

monumentos, esculturas, murais ou outras intervencións artísticas que doten de significado histórico prazas, parques e outros espazos públicos.

Ademais, estableceranse **colaboracións con institucións académicas e organizacións da sociedade civil** para garantir o rigor histórico e a relevancia social do programa.

Aínda que esta liña de actuación céntrase principalmente en poñer en valor o papel crucial das mulleres na construción da historia local de Compostela, tamén contemplará actuacións orientadas a poñer en valor a memoria histórica local da cidade, así como o desenvolvemento de iniciativas que contribúan á recuperación da memoria LGTBI.

Actuacións

- ✓ Creación dun arquivo dixital da memoria histórica de Compostela centrada nas mulleres
- ✓ Desenvolvemento de iniciativas poñan en valor a contribución das mulleres á historia e á cultura locais: exposicións, charlas, eventos, rutas culturais etc.
- ✓ Implantación da nomenclatura urbana destacando figuras femininas relevantes na historia local
- ✓ Inclusión nos espazos públicos do municipio de intervencións artísticas que recoñezan a relevancia de mulleres na historia local
- ✓ Actuacións orientadas a posta en valor da memoria histórica local da cidade
- ✓ Iniciativas que contribúan á recuperación da memoria LGTBI

Axentes implicados

- ✓ Concello de Santiago de Compostela
- ✓ Universidade de Santiago de Compostela e centros escolares
- ✓ Asociacións de mulleres
- ✓ Colectivos de memoria histórica da cidade
- ✓ Museos e centros culturais
- ✓ Asociacións veciñais

Plans / Estratexias de referencia

- V Plan de Igualdade de Santiago de Compostela

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	x	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50 000 €		Entre 50 000 € e 200 000 €	x	Entre 200 000 € e 1 000 000 €
	Entre 1 000 000 € e 3 000 000 €		Máis de 3 000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

OE7. IMPULSAR E FAVORECER A ECONOMÍA URBANA

7.1. DESENVOLVEMENTO DE NOVO SOLO EMPRESARIAL VINCULADO AOS SECTORES ESTRATÉXICOS DA CIDADE

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica
Obxectivos relacionados AUE	OE2, OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 1. Diversificación económica
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB1.1. Diversificar as bases económicas da cidade, a través da aposta pola innovación, a tecnoloxía, a cultura e a economía circular, para equilibrar o peso dos sectores económicos en PIB, emprego e VAB. OB1.2. Impulsar o polo de innovación biotecnolóxico de Santiago.

Carácter

- ✓ Financiamento
- ✓ Planificación

Descrición

Os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) recollidos no Diagnóstico estratéxico da AUS (datos de 2019) sinalan que o 84 % das empresas de Santiago de Compostela encadraba a súa actividade dentro do sector servizos. Ademais, o propio Diagnóstico, baseándose no Informe Ardán (Informe económico e de competitividade de Galicia, elaborado polo Consorcio de Zona Franca de Vigo), identificaba que unha de cada cinco empresas de servizos de Santiago pertence a actividades relacionadas co turismo (11 % do VAB do sector servizos local).

Neste contexto a transformación da economía de Santiago de Compostela e da imaxe proxectada, moi ligada ao turismo e á Administración, é unha das prioridades da cidade. Actualmente existe unha aposta decidida polo impulso de actividades que favorezan a reindustrialización e a atracción de pemes de servizos innovadores ao redor, apoiándose no potencial endóxico de Compostela e o seu contorno, e aproveitando o potencial de coñecemento e a especialización da Universidade de Santiago de Compostela. Desta forma preténdese a diversificación da base económica da cidade e unha transformación da estrutura de servizos moi marcada polo turismo. Un exemplo que responde a este reto é o **Acordo da Sionlla**, un proxecto de cooperación público-privado para a reindustrialización empresarial, a promoción de asentamento empresarial e a captación de proxectos de investimento nos sectores biotecnolóxicos e da madeira.

Esta liña de actuación trata de favorecer a atracción, impulso e asentamento de pemes innovadoras de servizos mediante a xeración e o desenvolvemento de novo solo empresarial equipado vinculado a outros sectores estratéxicos para a cidade non

asociados ao turismo, por exemplo o biotecnolóxico, madeira, TIC, saúde, industrias culturais e creativas ou *fintech*, entre outros.

Actuacións

- Proxecto de ampliación e promoción do solo empresarial de pequeno tamaño para pemes innovadoras que permitan diversificar a estrutura de servizos, moi marcada polo turismo. Este proxecto ten como obxectivo a atracción e o asentamento de pemes innovadoras de servizos mediante o desenvolvemento de parcelas de pequeno tamaño con acceso a servizos básicos, 5G, fontes de enerxías renovables, así como conectadas e integradas coa cidade.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Universidade de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia
- Clústeres empresariais
- Cámara de Comercio
- Parques empresariais
- Asociacións empresariais

Plans / estratexias de referencia

- Acordo para a reindustrialización de Compostela (Acordo da Sionlla)
- Estratexia de emprego e plan de emprego
- Plan xeral de ordenamento municipal
- Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
x	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
x	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

1.1.2. Correlación entre urbanización de solo, dinámica demográfica, emprego e actividades económicas.

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

7.2. CENTRO DE CULTURA GASTRONÓMICA

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica
Obxectivos relacionados AUE	
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 5. Educación, patrimonio e cultura.
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB5.1. Potenciar a universidade e o coñecemento como vector estratéxico de crecemento do territorio, para facilitar a retención do talento. OB5.2. Promover a igualdade, a diversidade social e cultural, a memoria e o patrimonio material e inmaterial como elementos propios da identidade compostelá OB5.4. Potenciar a diversidade lingüística, o coñecemento e os recursos da lingua e da cultura galega de xeito transversal

Carácter

- ✓ Financiamento

Descrición

Santiago de Compostela é un dos principais destinos culturais de España e de Europa e unha referencia mundial polo Camiño de Santiago. Trátase dunha cidade cunha grande e exitosa experiencia na planificación urbana, a conservación da cidade histórica e o sector turístico, que recibiu importantes recoñecementos internacionais como a declaración de Patrimonio Mundial pola Unesco, o premio UN-Hábitat ou a Capital Cultural de Europa.

Con todo, nos últimos anos percíbese unha perda de vitalidade de Santiago de Compostela nos foros nacionais e internacionais do sector turístico e diluíuse a imaxe da cidade como destino urbano, cultural, gastronómico ou de reunións e congresos.

Neste sentido o Plan de sostibilidade turística de Santiago de Compostela (2020) recolle nun dos seus eixes (eixe 5) a necesidade de crear novos produtos turísticos e experiencias sostibles, un aspecto clave no seu posicionamento, aproveitando mellor o seu potencial como destino de turismo cultural e gastronómico.

Con esta liña de actuación o Concello de Santiago propónse impulsar a imaxe da cidade como destino gastronómico a través da creación dun centro de referencia para a posta en valor e a divulgación da cultura gastronómica de Galicia (diplomacia gastronómica). Un espazo cunha axenda estable de actividades, eventos e exposicións, emprazado nun lugar emblemático da cidade, para situar a Santiago de Compostela como unha referencia neste ámbito.

Actuacións

Creación do Centro de Cultura Gastronómica que terá, entre outras, as seguintes funcións:

- Protección e posta en valor da cultura gastronómica de Galicia
- Creación dun corpus da cociña galega (patrimonio culinario)
- Centro de Documentación da Gastronomía de Galicia
- Laboratorio de innovación da gastronomía de Galicia
- Centro formador gastronómico
- Creación dun espazo de difusión da cultura enogastronómica de Galicia

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia
- Axentes da cadea de valor da gastronomía de Galicia

Plans / estratexias de referencia

- Plan de sostibilidade turística da Cidade de Santiago de Compostela
- Plan estratéxico de turismo de Santiago de Compostela 2017-2022

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	x	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €	x	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio ea industria local e de impulso da actividade turística sostible.

7.3. CIDADE DA SAÚDE

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica
Obxectivos relacionados AUE	OE2, OE5
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 1. Diversificación económica
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB1.2. Impulsar o polo de Innovación Biotecnolóxico de Santiago

Carácter

- ✓ Gobernanza

Descrición

Un dos retos estratéxicos identificados no *Diagnóstico estratéxico da AUS* é o da diversificación das bases económicas da cidade, moi ligadas ao sector servizos e o desenvolvemento de novos sectores económicos nos cales se pode aproveitar o papel catalizador da Universidade de Santiago (USC). A cidade debe ser capaz de incorporar á súa economía o enorme talento humano dispoñible que se xera nas aulas universitarias para a creación dun tecido empresarial diversificado e innovador que non parece que se estea aproveitando suficientemente.

Aproveitando o potencial de coñecemento da USC, que conta co Campus Vida de Excelencia Internacional, propónse desenvolver unha economía vinculada ás ciencias da saúde e a vida, promovendo a excelencia académica, científica e empresarial no sector biotecnolóxico e biosanitario galego. Trátase dun sector económico tractor innovador de alto compoñente tecnolóxico, baseado nas capacidades da universidade nos campos da medicina, a bioloxía e a tecnoloxía, que xera un fluxo constante de transferencia de coñecemento e desenvolvemento de capacidades industriais desde a universidade á empresa. Este proceso ten como punta de lanza o proxecto Biopolo Empresarial Sionlla Biotech, promovido en colaboración público-privada polo Concello de Santiago de Compostela, a Xunta de Galicia, a USC, a Cámara de Comercio e a Asociación Área Empresarial do Tambre, e apoiado polos diferentes clústeres empresariais vinculados aos sectores biotecnolóxicos e biosanitarios con sede en Santiago (Bioga, Clúster Saúde de Galicia etc.).

Neste contexto, e co obxectivo de seguir xerando unha maior integración entre a cidade, a universidade e o tecido empresarial para fomentar un reforzamento e transformación da estrutura económica da cidade e a súa área de influencia con base nos sectores antes descritos, a USC impulsa o proxecto **Cidade da Saúde**. Este proxecto de carácter integrador pretende reforzar as actividades sanitarias de carácter asistencial, docente e investigador, contribuíndo, con isto, a que Galicia e Santiago sexan un referente da docencia, da investigación e da colaboración institucional e público-privada no ámbito da saúde e a vida, así como xeradora de talento innovador que favoreza a creación dun tecido empresarial diversificado e innovador.

As accións incluídas nesta liña de actuación Cidade da Saúde deséñanse ao redor dos seguintes obxectivos:

- Dispor dun conxunto de dotacións suficientes para dar soporte material á docencia e investigación de vangarda no ámbito das ciencias da saúde e a vida.
- Inserir de forma coherente e integrada estas instalacións nun espazo urbano no que xa existen dotacións moi importantes no ámbito sanitario.
- Intervir urbanisticamente para conectar áreas moi importantes da cidade de Santiago no que se refire á actividade académica, científica e asistencial.
- Modernizar as infraestruturas e a urbanización do espazo público, conectando e aumentando as zonas verdes e de mobilidade alternativa.

Ademais, coa actuación Cidade da Saúde ponse o foco en promover a formación de calidade dos e as profesionais, que serán quen respondan aos retos futuros que deba afrontar o ámbito sanitario galego, e en estimular a investigación, a transferencia e a colaboración público-privada

Actuacións

As principais actuacións previstas no proxecto Cidade da Saúde son as seguintes:

- Rehabilitación do edificio de San Francisco, como sede histórica dos estudos de Medicina, mantendo os seus usos docentes e institucionais no centro histórico da cidade e completándoos cos que outras institucións do ámbito sanitario poidan pór en marcha no inmovible.
- Construción dun novo centro dedicado ás ciencias da saúde no campus sur que resolva as necesidades da Facultade de Farmacia e da Facultade de Enfermaría e que dea cabida ao Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS) e á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, ampliando o espazo dispoñible no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).
- Reurbanización do núcleo da praza do Seminario de Estudos Galegos, logo da demolición da actual Facultade de Farmacia, co que se pon á disposición da cidade unha nova zona verde.
- Reorganización da mobilidade no campus, definindo unha vía alternativa entre o CHUS e a Facultade de Medicina, que sirva de eixe para conectar o suroeste e o nordeste da cidade.
- Integración dos obxectivos de eficiencia de sostibilidade, aproveitando a reurbanización destas áreas, mediante a introdución de infraestruturas de produción e subministración de enerxía para a zona sur do campus, CiMUS e Cebega.

Axentes implicados

- Universidade de Santiago de Compostela (USC)
- Concello de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia
- Clústeres empresariais vinculados aos sectores biotecnolóxicos e biosanitarios, así como transversais.

Plans / estratexias de referencia

- Plan xeral de ordenamento municipal
- Acordo para a reindustrialización de Compostela (Acordo da Sionlla)
- Plan estratéxico de Galicia 2015-2020

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos	X	Máis de 8 anos	

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €	

Indicadores de seguimento AUE

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

7.4. SANTIAGO HUB TECNOLÓXICO

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica
Obxectivos relacionados AUE	OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 1. Diversificación económica
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB1.1. Diversificar as bases económicas da cidade, a través da aposta pola innovación, a tecnoloxía, a cultura e a economía circular, para equilibrar o peso dos sectores económicos en PIB, emprego e VAB. OB1.2. Impulsar o polo de Innovación Biotecnolóxico de Santiago.

Carácter

- ✓ Financiamento

Descrición

O documento Diagnóstico da AUS recolle a necesidade xerar un ecosistema de innovación e emprendemento que integre a Universidade de Santiago e o tecido empresarial, co fin de favorecer a promoción de novos sectores económicos con capacidade de desenvolvemento futuro e que permitan a diversificación das bases económicas actuais da cidade.

Un dos sectores con maior potencial de crecemento pola súa capacidade facilitadora e transformadora é o vinculado ás novas tecnoloxías e servizos dixitais. Neste sentido Santiago de Compostela ten a capacidade de desenvolverse como hub tecnolóxico por varios motivos:

1.- Unha universidade, a USC, con capacidade de produción de talento ao ser un motor de dixitalización e innovación: ata 11 titulacións (un 25 % da oferta total) pertencen ao ámbito das ciencias, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas, destacando o novo grao en Intelixencia Artificial. Pero, ademais, a USC dispón de 1910 investigadores/as e 299 grupos de investigación (entre os que destaca o Grupo de Sistemas Intelixentes da USC) e dunha rede formada por dez institutos, once centros propios de investigación (destacar o CiTIUS- Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes), dous centros mixtos e cinco centros singulares de investigación. En canto á transferencia de coñecemento, pódese destacar que no ámbito da USC se crearon 25 empresas de base tecnolóxica (EBT) que xeran case 400 empregos e alcanzan unha facturación conxunta de 35,9 millóns de euros.

2.- Un tecido produtivo vinculado ao sector tecnolóxico (cuxa facturación ascende 205 M€ e emprega a 1902 persoas en Santiago), no que destacan empresas líderes neste sector como Televés ou Tecnoloxías Plexus. Ademais, Santiago é sede de numerosos clústeres empresariais (Clúster TIC, Bioga, Clusaga ou Clúster da Madeira, entre outros).

3.- Dispón de instrumentos facilitadores para o emprendemento tecnolóxico como a Sociedade para a promoción de iniciativas emprendedoras (Uninova), participada pola USC e o Concello de Santiago, destinada a ofrecer asesoramento, aceleración e soporte á creación de iniciativas empresariais fortemente innovadoras, para o que xestiona o edificio Emprendia, espazo de máis de 3000 m² para a incubación de empresas tecnolóxicas e que conta cun punto de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT), concedido polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en 2010.

4.- Infraestruturas de validación e control, como o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), unha organización participada pola Xunta de Galicia e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e que complementariamente coa Universidade desenvolve un labor fundamental en materia de investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, así como outros recursos das tecnoloxías da información.

5.- Experiencia en proxectos tecnolóxicos innovadores, como o proxecto de Compra Pública Innovadora Smartiagio, así como os polos de innovación Campus Vida da USC e o Biopolo tecnolóxico da Sionlla (Sionlla Biotech).

6.- Santiago de Compostela conta desde o ano 2014 coa distinción Cidade da Ciencia e a Innovación, renovada en 2021 polo Ministerio de Ciencia e Innovación, e é considerada como destino turístico de congresos e convencións, xa que numerosos eventos asociados ás novas tecnoloxías como é o caso da organización de ECAI, o evento de IA máis importante de Europa.

A liña de actuación Santiago Hub Tecnolóxico pretende ser un espazo que conecta distintos actores do ecosistema de innovación e emprendemento tecnolóxico de Santiago, un espazo común para a universidade, a empresa e o talento, no que a comunidade universitaria terá a oportunidade de aprender e experimentar e, ao mesmo tempo, onde as empresas captan talento e identifican tecnoloxías facilitadoras de aplicación nas súas empresas.

Baixo o proxecto Santiago Hub Tecnolóxico poranse en marcha un conxunto de accións orientadas a potenciar o ecosistema de innovación e emprendemento tecnolóxico: un centro de innovación e coñecemento asociado ás tecnoloxías das áreas de coñecemento da USC, un centro de emprendemento de base tecnolóxica, e un proxecto MediaLab ou espazo *maker* que podería ser sede permanente da Maker Faire Galicia.

Actuacións

As principais actuacións previstas no proxecto Santiago Hub Tecnolóxico son as seguintes:

- O centro de innovación e coñecemento vinculado a tecnoloxías asociadas ás áreas de coñecemento da USC (ciberseguridade, IA, biotecnoloxía, medicina, *fintech*). Este centro actuará como unha estrutura de cooperación entre empresas e a USC, cuxo obxectivo é facer posible:
 - o desenvolvemento de produtos e servizos innovadores en todos os ámbitos posibles;
 - a posta en marcha de novas empresas;
 - a formación dunha nova xeración de persoas emprendedoras;
 - a contribución de capital emprendedor ao ecosistema de innovación e emprendemento.
- O centro de emprendemento de base tecnolóxica, orientado ao impulso e aceleración de *start-ups* tecnolóxicas e EBT capaces de xerar postos de traballo

no sector do TIC. Incorporará programas de formación e aceleración, espazos demostrativos, talleres tecnolóxicos, financiamento, entre outros.

- O MediaLab Compostela, un laboratorio de tecnoloxía e deseño concibido como un espazo aberto de creación e experimentación cidadá. Este espazo *maker* ofrece coñecemento, tecnoloxía e lugares para facilitar procesos de aprendizaxe, crear coñecemento, experimentar e desenvolver proxectos; promove e alimenta comunidades e redes locais como elementos clave na transformación social. Ademais, buscará ser sede permanente da Maker Faire Galicia.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Universidade de Santiago de Compostela (USC)
- Clústeres empresariais
- Uninova

Plans / estratexias de referencia

- Acordo para a reindustrialización de Compostela (Acordo da Sionlla)
- Estratexia de emprego e plan de emprego

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
x	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	x	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

7.5. IMPULSO E REVITALIZACIÓN COMERCIAL

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.2. Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores clave da economía local
Obxectivos relacionados AUE	OE2, OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 1. Diversificación económica
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB1.1. Diversificar as bases económicas da cidade, a través da aposta pola innovación, a tecnoloxía, a cultura e a economía circular, para equilibrar o peso dos sectores económicos en PIB, emprego e VAB.

Carácter

- ✓ Financiamento

Descrición

O comercio é unha das principais fontes de riqueza do municipio de Santiago de Compostela. Tal e como se evidencia no diagnóstico estratéxico da AUS, dentro do sector servizos, a actividade comercial é a actividade predominante en Santiago de Compostela, en canto a número de empresas e de persoal asalariado. En datos do ano 2019, o comercio agrupa o 24 % das empresas do sector servizos e dá emprego ao 27 % das persoas que traballan no devandito sector.

O mantemento, impulso e dinamización da actividade comercial é clave non só como fonte de emprego e riqueza, senón tamén pola importancia que ten a oferta dun comercio de calidade nunha cidade de grande atractivo turístico. Neste sentido, o Plan estratéxico do comercio de Santiago de Compostela evidencia algúns retos que cómpre abordar para garantir o desenvolvemento comercial: (1) impulsar a creación de novos comercios; (2) garantir a consolidación, mellora e continuidade do comercio a través da prestación de información e asesoramento.

Esta liña de actuación trata de apostar pola innovación no sector comercial, a través dun traballo de asesoramento ao pequeno comercio orientado especialmente para os que están próximos á substitución xeracional para garantir así a súa continuidade; a posta en marcha dun centro demostrador de novas tecnoloxías vinculadas ao comercio; e un plan de impulso á creación de novos comercios a través de iniciativas experimentais e innovadoras, como as tendas pop-up para probar iniciativas emprendedoras, puntos de venda efémeros para empresas do ámbito das industrias culturais e creativas sen tenda propia na cidade e liquidacións de produto para o comercio xa implantado.

Ademais, integra outras medidas para a revitalización comercial en Santiago como son o impulso dun *market place* do mercado de abastos, con puntos de entrega á cidadanía en diferentes emprazamentos da cidade, e a posta en marcha de incentivos para actividades de promoción e dinamización comercial.

Cómpre destacar o desenvolvemento de medidas para a protección e o impulso do comercio local de proximidade na cidade histórica, mediante a reordenación de usos de locais comerciais a actividades relacionadas co turismo, a hostalería ou o comercio.

Actuacións

Entre algunha das actuacións que poden encadrarse nesta liña destacan as seguintes:

- Programa experimental de tendas pop-up en locais comerciais en desuso. Destinado a emprendedores comerciais, que realizan unha simulación real do seu futuro negocio por un tempo determinado mentres reciben asesoramento cualificado ad hoc.
- Programa de apoio e asesoramento para facilitar a remuda xeracional, partindo dun censo específico de comercios e barrio a barrio.
- Centro demostrador de tecnoloxías vinculadas ao comercio e que incorpore accións de formación.
- *Market place* do mercado de abastos, con entrega á cidadanía en diferentes emprazamentos da cidade, a través de armarios refrixerados que funcionan como puntos de recollida de produto fresco.
- Medidas para a protección e o impulso do comercio local de proximidade na cidade histórica, mediante a reordenación de usos de locais comerciais a actividades relacionadas co turismo, a hostalería ou o comercio.
- Incentivos e axudas para a revitalización comercial local.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Asociacións de comerciantes de Santiago de Compostela
- Universidade de Santiago de Compostela

Plans / estratexias de referencia

- Plan estratéxico do comercio do Concello de Santiago de Compostela (2017)

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	x	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €	x	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

7.6. DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS TURÍSTICOS VINCULADOS COA CULTURA: MUSEOS COMPOSTELA

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica
Obxectivos relacionados AUE	OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 5. Educación, patrimonio e cultura.
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	<p>OB5.2. Promover a igualdade, a diversidade social e cultural, a memoria e o patrimonio material e inmaterial como elementos propios da identidade compostelá</p> <p>OB5.3. Xerar novos atractores a través da recuperación de patrimonio natural e cultural e a posta en marcha de iniciativas de carácter cultural fóra dos puntos máis saturados turisticamente.</p> <p>OB5.4. Potenciar a diversidade lingüística, o coñecemento e os recursos da lingua e da cultura galega de xeito transversal</p>

Carácter

- ✓ Financiamento

Descrición

Santiago de Compostela conta cun importante tecido museístico. Entre outras entidades e institucións destacan o Museo da Catedral de Santiago, o Museo do Pobo Galego, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), o Museo das Peregrinacións e de Santiago, o Museo Centro Gaiás, o Museo da Fundación Eugenio Granell, o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), o Museo de Historia Natural da USC, o Museo da Casa da Troia, o Museo da Colexiata de Sar, o Museo do Mosteiro de San Paio de Antealtares, a Colección de Anestesioloxía e Reanimación da USC, a Colección dos Gabinetes de Ciencias do Antigo Instituto de Santiago ou o Museo de Terra Santa.

Por outra banda, a oferta museística de Santiago de Compostela complementábase con outros centros de exposición temporal como a Casa do Cabido, a Sala C, a Igrexa da Universidade, o Pazo de Fonseca, a Casa da Parra, o Auditorio de Galicia, a Sede Afundación, Abanca Obra Social ou a Fundación Araganey-Ponte de Culturas.

No entanto, o Plan de sostibilidade turística da cidade de Santiago de Compostela identifica que, aínda que hai moita oferta no actual panorama museístico da cidade, esta non se corresponde á dun destino cultural como Santiago, xa que se trata dunha oferta de museos conformada en xeral por espazos pequenos e con presentacións moi tradicionais, o que se traduce nunha escasa afluencia.

Tendo en conta isto, e dada a necesidade de mellorar e crear novos produtos turísticos, esta liña de actuación aposta por reforzar o turismo cultural mellorando e ampliando a oferta museística de Santiago mediante a creación de novos museos tales como o Museo da Cidade, o Museo da Psiquiatría, Medicina e Farmacia, o Museo da Fotografía, o Museo de Monicreques e unha Rede de Museos Virtuais que faciliten o acceso virtual aos museos da Cidade.

Actuacións

- Elaboración dun plan estratéxico de museos, para optimizar e aproveitar o elevado potencial museístico que ten a cidade.
- Creación do Museo e Centro de Interpretación da cidade, incorporando elementos diferenciais como a súa tradición literaria (con especial atención á figura de Valle-Inclán pola súa vinculación e influencia na cidade).
- Creación do Museo da Psiquiatría, Medicina e Farmacia, áreas de coñecemento de ampla tradición na Universidade de Santiago e que se situará nun dos pavillóns psiquiátricos de Conxo.
- Creación do Museo da Fotografía que acolla exposicións e proxectos de artistas de fotografía e traballos relacionados con temas de artes visuais.
- Creación do Museo de Monicreques, concibido como un espazo que recolla o patrimonio inmaterial existente, acolla a produción e didáctica ao mesmo tempo que sirva para a súa exhibición.
- Xeración dunha rede de museos virtuais, dixitalizando os contidos museísticos da cidade para facilitar unha visita virtual a estes.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Institucións e entidades xestoras dos museos da Cidade
- Universidade de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia
- Ministerio de Cultura e Deporte do Goberno de España

Plans / estratexias de referencia

- Plan estratéxico de turismo de Santiago de Compostela 2017-2022
- Plan de sostibilidade turística de Santiago de Compostela.

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
x	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	x	Máis de 3.000.000,00 €	

Indicadores de seguimento AUE

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos de patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

7.7. RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PATRIMONIAIS PARA USO CULTURAL

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.2. Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores clave da economía local
Obxectivos relacionados AUE	OE2
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 5. Educación, patrimonio e cultura.
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB4.5. Fortalecer os ecosistemas sociais e culturais de Santiago OB5.3. Xerar novos atractores a través da recuperación de patrimonio natural e cultural e a posta en marcha de iniciativas de carácter cultural fóra dos puntos máis saturados turisticamente

Carácter

- Planificación
- Financiamento

Descrición

O Diagnóstico da AUS identifica que Santiago de Compostela conta con importantes espazos patrimoniais dispoñibles ou infrautilizados que poden ser aproveitados en beneficio da cidade.

Esta liña de actuación, que se aliña coa Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032, pretende a identificación de espazos patrimoniais xunto con outros infrautilizados, en áreas urbanas ou periféricas, como base de novas propostas culturais, de residencias de artistas internacionais e de novos intercambios culturais.

Trátase, por tanto, de cubrir novos obxectivos como a xeración de novos produtos culturais, o intercambio e diálogo intercultural entre artistas, a implicación dos axentes locais no modelo, a posta en valor de infraestruturas culturais infrautilizadas ou periféricas, e a xeración doutros fluxos turísticos que desconxestionen as zonas máis saturadas, conseguindo, así mesmo, un turismo de máis calidade que alargue a súa permanencia na cidade.

Esta actuación contribuirá á promoción das industrias culturais e das expresións artísticas (teatro, cinema, artes plásticas, música, maxia...) como especificidade de Compostela e elemento de dinamización económica.

Actuacións

- Plan de identificación de espazos e infraestruturas patrimoniais en desuso ou infrautilizados en áreas urbanas e periféricas.
- Rehabilitación e recuperación dos espazos identificados
- Plan de usos culturais para implementar nos espazos e infraestruturas patrimoniais identificadas, así como en prazas e espazos públicos da cidade.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Consorcio de Santiago de Compostela
- Axentes culturais locais

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032
- Plan estratéxico de turismo de Santiago de Compostela 2017-2022
- Plan de sostibilidade turística de Santiago de Compostela.

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
x	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	x	Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

1.2.2. Orzamento das actuacións previstas de mellora e/ou conservación do patrimonio natural e cultural, incluíndo as encamiñadas á mellora da conexión urbana-rural.

1.2.3. Superficie de edificios ou lugares pertencentes ao patrimonio cultural rehabilitados ou mellorados.

2.6.2. Superficie de edificios suxeitos a actuacións de rehabilitación.

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos de patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

7.8. SOSTIBILIDADE DA ESTRATEXIA TURÍSTICA DE SANTIAGO

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.2. Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores clave da economía local
Obxectivos relacionados AUE	OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS 11
Dimensión Agenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 5. Educación, patrimonio e cultura.
Obxectivo Agenda Urbana 2030 Santiago	OB5.3.Xerar novos atractores a través da recuperación de patrimonio natural e cultural e a posta en marcha de iniciativas de carácter cultural fóra dos puntos máis saturados turisticamente.

Carácter

- Planificación
- Financiamento

Descrición

Santiago de Compostela é un dos principais destinos culturais de España e de Europa e unha referencia mundial polo Camiño de Santiago, que destaca pola súa declaración de Patrimonio Mundial pola Unesco ou ser a Capital Cultural de Europa. Santiago de Compostela foi declarada en 1985 Patrimonio Cultural da Humanidade pola Unesco e tamén é un importante destino turístico a nivel galego.

Esta singularidade fai que o turismo teña unha omnipresencia no modelo de cidade consecuencia da elevada presión turística á que está sometida. Este feito ocasiona que absorba de forma acelerada problemas que xorden nun contexto de turistificación: proliferación de vivendas turísticas que incrementan o prezo da vivenda e desprazan as persoas novas e grupos sociais vulnerables do centro urbano; cambios acelerados de usos en determinadas zonas da cidade; atomización de zonas de espaxamento no centro urbano; expulsión de funcións residenciais; masificación e saturación turística; banalización da paisaxe histórica urbana; presión sobre o patrimonio; ou o fenómeno da xentrificación turística, que supón a substitución de negocios tradicionais, necesarios para a vida cotiá das persoas residentes dunha cidade, por negocios destinados ao turismo e inútiles para as necesidades da poboación residente, o que ten como consecuencia máis directa un despoboamento da zona.

O diagnóstico da AUS identifica o *overtourism* como un reto xeneralizado para a cidade, xa que afecta a boa parte dos ámbitos de xestión desta. O Concello de Santiago de Compostela é consciente da ameaza que supón o fenómeno do *overtourism* para a vida na cidade, e por iso leva tempo implementando medidas para paliar os seus efectos adversos na urbe. Estas medidas vertébranse en dous eixes principais: o control dos pisos turísticos e a xestión sostible do turismo que visita a cidade. Para este segundo eixe, a ferramenta principal é o Plan de sostibilidade turística para a cidade de Santiago

de Compostela, cuxa memoria, de 2020, toma en consideración os aspectos mencionados e establece os seguintes retos: descentralización turística, desestacionalización da demanda, sostibilidade do feito turístico e inversión do fenómeno de xentrificación turística.

Esta liña de actuación incorpora un conxunto de accións encamiñadas a garantir a sostibilidade da estratexia turística de Santiago:

Por unha banda, propónse unha estratexia de desconcentración da actividade turística para aliviar a presión do turismo sobre o centro, definindo dunha rede de puntos ou nodos de centralidade turística de acollida de visitantes, complementaria á existente e formada por elementos patrimoniais situados no territorio da periferia municipal e metropolitana, onde tamén se poidan levar a cabo accións de recuperación do patrimonio cultural e etnográfico.

Tamén se incorpora a elaboración dun plan de mobilidade turística sostible e xestión dos usos do espazo público na cidade histórica, que permita unha mellor xestión do destino e que complementa o proxecto Smartiago.

Prevese tamén a posta en marcha de novos produtos turísticos, que inclúe as medidas para a creación e consolidación dos produtos clave no posicionamento do destino. Neste sentido, é necesario potenciar as posibilidades do turismo interno, reforzando o coñecemento do patrimonio de Santiago de Compostela, tanto a nivel local como comarcal. Para iso, crearanse programas de coñecemento e valorización do patrimonio e a cultura composteláns, dirixidos tanto a visitantes do ámbito de Galicia como do propio municipio de Santiago e a súa comarca.

Impulsarase un pacto local para o desenvolvemento dun turismo sostible, equilibrado, seguro e responsable en Santiago de Compostela como resultado dun proceso de participación.

Ademais, promoveranse campañas de sensibilización destinadas a turistas orientada a conservar e respectar tanto o patrimonio de Santiago como a calidade de vida da poboación local.

Por último, cómpre destacar a implantación dunha taxa turística en Santiago de Compostela. Os ingresos derivados da devandita taxa irán destinados ao fomento e ao desenvolvemento dun turismo sostible, así como a sufragar os gastos relacionados coa xestión do turismo (mellora da infraestrutura urbana, mantemento do patrimonio histórico etc.).

Actuacións

- Rede de nodos de centralidade turística de acollida de visitantes despregados na periferia municipal e orientados á descentralización turística.
- Plan de mobilidade turística sostible e de xestión dos usos do espazo público no centro histórico.
- Creación de novos produtos turísticos (plan de visitas guiadas nocturnas a espazos menos habituais desde o punto de vista turístico). Creación de programas específicos de coñecemento e valorización do patrimonio e a cultura composteláns, dirixidos tanto a visitantes do ámbito de Galicia como do propio municipio de Santiago e a súa comarca.

- Pacto local para o desenvolvemento dun turismo sostible, equilibrado, seguro e responsable en Santiago de Compostela.
- Campaña de sensibilización destinada a turistas e orientada a conservar e respectar tanto o patrimonio de Santiago como a calidade de vida da poboación local.
- Implantación dunha taxa turística.

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia
- Consorcio de Santiago de Compostela
- Turismo de Santiago de Compostela
- Axentes turísticos locais

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032
- Plan estratéxico de turismo de Santiago de Compostela 2017-2022
- Plan de sostibilidade turística de Santiago de Compostela.

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	x	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
x	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €		

Indicadores de seguimento AUE

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

7.9. SANTIAGO CIDADE EMPREENDEDORA E DE ECONOMÍA SOCIAL

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica
Obxectivos relacionados AUE	OE6
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS10, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 1. Diversificación económica
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB1.1. Diversificar as bases económicas da cidade, a través da aposta pola innovación, a tecnoloxía, a cultura e a economía circular, para equilibrar o peso dos sectores económicos en PIB, emprego e VAB.

Carácter

-Financiamento

Descrición

A pesar de que Santiago presentou en outubro de 2024 un dos **mellores datos de emprego da súa historia con 40 904 persoas afiliadas**, a **taxa media de crecemento empresarial** dos últimos 10 anos na cidade (non se inclúen valores de 2021 por non estar dispoñibles) presenta un **valor negativo**, do mesmo xeito que ocorre en Galicia.

Esta situación fai que o **impulso do emprendemento local sexa un dos grandes retos da cidade**, tanto pola creación e o estímulo de novas empresas como por ser unha fórmula de inserción laboral. Por iso a **Estratexia de Emprego e Plan de Emprego de Santiago** recolle un eixe específico asociado ao emprendemento (**fomento do emprendemento con especial incidencia na economía social**) que incorpora dous obxectivos específicos: visibilizar e sensibilizar sobre a economía social, e favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral.

Esta aposta estratéxica do Concello de Santiago pola **economía social como fórmula de emprendemento colectivo e responsable** non só se reflicte na propia Estratexia de Emprego da cidade, senón que o Concello pertence á Rede Eusumo de Galicia para o impulso e a divulgación da economía social. Así, organiza diferentes accións de asesoramento e formación como entidade socia e foi capital española de economía social no ano 2022, polo que promove diferentes programas e eventos para dar a coñecer a economía social e situala como a mellor forma de crear empresas con valores.

Complementariamente, no diagnóstico da AUS identifícase como reto a promoción dunha **economía vinculada ao desenvolvemento do potencial endógeno** de Santiago e **que dea respostas ás necesidades propias do municipio**, o que favorece unha economía relacionada co medio natural, a sostibilidade e a economía circular, e aos retos urbanos.

O Concello de Santiago de Compostela, coordinado desde a área de Promoción Económica, creou distintos **instrumentos de impulso ao emprendemento**. Un dos máis importantes é Uninova, empresa do Concello de Santiago destinada a ofrecer asesoramento, aceleración e soporte á creación de iniciativas empresariais fortemente innovadoras e que conta cun punto de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT), concedido polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en 2010. Desde Uninova coordínanse tamén distintos proxectos europeos orientados ao emprendemento e á creación de empresas. Outro dos instrumentos de interese é o **Servizo de Apoio á Empresa (SAE)** que opera como un servizo integral de apoio ao tecido empresarial, ao comercio e ás persoas emprendedoras de Santiago. Este servizo está situado no **Centro de Recursos e Servizos Integrais de Apoio á Empresa (Cersia)**, un centro municipal que acolle numerosos programas formativos e de asesoramento a empresas e persoas emprendedoras.

Neste contexto o **obxectivo da liña de actuación** é promover o emprendemento a través do impulso de diferentes programas para dar resposta aos retos de fomentar unha economía vinculada ao desenvolvemento do potencial endóxico de Santiago e que responda ás necesidades de Santiago mediante a creación e o impulso de empresas de economía social.

Un destes programas será a creación dunha **aceleradora urbana de economía social** que atenda retos que afectan á cidade e que poderían ser extrapolables a outros contornos (turismo sostible, patrimonio cultural, economía de proximidade, loxística de última milla en centros históricos, mobilidade urbana sostible, cidade conectada, cidade saudable, economía dos coidados etc.).

Os obxectivos desta aceleradora serán fomentar que o **emprendemento innovador** se oriente a atender os retos da cidade, así como atraer talento emprendedor en economía social que queiran desenvolver a súa actividade na cidade de Santiago.

A través de Uninova, pola súa experiencia na coordinación e xestión de programas de aceleración e incubación, e en colaboración coa USC, aproveitando o potencial de coñecemento, crearase un ecosistema propicio para lanzar este ambicioso programa de emprendemento que sitúe a cidade entre o reducido grupo de capitais emprendedoras que compiten por atraer e reter o talento.

Esta aceleradora estruturarase en **tres grandes fases**:

- **Atracción:** unha vez asegurado que se conta co ecosistema propicio para fomentar o emprendemento, será de especial importancia a organización dunha ampla convocatoria de proxectos emprendedores que se aliñen cos retos urbanos identificados.
- **Desenvolvemento:** facilitaráselles aos proxectos de emprendemento servizos de asesoramento e formación en economía social, aceleración, financiamento e networking.
- **Retención:** posibilitarase a hospedaxe das persoas emprendedoras (Uniempredia, Cersia, Sionlla etc.).

Outra das accións previstas nesta liña de actuación **será a posta en marcha da Factoría C, un espazo de incubación dedicado á creación artística, á incubación de**

empresas e entidades culturais e creativas e á planificación estratéxica das políticas culturais. Esta factoría ten como obxectivo a promoción e o fomento da cultura emprendedora e a economía sostible no ámbito das artes escénicas e audiovisuais. Ao ser unha factoría, traballaranse **ideas ou proxectos en fase semente** a través de servizos de apoio (asesoramento/formación) para que estas ideas se transformen en **proxectos empresariais**. Ademais, esta factoría garantirá a capacitación e o desenvolvemento persoal e profesional de persoas emprendedoras con valores.

A Factoría, ademais, garantirá espazos de cocreación a través da disposición de zonas de coworking, para o aloxamento e o traballo conxunto das persoas emprendedoras; laboratorios de experimentación e prototipado, para o desenvolvemento de produtos audiovisuais e escénicos antes de lanzalos ao mercado; xeración de redes colaborativas, mediante a creación dunha cooperativa de servizos culturais que permita establecer sinerxías entre os seus membros, compartir servizos xerais, promover proxectos conxuntos etc.

A liña de actuación tamén incorpora un programa de **emprendemento verde** dedicado ao medio natural, enerxías renovables, eficiencia enerxética, ecoinnovación, ecodeseño ou optimización de recursos naturais de Santiago de Compostela. Esta iniciativa estará dirixida tanto a empresas como a emprendedores, que se beneficiarán dun programa de tutoría, talleres formativos e sesións de networking co sector, para o cal se buscará a colaboración con clústeres e centros tecnolóxicos galegos, como son o Clúster da Biomasa, o Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (Viratec), o Clúster de Enerxías Renovables ou o Centro Tecnolóxico EnergyLab, entre outros.

Así mesmo, apostarase por un **programa específico de emprendemento ligado á recuperación de oficios tradicionais**. Este programa incluírá unha primeira fase previa de carácter formativo, na que se porán en marcha talleres, de carácter eminentemente práctico, a través dos que as persoas participantes poderán aprender un oficio asociado ás tradicións locais. Nunha segunda fase facilitarase asistencia e apoio a todas as persoas emprendedoras que queiran pór en marcha un negocio vinculado a estes oficios tradicionais.

Por último, crearase a primeira **aceleradora de inserción social e laboral** de Galicia. Na evolución dos países occidentais a unha economía do coñecemento e a tecnoloxía, a creatividade e a innovación adquiren un carácter de factores tractores do crecemento. **As persoas con diversidade funcional enfróntanse ao reto de aproveitar esta transición do modelo produtivo** para mellorar a súa inserción social e laboral e evitar a aparición de posibles gaps de carácter tecnolóxico ou dixital. Esta aceleradora de inclusión social avanza na promoción do coñecemento como vía de inclusión, tanto social como laboral, neste caso, por conta propia.

O obxectivo da aceleradora de inserción social e laboral é **promover o emprendemento como vehículo de transferencia de coñecemento inclusivo** e avanzar tanto na adopción de tecnoloxías innovadoras que melloren a calidade de vida dos colectivos con diversidade funcional, como na promoción de proxectos empresariais innovadores impulsados por persoas con discapacidade.

Este proxecto estruturarase en catro actividades, as dúas primeiras orientadas ao papel do coñecemento e os resultados de investigación como factores de mellora da vida das

persoas con necesidades especiais, e as dúas últimas como vías de promoción do emprendemento en persoas con diversidade funcional:

- **Actividade 1.- Mapa de capacidades de coñecemento inclusivo:** identificaranse capacidades e resultados de investigación de coñecemento inclusivo.
- **Actividade 2.- Incubación de proxectos empresariais de coñecemento inclusivo:** proporcionarase asesoramento, tutorización e recursos para a creación de empresas que transfiran ao mercado coñecemento inclusivo
- **Actividade 3.- Ferramentas de apoio a persoas emprendedoras con diversidade funcional:** desenvolveranse metodoloxías e ferramentas innovadoras de apoio específicas para as persoas emprendedoras, por exemplo, con discapacidade sensorial.
- **Actividade 4.- Aceleración de proxectos de promotores/as con diversidade funcional:** sensibilización, incubación e aceleración e actividades demostrativas que acompañen e que lle faciliten á persoa emprendedora con diversidade funcional o lanzamento do seu proxecto empresarial innovador cun alto compoñente de coñecemento.

Esta aceleradora colaborará estreitamente coa Universidade de Santiago, como xeradora de capacidades e coñecemento inclusivo, asociacións representativas de persoas con diversidade funcional, centros especiais de emprego e empresas de inserción.

Actuacións

- Aceleradora urbana de empresas de economía social que respondan os retos urbanos de Santiago
- Factoría C, un espazo dedicado á creación artística, á formación e ao asesoramento a persoas emprendedoras, empresas e entidades culturais e creativas, e á planificación estratéxica das políticas culturais
- Programa de emprendemento verde dedicado ao medio natural, enerxías renovables, eficiencia enerxética, ecoinnovación, ecodeseño ou optimización de recursos naturais de Santiago de Compostela
- Programa de emprendemento ligado á recuperación de oficios tradicionais.
- Aceleradora de inserción social e laboral

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Universidade de Santiago
- Asociacións de economía social
- Asociacións culturais e de artes escénicas
- Clústeres empresariais e centros tecnolóxicos asociados ao medio e enerxías
- Asociacións representativas de persoas con diversidade funcional
- Centros especiais de emprego e empresas de inserción
- Fundación laboral pola construción
- Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño

Plans / estratexias de referencia

- Estratexia de emprego e Plan de emprego de Santiago 2015 – 2020

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos	x	Máis de 8 anos	

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €	Entre 200.000 € e 1.000.000 €
X	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €		Máis de 3.000.000,00 €	

Indicadores de seguimento AUE

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

7.10 SANTIAGO NODO LOXÍSTICO DE MERCADORÍAS

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica
Obxectivos relacionados AUE	OE2, OE9
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS 11
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 1. Diversificación económica
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB1.1. Diversificar as bases económicas da cidade, a través da aposta pola innovación, a tecnoloxía, a cultura e a economía circular, para equilibrar o peso dos sectores económicos en PIB, emprego e VAB.

Carácter

-Financiamento

- Planificación

Descrición

A loxística é unha das actividades clave para a competitividade dos territorios e das súas industrias. A alta porcentaxe que esta actividade representa no escandallo de custos dos produtos industriais orixina que un sector loxístico cun bo desempeño a nivel de custos, cumprimento de prazos e baixa pegada de carbono ten unha incidencia directa e crecente na competitividade do tecido empresarial. Unha redución de custos loxísticos permitirá mellorar a eficiencia e a competitividade dos sectores produtivos e o acceso a novos mercados.

Tal e como recolle a Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia, para mellorar a competitividade territorial de Galicia é fundamental que a planificación loxística teña un carácter integral que optimice todos os procesos que desenvolven os axentes clave: empresas loxísticas e industriais; impulsores e xestores de grandes infraestruturas de transporte e viarias; entidades públicas con competencias en desenvolvemento económico, mobilidade, infraestruturas etc.

Esta transformación coordinada do sistema loxístico galego pasa por potenciar as capacidades loxísticas existentes e desenvolver as áreas con potencial de mellora: infraestruturas e nodos loxísticos, conectividade, contorno administrativo, servizos etc.

Neste contexto, Santiago de Compostela conta cun conxunto de atributos diferenciais para converterse nun nodo loxístico estratéxico de mercadorías para Galicia e referente no noroeste peninsular:

- Situar nunha posición xeoestratéxica privilexiada, conectada ás principais redes de estrada de Galicia (N-550, SC-21, AP9, AP-53, A-54) e a menos de 100 quilómetros dos cinco portos do estado en Galicia, principal vía loxística do noroeste peninsular.
- Dispor dunha das seis plataformas loxísticas intermodais de Galicia, o Parque Empresarial da Sionlla. Nacido como prolongación natural dos polígonos do Tambre e Costa Vella, este parque empresarial ten como punto forte a súa facilidade de comunicación e capacidade para albergar un centro loxístico de transporte e almacenaxe. Dispón dunha superficie de 1 382 799 m².
- Ter un aeroporto incluído na Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T) como rede global que conta cunha terminal de carga aérea.
- Beneficiarse dunha rede ferroviaria intermodal.
- Contar con diferentes polígonos industriais: Polígono Industrial do Tambre, Polígono Industrial de Boisaca, Cidade do Transporte de Santiago, Parque Empresarial Costa Vella e Parque Empresarial da Sionlla.
- Ter capacidade tecnolóxica e de innovación a través dos centros de investigación e innovación da Universidade de Santiago (CITIC, GSI, Biotecnoloxía ambiental, CESGA etc.).
- Dispor de centros de coñecemento xeradores de talento, como son a Universidade de Santiago de Compostela e o IES A Pontepedriña con formación específica en loxística.
- Contar cunha folla de ruta definida, o Acordo da Sionlla, para o impulso de actividades que favorezan a reindustrialización e o impulso e asentamento de pemes ao redor dos sectores estratéxicos da cidade (biotecnolóxico, madeira e TIC como actividade transversal).

Polo tanto, esta liña de actuación trata de afianzar o posicionamento de Santiago de Compostela como nodo loxístico de mercadorías de Galicia e referente no Eixo Atlántico e no noroeste peninsular que contribuirá a afianzar o sistema loxístico galego e a incrementar a competitividade do tecido industrial de Santiago, así como atraer investimentos empresariais e proxectos industriais de alto compoñente loxístico.

Actuacións

- Creación dunha plataforma loxística de mercadorías no polígono do Tambre.
- Promoción de novo solo industrial loxístico.
- Construción de infraestruturas de conectividade que favorezan a multimodalidade, como o novo enlace Orbitaliño que enlazará A Sionlla co Polígono de Costa Vella.
- Posta en marcha doutras actividades e investimentos orientados a promover o nodo loxístico de Santiago de Compostela

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia
- Clúster da Función Loxística de Galicia
- Universidade de Santiago
- Asociación Área Empresarial do Tambre
- Clústeres empresariais e centros tecnolóxicos asociados a sectores industriais

Plans / estratexias de referencia

- Acordo para a reindustrialización de Compostela (Acordo da Sionlla)
- Plan xeral de ordenamento municipal
- Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS)
- Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia
- Plan director do sector da loxística industrial
- Estratexia Loxística de Galicia 2020-2028 de definición do conxunto de infraestruturas prioritarias para a competitividade do Corredor Atlántico de Mercadorías.
- Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE)

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
x	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50 000 €		Entre 50 000 € e 200 000 €		Entre 200 000 € e 1 000 000 €
	Entre 1 000 000 € e 3 000 000 €		Máis de 3 000 000,00 €	X	

Indicadores de seguimento AUE

3.2.2. Redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro (GEI) e do número de días en que se superan os límites de calidade do aire.

5.1.1. Dispónse na cidade de plans de transporte ao traballo (PTT) para racionalizar os desprazamentos aos principais centros de traballo?

5.1.2. Distribución modal das viaxes (todos os motivos) na área urbana.

5.2.1. Dispónse dun plan de mobilidade urbana sostible (PMUS) na cidade?

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

7.11. COMPOSTELA EMPREGA E IMPULSA TALENTO

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 7. Impulsar e favorecer a economía urbana
Obxectivo específico AUE	OES 7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica
Obxectivos relacionados AUE	OE6
Obxectivos relacionados ODS	ODS 8, ODS10, ODS 11
Dimensión Agenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 1. Diversificación económica
Obxectivo Agenda Urbana 2030 Santiago	OE1.1. Diversificar as bases económicas da cidade, a través da aposta pola innovación, a tecnoloxía, a cultura e a economía circular, para equilibrar o peso dos sectores económicos en PIB, emprego e VAB IMPULSO E REVITALIZACIÓN COMERCIAL OE 1.2. Impulsar o polo de innovación biotecnolóxico de Santiago

Carácter

- Financiamento
- Formación, difusión, intercambio de coñecemento

Descrición

Santiago de Compostela rexistrou en outubro de 2024 (último dato dispoñible) 40 904 persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral (87,5 % pertencentes ao sector servizos) e 3683 persoas paradas (75,8 % pertencentes ao sector servizos).

A pesar destas boas cifras, tal e como reflicte o documento de diagnóstico elaborado na primeira fase da Axenda Urbana de Santiago de Compostela, constatouse nas últimas décadas unha saída de poboación, maioritariamente xente nova e ben preparada, na procura de mellores oportunidades de emprego e vida. A volta das persoas que marcharon e a retención das que permanecen pasa, necesariamente, por adaptar e enfocar políticas en clave local que contribúan a este feito. Falamos, por exemplo, de apostar por políticas que melloren a situación do acceso á vivenda, pero tamén por políticas que favorezan unha saída laboral e empregos de calidade. Polo tanto, accións formativas e de promoción, retención e atracción de talento son, pois, vectores desta aposta, que porá especial énfase no talento feminino. Neste campo, a política local, xunto coa autonómica e a da Universidade de Santiago de Compostela, deben adaptar a oferta das titulacións ás necesidades existentes e que contribúan á estratexia industrial local reflectida no Acordo da Sionlla. Debe haber unha aposta pola dualidade tanto na universidade como na Formación Profesional e por unha universidade que persiga reter o talento e investir na investigación da que esta xente nova é protagonista.

Deste xeito, e en conexión co tecido empresarial da cidade, será posible forxar un tecido produtivo forte e de futuro que reteña e atraia poboación á cidade.

No marco destas políticas, cómpre tamén promover actuacións específicas para incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas a través da mellora das condicións de acceso ao mercado laboral, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades de inserción.

Esta liña de actuación está aliñada coa liña *Santiago cidade emprendedora e de economía social*, que incorpora accións innovadoras e de emprendemento, que ten en conta as especificidades do emprendemento feminino, así como unha protección especial para o comercio local e o reforzo dos sectores estratéxicos da cidade.

Actuacións

- Actuacións formativas e de promoción, retención e atracción de talento, con especial énfase na aposta do talento feminino
- Actuacións de inserción e orientación laboral, dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas con especial atencións aos colectivos con maiores dificultades de inserción
- Outras accións facilitadoras de acceso ao mercado de traballo (programas de orientación laboral, obradoiros de emprego, programas formativos e de asesoramento adaptado e especializado, promoción do emprego etc.).

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Universidade de Santiago de Compostela
- Xunta de Galicia
- Asociacións de economía social
- Asociacións culturais e de artes escénicas
- Clústeres empresariais
- Asociacións representativas de persoas con diversidade funcional
- Centros especiais de emprego e empresas de inserción
- Fundacións laborais

Plans / estratexias de referencia

- Pacto Local polo Emprego (PALE)
- Libro Branco do Talento
- Estratexia de emprego e Plan de emprego de Santiago 2015 – 2020

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano	Entre 1 e 2 anos	Entre 2 e 5 anos
	Entre 5 e 8 anos	Máis de 8 anos	x

Orzamento estimado

	Menos de 50 000 €	Entre 50 000 € e 200 000 €	Entre 200 000 € e 1 000 000 €
X	Entre 1 000 000 € e 3 000 000 €	Máis de 3 000 000,00 €	

Indicadores de seguimento AUE

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible

6.2.3. Orzamento investido en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades desde o punto de vista social, económico e ambiental

OE8. GARANTIR O ACCESO Á VIVENDA

8.1. PROGRAMA DE ACCESO Á VIVENDA

Aliñación estratéxica

Obxectivo estratéxico AUE	OE 8. Garantir o acceso á vivenda
Obxectivo específico AUE	OES 8.1. Fomentar a existencia dun parque de vivenda adecuado a prezo asumible OES 8.2. Garantir o acceso á vivenda, especialmente dos colectivos vulnerables
Obxectivos relacionados AUE	OE6
Obxectivos relacionados ODS	ODS1, ODS10, ODS11, ODS 13
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 4. Diversidade, cohesión social e inclusión.
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB4.3. Garantir o acceso á vivenda por parte da poboación máis vulnerable, así como do estudantado. OB4.4. Facilitar a convivencia coas vivendas turísticas e evitar que a súa proliferación acabe por expulsar a poboación local do centro da cidade.

Carácter

-Financiamento

-Gobernanza

Descrición

O desenvolvemento urbano de Santiago de Compostela desde a aprobación do Plan xeral de 1990 caracterizouse por un forte protagonismo da iniciativa pública na xestión do solo, tanto de vivenda como de actividades económicas. A empresa Emuvissa (empresa pública de vivenda) foi disolta polo Concello a finais do ano 2012, co que a cidade renunciou a un dos seus principais instrumentos para a intervención no mercado de solo e da vivenda. Vinculado a isto, cómpre sinalar que Santiago de Compostela é, a día de hoxe, a cidade de Galicia con maior número de cooperativas de vivenda activas: 32 no municipio de Santiago (un terzo das rexistradas en Galicia). A existencia dun tecido social cooperativo en materia de vivenda pode ser un facilitador clave para a implantación futura de novas iniciativas deste tipo.

Neste sentido, no diagnóstico estratéxico da AUS evidénciase a necesidade de crear instrumentos que permitan despregar políticas públicas de vivenda e que integren e fomenten o tecido asociativo.

Pero tamén se poñen de manifesto outros elementos de relevancia en materia de vivenda que permiten avanzar outros retos que se deben abordar ao abeiro desta liña de actuación:

O encarecemento do prezo da vivenda está a expulsar parellas novas con fillos/as a outros municipios da periferia metropolitana. Ademais, existen determinados grupos

poboacionais con dificultade de acceso á vivenda. Por outra banda, existen solos programados polo Plan xeral sen desenvolver e, segundo o censo, hai unha bolsa de vivendas baleiras que supón o 17 % do parque residencial. O reto é aumentar o parque de vivendas, ben sexa mediante a xestión de novos solos ou mediante a mobilización de vivenda baleira. En ambos os casos requírese o establecemento de fórmulas e instrumentos de xestión que favorezan a creación dun parque público de vivenda en alugueiro que permita arrefriar as subidas de prezos e o acceso á vivenda de colectivos vulnerables.

As novas tipoloxías de familia, caracterizadas por un menor tamaño medio do fogar e por relacións máis cambiantes, fan necesario **xerar novos tipos de vivenda e compor unha oferta máis diversificada tipoloxicamente**, a través de novos desenvolvementos ou mediante **a transformación do parque existente** na cidade consolidada. Trátase de introducir **criterios de diversidade social** nos espazos onde actúe a iniciativa pública de forma directa ou indirecta.

A pesar dos grandes esforzos levados a cabo nas últimas décadas, aínda quedan bolsas de vivenda en mal estado en áreas como o centro histórico ou a avenida de Lugo, entre outras, correspondentes aos tecidos urbanos anteriores á década de 1980. Por iso, é necesario continuar e ampliar os programas de axudas públicas que permitan a mellora da eficiencia enerxética e da accesibilidade universal ás vivendas para evitar que nos procesos de rehabilitación se produza un desprazamento dos residentes por outros de maior poder adquisitivo.

Por último, cómpre protexer o uso residencial como prioritario nas zonas sometidas a presión turística. Existe un risco de turistificación do centro histórico que se está estendendo a outras áreas adxacentes e que se pode ver favorecido pola expulsión das persoas novas e dos grupos sociais vulnerables das áreas centrais da cidade, producindo unha retroalimentación moi negativa para poder manter a vitalidade social e urbana da cidade.

Esta liña de acción 8.1. contribúe a dar resposta a estes retos a través das seguintes actuacións:

-Recuperación da empresa pública de vivenda municipal, co principal obxectivo de facilitar o dereito a unha vivenda adecuada da poboación compostelá, tendo en conta as súas necesidades actuais. Para iso, ademais de promover a construción de vivendas de prezo asumible destinadas ao alugueiro social, poderá desenvolver as seguintes actuacións:

-Fomento das cooperativas para a construción de vivendas, en especial as orientadas a facilitar solucións de *cohousing* para persoas maiores.

-Fomento das cooperativas de vivenda en cesión de uso.

-Plan de impulso do alugueiro de vivenda de propiedade municipal, consistente en pór en contacto persoas que necesitan unha vivenda en alugueiro coas que a posúen e están interesadas en arrendala, prestándolles asesoramento profesional e achegándolles garantías.

-Programa de mobilización de vivendas baleiras.

-Programa de axudas á rehabilitación e mellora enerxética de vivendas.

-Impulso do rexistro de soares para garantir a conservación e o uso de inmobles xa construídos.

- Programa especial de resposta ás necesidades das persoas que integran os colectivos máis vulnerables.
- Desenvolvemento de medidas de control para evitar a proliferación das vivendas de uso turístico no núcleo urbano.
- Adquisición e rehabilitación de inmobles con destino a vivenda pública en alugueiro
- Actuacións de disciplina urbanística para garantir o cumprimento do deber legal de conservación, mantemento, rehabilitación e uso das edificacións.
- Actuacións de disciplina urbanística para garantir o cumprimento da normativa relativa ao uso turístico do parque residencial

Actuacións

- Recuperación da empresa pública de vivenda municipal.
- Fomento das cooperativas para a construción de vivendas, en especial as orientadas a facilitar solucións de *cohousing* para persoas maiores.
- Fomento das cooperativas de vivenda en cesión de uso.
- Plan de impulso do alugueiro de vivenda de propiedade municipal, consistente en pór en contacto persoas que necesitan unha vivenda en alugueiro con aquelas que a posúen e están interesadas en arrendala, prestándolles asesoramento profesional e achegándolles garantías.
- Programa de mobilización de vivendas baleiras.
- Programa de axudas á rehabilitación e mellora enerxética de vivendas.
- Impulso do rexistro de soares para garantir a conservación e o uso de inmobles xa construídos.
- Programa especial de resposta ás necesidades das persoas que integran os colectivos máis vulnerables.
- Desenvolvemento de medidas de control para evitar a proliferación das vivendas de uso turístico no núcleo urbano.
- Adquisición e rehabilitación de inmobles con destino a vivenda pública en alugueiro
- Actuacións de disciplina urbanística para garantir o cumprimento do deber legal de conservación, mantemento, rehabilitación e uso das edificacións.
- Actuacións de disciplina urbanística para garantir o cumprimento da normativa relativa ao uso turístico do parque residencial

Axentes implicados

- Concello de Santiago de Compostela
- Instituto Galego de Vivenda e Solo
- Cooperativas promotoras

Plans / estratexias de referencia

- Plan xeral de ordenación municipal

Prazo de execución

	Inferior a 1 ano		Entre 1 e 2 anos		Entre 2 e 5 anos
X	Entre 5 e 8 anos		Máis de 8 anos		

Orzamento estimado

	Menos de 50.000 €		Entre 50.000 € e 200.000 €		Entre 200.000 € e 1.000.000 €
	Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €	X	Máis de 3.000.000,00 €.		

Indicadores de seguimento AUE

2.6.1. Dispónse dalgún plan de rehabilitación dos edificios que realice un diagnóstico da súa situación e estableza prioridades e actuacións para impulsar a súa mellora?

8.1.3. Número de vivendas destinadas a alugueiro social a prezo asumible.

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

8.1.2. Número de vivendas suxeitas a réximes de protección incluídas nos plans locais de vivenda.

8.2.1. Dispónse dun plan de axudas para garantir o acceso á vivenda por parte dos fogares e colectivos máis vulnerables, cunha particular atención á mocidade, maiores e persoas afectadas por procesos de desafiuzamento?

8.2.2. Número de persoas beneficiarias dos programas incluídos en plans públicos de vivenda.

OE9. LIDERAR E FOMENTAR A INNOVACIÓN DIXITAL

9.1. Santiago Dixital-Smart City	
<u>Aliñación estratéxica</u>	
Obxectivo estratéxico AUE	OE 9. Liderar e fomentar a innovación dixital
Obxectivo específico AUE	OES 9.1. Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar cara ao desenvolvemento das cidades intelixentes (<i>smart cities</i>) OES 9.2. Fomentar a Administración electrónica e reducir a fenda dixital
Obxectivos relacionados AUE	OE5, OE4
Obxectivos relacionados ODS	ODS6, ODS7, ODS11, ODS 13
Dimensión Axenda Urbana 2030 Santiago	DIMENSIÓN 1. Diversificación económica
Obxectivo Axenda Urbana 2030 Santiago	OB1.1. Diversificar as bases económicas da cidade, a través da aposta pola innovación, a tecnoloxía, a cultura e a economía circular, para equilibrar o peso dos sectores económicos en PIB, emprego e VAB.
<u>Carácter</u>	
✓ Financiamento	
<u>Descrición</u>	
